

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 31 DE XANEIRO DE

2013

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta e un de xaneiro de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asisten, con escusa, don José Antonio Orosa Fernández, de UxC, e dona M^a Olga Santos López, de EU.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2012, á sesión ordinaria do día 29 de novembro de 2012 e á sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2012

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2012, á sesión ordinaria do día 29 de novembro de 2012 e á sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2012.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, do PSdeG-PSOE, manifesta que quere facer unha modificación ao borrador da acta de data 27 de setembro de 2012. Na páxina 25 da acta, eliminar o 5º parágrafo onde dicía: "O Sr. alcalde volve a chamar a atención a dona Margarita Iglesias Pais", substiuíndolo pola frase: "Dona Margarita Iglesias Pais solicita unha cuestión de orde", e modificando o comezo do seguinte parágrafo que pasaría a dicir: "Toma a palabra o Sr. alcalde e pídelle á Sra. concelleira que lle permita, que como el non é avogado". Explica que se comprobou a redacción co audio da sesión.

Non se formulan máis alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores, coa modificación efectuada pola concelleira do PSdeG-PSOE ao borrador da acta do día 27 de setembro de 2012.

2º Proposta de aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal núm. 7, reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 25 de xaneiro de 2013, na que se propón a seguinte modificación do artigo 6.2 da Ordenanza fiscal núm. 7, reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas, segundo consta no anexo que se achega á proposta:

“Artigo 6º. – Tarifa

(...) 2. Cando o que realice a obra teña o carácter de asociación inscrita no Rexistro municipal de asociacións veciñais ou, non tratándose de tales asociacións, o orzamento da obra non supere os 1.200,00 euros, a cota pola que se tributará será cero, excepto cando se trate de colocación de carteis visibles dende a vía pública, que será a que lle corresponda segundo o apartado anterior.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 29 de xaneiro de 2013, no que se modificou a proposta, ditaminándose favorablemente a modificación do apartado 2 do artigo 6, segundo se transcribe a continuación:

“Artigo 6º. – Tarifa

(...) 2. Cando o que realice a obra teña o carácter de asociación inscrita no Rexistro municipal de asociacións veciñais ou, non tratándose de tales asociacións, o orzamento da obra non supere os 1.200,00 euros, a cota pola que se tributará será cero.

No suposto de que se trate de colocación de carteis visibles dende a vía pública con fins comerciais, a cota será a que lle corresponda segundo o apartado un.”

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que tendo en conta a modificación que se realizou, a suxestión do seu grupo, no texto que se propoñía como artigo 6.2 da Ordenanza fiscal núm. 7, entenden que se distingue perfectamente o que é a colocación de carteis sen ánimo de lucro, que evidentemente estarían exentos cando sexan colocados por asociacións, ou por particulares se o seu importe é inferior a 1.200 euros, daqueles outros casos nos cales ese tipo de carteis son colocados por empresas que se dedican a esa actividade con carácter comercial. Entenden que nese sentido queda bastante máis claro, e o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai cambiar o voto emitido nas comisións, e tamén van votar a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que no mesmo sentido van cambiar o voto das comisións e van votar a prol. Cre que a ordenanza non satisface plenamente a ningún dos membros da Corporación, pero tamén pensa que é mellor unha ordenanza que ningunha ordenanza, de aí o seu voto a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, expón que o seu voto vai ser abstención, xa que estando en parte de acordo co que se acaba de manifestar no pleno, lembran que eles propuxeron que se pospuxera a aprobación da ordenanza, suxestión que non foi tida en conta por ningún dos grupos da Corporación.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que mantén o voto favorable da comisión informativa.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, o concelleiro presente de EU e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por dezasete votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal n.º 7 reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas, tal e como consta a continuación:

“Artigo 6º. – Tarifa

(...) 2. Cando o que realice a obra teña o carácter de asociación inscrita no Rexistro municipal de asociacións veciñais ou, non tratándose de tales asociacións, o orzamento da obra non supere os 1.200,00 euros, a cota pola que se tributará será cero.

No suposto de que se trate de colocación de carteis visibles dende a vía pública con fins comerciais, a cota será a que lle corresponda segundo o apartado un.”

Segundo: A citada ordenanza fiscal comezará a aplicarse a partir do día seguinte ao da súa publicación definitiva no *Boletín Oficial da Provincia* e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Terceiro: Expoñer ao público no taboleiro de edictos do concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da modificación da ordenanza fiscal durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no *Boletín Oficial da Provincia*. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza fiscal, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, o acordo adoptado quedará

definitivamente aprobado.

Cuarto: Publicar no *Boletín Oficial da Provincia* o acordo definitivo que, unha vez transcurrido o período de exposición pública procede adoptar, así como o texto da ordenanza fiscal aprobada.

3º Proposta de modificación do acordo adoptado polo Pleno da Corporación de data 27 de decembro de 2012, de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2013)

Vista a proposta do concelleiro delegado de Obras e Servizos de data 24 de xaneiro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda e pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo de data 29 de xaneiro de 2013.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que se trata de dedicar a gasto corrente a partida que estaba prevista para aforro e mellora da eficiencia enerxética, que era de 115.190 euros, dado que os técnicos da Deputación entenden que ese proxecto é unha subministración e non unha obra. Polo tanto, pasan esa partida a gasto corrente, co compromiso de acometer o proxecto con recursos propios do concello neste ano.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que van seguir a liña de votación que estableceron cando se aprobou por parte do Pleno o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, naquela votación abstivéronse, así que tamén o van facer na súa modificación.

Concedida a palabra aos voceiros dos grupos municipais de UxC, EU e BNG, todos eles manifestan que manteñen o voto das comisións e vanse abster.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el vai votar a prol, como xa fixo na comisión.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, o concelleiro presente de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a modificación do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, no que se recollen as obras que o concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
Renovación de firme nas parroquias de Santa María de Vigo, Pravio e outras, Cambre 2012	227.834,30 €	0,00 €	227.834,30 €
SUBTOTAL OBRAS	227.834,30 €	0,00 €	227.834,30 €

Aprobar o proxecto da obra incluída na anualidade 2013 e que se relaciona nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	164.258,52 €
---	--------------

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	227.834,30 €	0,00 €	227.834,30 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	164.258,52 €	0,00 €	164.258,52 €
TOTAL	392.092,82 €	0,00 €	392.092,82 €

Segundo: Aprobar o Plan complementario do ano 2013 no que se inclúe a obra que a continuación se indica e aprobar o correspondente proxecto:

Denominación da obra	Presuposto
Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple, e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012	165.401,63 €
TOTAIS	165.401,63 €

Terceiro: Declarar que o concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto: Solicitar á excma. Deputación provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se producese efectivamente.

Quinto: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

Sexto: Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sétimo: Facultar expresamente ao Sr. alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4º Mocións ou propostas urxentes

A continuación, o Sr. alcalde explica que hai unha moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, que el considera que se trata dun rogo, non obstante, tendo en conta que xa lles foi entregado o informe elaborado pola secretaria xeral sobre o ROM, co fin de levar a cabo a súa nova redacción, vaíse dar lectura ao texto presentado polo grupo socialista.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaoto votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE respecto dos recortes en materia de Servizos Sociais

Rexistrada de entrada ao núm. 847 o día 26 de xaneiro de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“O risco de exclusión social é cada día maior no noso país. O aumento do desemprego provocou un aumento do número de fogares sen ningún tipo de ingresos.

Efectivamente, a día de hoxe, os fogares españois con todos os seus membros en paro son 1.737.600. Xa hai un millón e medio de parados que non cobran prestación; e hai máis de 300 desafuzamentos diarios. Un 21% da poboación en España vive por baixo do limiar da pobreza (INE 2012) e a infancia converteuse no colectivo máis afectado pola pobreza no noso país (2 millóns de nenos viven nesta situación).

Sen dúbida, a crise e os recortes están a afectar gravemente á cohesión social. A pobreza esténdese acadando tamén a clases medias, subitamente empobrecidas; e, ademais, intensifícase porque hai máis pobres, e estes teñen menos que antes. E o peor é que, ao non producirse ningún indicio de mellora, esta situación está a facerse crónica.

A pesar desta dramática situación, o PP non só non foi capaz de articular unha resposta positiva senón todo o contrario, dende o mesmo momento en que tomaron posesión, o goberno de Rajoy puxo en marcha unha política descontrolada de recortes

e axustes que está a provocar o desmantelamento dos servizos públicos básicos, agravando aínda máis a situación de moitos cidadáns.

Así, os fondos para programas que xestiona o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para menores infractores e para menores en situación de dificultade social e malos tratos (2 millóns euros), o Plan de Acción para persoas con Discapacidade (1,3 millóns euros) e os fondos para a teleasistencia (30 millóns euros) sumpríronse directamente dos Orzamentos xerais do Estado. Outros programas, como o Plan concertado, sufriron recortes brutais: 30 millóns de euros para 2013, o que supón unha diminución do 40% respecto de 2012 (entón destináronse ao redor de 50 millóns), e do 65% respecto do último orzamento do goberno socialista (2011).

O Plan concertado é un instrumento estatal fundamental para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais. Co fin de manter e desenvolver unha rede de servizos sociais de atención primaria, xestionada polas corporacións locais, o Estado cofinancia proxectos que teñen os seguintes obxectivos:

1. Proporcionar á cidadanía servizos sociais adecuados que permitan a cobertura das súas necesidades básicas.
2. Dotar de apoio económico e asistencia técnica ás corporacións locais para o desenvolvemento das súas competencias.
3. Consolidar e ampliar a rede básica de servizos sociais municipais, para desenvolver as prestacións de servizos sociais de atención primaria, entre as que se atopan a axuda a domicilio e a teleasistencia.

Nos últimos días, coñecemos a través dos medios de comunicación que o goberno central ten decidido retirar de todo a súa achega para financiar os servizos sociais dos concellos. Trátase dunha decisión que pon en perigo o futuro dos servizos sociais municipais no momento en que as familias necesitan máis axuda. Xusto neste momento, o goberno de Rajoy abandona o plan e deixa nunha situación moi difícil ás administracións locais e autonómicas para soste estes servizos básicos.

Por todo o anterior o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta para a súa votación en pleno as seguintes propostas de acordo:

Primeiro: Rexeitar os recortes realizados polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para sufragar a rede de servizos sociais comunitarios no orzamento de 2013.

Segundo: Instar ao Goberno de España a manter e soste un sistema público de servizos sociais de nivel primario que permita atender a toda a cidadanía e dar resposta á esixencia da Constitución Española de garantir unha serie de dereitos sociais e, por tanto, o exercicio da igualdade de oportunidades.

Terceiro: Esixir ao Goberno de España que repoña os fondos do Plan concertado e do programa de teleasistencia, como mínimo aos niveis de 2011, ademais dun compromiso financeiro de futuro destinado a garantir a viabilidade dos servizos sociais básicos.

Cuarto: Dar traslado dos presentes acordos ao presidente do Goberno de España, á Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, e ao presidente da Xunta de Galicia.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que poderían estar de acordo coa moción, pero o certo é que non o están, e quere explicalo, porque é moi sinxelo. É certo que houbo un recorte nos medios que o goberno central vai poñer a disposición das entidades locais, pero tamén é certo que as competencias ás que fai referencia a moción son competencias das entidades locais, así que eles poden optar por vivir de subvencións, ou poden asumir as súas propias responsabilidades, e esas responsabilidades son prestar unha serie de servizos.

Continúa explicando que el o que lles pode anunciar agora mesmo é que na proposta de orzamentos que van presentar non dentro de moito tempo, esas partidas en concreto vanse ver aumentadas un 43%. Por iso cre que en Cambre non se vai sufrir moito este tema, e se se sofre noutros concellos será porque se lle dará prioridade a outros servizos que non serán estes. Por iso el dixo ao principio que poderían estar de acordo con esa moción, porque efectivamente isto ten que ser unha prioridade, é competencia dos concellos, pero tamén é responsabilidade deles dotar os fondos para que se presten en condicións eses servizos. Di que o Concello de Cambre non só ten previsto mellorar a prestación deses servizos, senón que tamén ten creado outro, como é a despensa de alimentos, tamén fixo as negociacións para que se poida instalar a Cruz Vermella no concello, ou sexa, si que se van a mellorar os servizos para os veciños de Cambre, e por todo isto eles non poden estar de acordo en reclamar ao goberno central nin á Xunta que lles dean máis axudas para cumprir coas súas obrigas, porque é a súa obriga, eles cumprirán con ela, e non só iso, senón que aumentarán substancialmente un 43% o orzamento.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que a moción, como o voceiro do PP ben pode entender, atende a un principio de solidariedade con todas aquelas persoas que o están pasando mal. Di que celebra o incremento ao que se fixo referencia e agarda poder velo, pero tamén lle di que lle parece un luxo que eles, que beben das decisións que se toman en Madrid, se poidan permitir o luxo de comprometer diñeiro doutras partidas para segundo que servizos. Parécelle que non ten moito sentido a xustificación que fixo o voceiro do PP.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre responde que entón entrarían a falar doutra cuestión, como é o sistema de financiamento das administracións locais, onde cre que están todos de acordo en que hai que mellorar. Eles o que teñen claro é que isto é competencia dos concellos, é competencia do Concello de Cambre, e é competencia do goberno municipal. O que eles teñen que facer é, non só garantir os servizos, senón na medida do posible melloralos. Esa é a súa responsabilidade, están a cumprila e van melloralala.

Outro tema distinto é o sistema de financiamento das administracións locais. El persoalmente, e cre que é a opinión de todo o goberno, considera que as administracións locais non poden vivir de subvencións, teñen que ter un sistema

consolidado de financiamento que non dependa dos vaivéns políticos ou das decisións que se tomen noutras administracións, pero ese é outro tema distinto.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo está totalmente de acordo coa moción, van votar a prol, non teñen que poñer nin unha coma. Tamén celebran que na proposta que se vai traer para o novo orzamento do 2013 esas partidas se vexan incrementadas, o que non entenden é por que van rexeitar unha subvención e van investir o diñeiro dos recursos propios dos veciños de Cambre para aumentar esas partidas, se teñen unha subvención. Ese diñeiro que van ter que empregar agora para esas partidas, poderíase utilizar para outras cousas, polo tanto, terían máis diñeiro e farían máis cousas polos veciños de Cambre. Di que non son suficientes as razóns que está dando o voceiro do PP, polo menos así o entende el. Conclúe dicindo que o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo, como non pode ser doutra maneira, vai apoiar a moción do partido socialista.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o seu grupo queren felicitar ao grupo socialista pola moción presentada. Están totalmente de acordo e por suposto que van votar a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde, concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM. Votan en contra os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

A Corporación, por once votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

A continuación, o Sr. alcalde concédelle a palabra ao voceiro do grupo municipal de UxC, para xustificar a urxencia da moción presentada por ese grupo.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, explica que a urxencia da moción vén dada polos acontecementos que estaban ocorrendo co polígono do Espírito Santo, e pola anterior moción que tamén trouxeron por causa da modificación no polígono.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de UxC. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal de UxC relativa a que se paralice inmediatamente a tramitación da modificación puntual das Normas subsidiarias, en vigor, para a ampliación do solo industrial nos bordos do Plan parcial Espírito Santo-Cecebre

Rexistrada de entrada ao núm. 842 o día 26 de xaneiro de 2013.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño explica que para o pleno de hoxe o seu grupo presentou unha moción co fin de paralizar a tramitación do expediente relativo á modificación puntual das Normas subsidiarias en vigor, para a ampliación do solo industrial no polígono do Espírito Santo. Di que onte tiveron unha reunión da xunta de voceiros, convocada urxentemente polo Sr. alcalde, na que se lles falou dunha posible solución ao que UxC reclamaba con esta moción, e dun posible proxecto, o cal pode chegar a ser beneficioso para os veciños de Cambre.

Explica que a man aberta de UxC cara á vontade e á confianza, non significa un cheque en branco para o goberno municipal, por iso necesita ser compensada con acordos, obrigacións e compromisos. Ante esta nova situación o seu grupo propón deixar sobre a mesa a moción presentada, pero coas seguintes condicións:

- a) Que se convoque a Comisión Informativa de Urbanismo nas vindeiras semanas, para definir e concretar cales son as garantías que se consideran suficientes para dar credibilidade a este proxecto.
- b) Que unha vez definidas se dea un prazo para que o interesado ou interesados presenten os documentos que garanticen o fin buscado, que non é outro que o de crear empresas e emprego.
- c) Que tanto para o apartado a) como b) se dea un prazo de 3 meses.

De non cumprirse estas condicións, agás por causas xustificadas, que deberán ser aprobadas no seo da Comisión de Urbanismo, o acordo quedará sen efecto.

Considera que isto é un pouco o que faláron na Xunta de Voceiros, o único que está pedindo aquí a maiores é crear urxentemente a Comisión de Urbanismo para tratar o tema.

Neste punto, e ante as manifestacións que fan outros concelleiros presentes no salón, o voceiro de UxC di que tampouco tería problema en que fora a xunta de voceiros a que se reunira. Pregunta ao Sr. alcalde se está de acordo.

O Sr. alcalde contesta que el entende que para non ler a moción e non votala, o que lles está proponendo é crear unha Comisión de Urbanismo.

Don Óscar Alfonso García Patiño aclara que non, que a comisión xa a teñen, simplemente se trataría de convocala, non creala, pide desculpas se se expresou mal.

Tamén, como dixo o Sr. Baamonde, poden convocar unha xunta de voceiros para seguir tratando o tema que comezaron onte a tratar, simplemente están pedindo iso.

O Sr. alcalde di que iso como primeiro punto, e pregunta polo segundo.

Don Óscar Alfonso García Patiño contesta que se trata de definir que tipo de proxectos, que tipo de garantías lles ofrecen para seguir adiante. É o que faláron onte, nin máis nin menos.

O Sr. alcalde di que, entón, de acordo, que deixan a moción enriba da mesa, e que a xunta de voceiros será convocada na vindeira semana.

A continuación, o Sr. alcalde pide que o voceiro de EU xustifique a urxencia da moción presentada polo seu grupo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, explica que a urxencia cre que se xustifica por si soa. O que lle estraña é que haxa que xustificar a urxencia no caso das mocións de UxC e EU, cando a primeira non se xustificou, pero que non pasa nada.

O Sr. alcalde di que foi un fallo.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que el xa sabe que hai moitos fallos nese sentido, pero que non ten problema, porque a propia exposición de motivos da moción xa xustifica a urxencia da súa presentación. É unha moción que vén motivada por unha polémica que creou o goberno local relacionada coa feira de Cambre. Para o seu grupo non era necesaria a polémica respecto de se a feira volvía para o seu lugar de orixe, ou se se mantiña nas inmediacións do centro de saúde. Eles interpretaron que o cambio de localización da feira estaba motivado polas obras que se fixeron no Campo da Feira, e que inmediatamente despois de rematadas a feira volvería para o lugar onde se desenvolveu durante case 300 anos. Cre que a xustificación está máis que feita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaoto votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

C) Moción do grupo municipal de EU para situar a feira de Cambre no seu lugar tradicional

Rexistrada de entrada ao núm. 780 o día 24 de xaneiro de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“No ano 2007 o Concello de Cambre, presentou o Proxecto ARUME financiado con recursos dos fondos FEDER, dentro do cal se incluía unha partida de 450.801,20 euros, para a elaboración dun estudo e realización das obras necesarias para a *Rexeneración urbana do Campo da Feira de Cambre*.

O Campo da Feira, é un espazo público de referencia no centro neurálxico da capital municipal, onde temos que destacar os aspectos socioculturais e históricos que ao longo dos anos veñen desenvolvéndose no lugar, e que o conxunto da Corporación ten a obriga de respectar, poñer en valor e transmitirlo nas mellores condicións ás vindeiras xeracións, recuperando o seu carácter funcional como un dos símbolos máis importantes do concello e dinamizador da economía local.

Neste lugar (segundo consta descrito no Catastro do Marqués da Ensenada) vense realizando a actividade da feira dende o ano 1752, e máis concretamente a partir do ano 1853 se celebra os días 2 e terceiro domingo de cada mes.

Para o grupo municipal de EU, desatouse unha polémica, ao noso xuízo incomprendible e carente de razoamentos obxectivos, pola colocación da actividade da feira no seu lugar de orixe, ignorando antecedentes históricos, económicos e culturais, que non obedecen ao interese común e sentir da cidadanía de Cambre, que é o que debería predominar nunha actuación tan relevante como a que estamos a tratar.

O actual goberno e o conxunto da Corporación, debemos ter presente que entre os obxectivos estratéxicos da intervención, o proxecto en cuestión contempla consolidar o sentimento identitario da poboación cara á praza, referente histórico no municipio pola tradicional celebración da feira, coñecida en toda a comarca, á que concorre numerosa poboación; por conseguinte, un dos usos é a celebración de feiras (dúas mensuais) así como outros eventos.

Con base no anteriormente exposto, o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Encomendar ao goberno municipal que inicie de inmediato as actuacións necesarias para levar a cabo o traslado e recolocación das dúas feiras mensuais que se celebran en Cambre, ao seu lugar de orixe, é dicir, ao Campo da Feira.

Segundo: Tendo en conta a diferente configuración da praza trala súa remodelación, e aproveitando o maior espazo dispoñible, encomendar ao goberno a realización dun estudo que permita unha organización harmónica dos postos segundo as necesidades e prioridades da propia actividade comercial, co obxecto de que a feira estea organizada e ordenada.

Terceiro: Sopesar a posibilidade de dotar un espazo diferenciado para aqueles postos que xeren residuos, así como poñer á súa disposición elementos de destrución deses residuos, tales como contedores ou bolsas de lixo para evitar a deterioración da praza, e conservala nas mellores condicións posibles.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo xa avanzara que ía estar totalmente de acordo coa moción, co primeiro

punto, por suposto, xa se avanzou publicamente que todos os grupos estaban a prol de subir a feira á súa situación orixinal. En canto ao segundo e terceiro tamén teñen que estar de acordo, pero xa lle avanza que eses estudos que se solicitan na moción xa están feitos, agora o que hai que facer é licitar os postos e poñelo en práctica.

Conclúe dicindo que, polo tanto, están totalmente a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que ten razón o voceiro do PP, porque non é estraño, xa se repetiu en máis ocasións, o seu grupo municipal presentou esta moción o xoves pasado por rexistro, e o goberno municipal, sen agardar a que esta moción se debata, xa adianta aos medios de comunicación a contestación da moción, onde se perde o respecto á Corporación, ao Pleno e aos veciños. Di que ten a nota de prensa na que xa se fala do primeiro, do segundo, e do terceiro punto, e dende o goberno municipal estase contestando que a feira vén para arriba, que se vai facer unha recolocación dos postos, e que se vai facer un estudo, ou sexa, están contestando á moción nos medios de comunicación, como teñen por costume facelo.

Continúa explicando que crearon unha polémica dicindo que se ía facer un referendo, que se ía falar cos feirantes, que se ían facer un montón de cousas, e claro, despois o goberno municipal vén detrás do problema, porque lle viron as orellas ao lobo, viron que a xente de Cambre e os propios feirantes tiveron unha reacción ao estimar que a feira debería celebrarse no seu lugar de orixe, por iso eles rebobinan e veñen coa feira cara arriba.

Considera que tamén é incomprendible o da xunta de voceiros do outro día, onde o voceiro do PP aínda tiña presente o de facer unha consulta, e vai o Sr. alcalde e o contradice, na propia xunta de voceiros, ou sexa, que os demais asistentes non sabían se estaban de acordo entre eles. O voceiro do PP falou de facer a consulta como un motivo de participación cidadá, e o Sr. alcalde dixo que non, que el pensaba que a feira tiña que volver ao seu lugar de orixe, porque o lugar onde está agora era algo momentáneo. O equipo de goberno é o que xera a polémica, e despois, en vez de vir ao pleno e contestar a moción, dedícase a contestar nos medios de comunicación, o cal considera que é unha falta de respecto ao Pleno, aos concelleiros e aos grupos políticos.

Como xa dixo antes, o goberno viu a reacción que houbo e non tivo interese ningún en preguntar, o propio alcalde recoñeceu que non fixera ningún tipo de enquisa, que non preguntara. O seu grupo si que preguntou, foi á feira, preguntoulle aos feirantes e preguntoulle aos veciños de Cambre sobre o tema da localización. Tamén lle preguntaron aos hosteleiros, e dille ao Sr. alcalde que algúns hosteleiros de Cambre, e algún comercio de Cambre, recoñeceran que se vendía un 50% menos o día de feira coa súa situación aló abaixo, incluso algúns establecementos de Cambre dixeron que estaban dispostos a pechar o día da feira se non volvía para arriba, e imaxina que iso chegaría aos oídos do goberno. Nalgún comercio onde podían traballar dúas ou tres persoas, dixeron que igual non traballaba ningunha, e cre que ningún dos presentes está disposto a perder ningún posto de traballo.

Insiste en preguntar como se lles ocorre falar de facer un referendo sobre se a feira vén para arriba ou queda aló abaixo, di que iso é como preguntarse onde se enterran os mortos en Cambre, enterraranse no cemiterio, así mesmo a feira ten que volver para o Campo da Feira, senón habería que cambiarlle de nome. Para el é inventarse unha vila que non existe.

Di que xa lles pediu o outro día que se fixeran á idea de que haxa un enterro, por exemplo, pregunta se xa tiñan previsto por onde ía pasar o enterro. Nos días de choiva iso é un río, el comprobouno, e precisamente o outro día que chovía pasaba a auga a unha altura de varios centímetros. E no verán, como dicía a xente alí, os queixos se derreten, porque non hai nin un lugar de sombra. Por todo iso, é polo que di que non debería haber discusión ningunha, fíxose unha obra, terminouse, e a feira para arriba, nin máis nin menos, así teríase evitado moitísima polémica, polémica que xerou o goberno municipal.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que quere aclarar algo, porque vendo a intervención do voceiro de EU puido terse xerado algunha dúbida para os veciños, que ao mellor non entenderon a súa primeira intervención. El o que dixo foi que estaban totalmente de acordo coa moción, que o goberno apoia que a feira volva para o Campo da Feira unha vez que se liciten os postos, e que tamén estaban de acordo co punto segundo e terceiro, porque eses estudos xa estaban feitos. El non cre que haxa polémica, están totalmente de acordo co punto primeiro, co segundo e co terceiro da moción, totalmente de acordo, pero que ninguén teña dúbidas de que o goberno está totalmente de acordo con que a feira suba para o Campo da Feira.

Quería dicir simplemente iso, porque pola intervención que fixo o Sr. Taibo, ao mellor algún veciño se quedaba coa idea de que o goberno nalgún momento dixo que quería que a feira estivese na estrada do cemiterio, e nada máis lonxe da realidade. O goberno de Cambre en ningún momento dixo que quixera que a feira estivese abaixo, nunca, en ningún momento. Eles expuxeron unha cuestión e o que din agora mesmo é que están totalmente de acordo coa moción que presentou EU.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, efectivamente, el tamén o entendeu como dixo o Sr. Andreu. El ao que se estaba referindo é á polémica xerada durante case un mes, porque no pleno pasado, o grupo de EU fixo unha pregunta sobre a localización dos postos do Campo da Feira, sobre como se ían estruturar, e a concelleira responsable de Facenda contestou que ía convocar unha xunta de voceiros para estudalo, e el dixo que lle alegraba e que lle parecía ben que fixese iso, pero pasou un mes e non os convocaron a esa xunta. Di que se uns días despois do pleno os tiveran convocado, teríase evitado todo ese tipo de polémica.

Por outra parte, dille ao Sr. Andreu que o que si houbo foi algún tipo de manifestación dalgún membro do goberno, que é verdade que si alarmou ás persoas. Hai un responsable do goberno municipal que si dixo que lle gustaba máis a feira aló abaixo, e iso non é unha opinión persoal, é a opinión dun membro do goberno, dun responsable do goberno, porque lle estaban preguntando como responsable de goberno, non como cidadán de Cambre. Por iso el se referiu á polémica que se creou, porque incluso, el non o sabe se foi así polo que tampouco o vai afirmar, pero hai quen

dixo que algún concelleiro do equipo de goberno dixo que o goberno municipal prefería que a feira quedara alí abaixo.

Conclúe dicindo que non é cuestión de gustos, a feira é cuestión de interese común, do interese do pobo de Cambre, e cre que está demostrado que o interese do pobo de Cambre é que a feira volva para arriba. Por iso el se refería antes a que se creara unha polémica que non tiña lugar, sinceramente non habería que crear esa polémica.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el vai ser claro e conciso, porque sobre gustos cada un pode expresar os seus e el ten que defender ao membro do seu equipo de goberno como persoa. As declaracións aos medios de comunicación pódense facer como persoa ou como responsable político, a cada un pode gustarlle a feira arriba ou abaixo, e pode expresar publicamente ese gusto. Di que o voceiro de EU non atopará outra declaración do alcalde que non sexa a que dixo o primeiro día, que se facía un traslado provisional da feira á estrada do cemiterio e que cando acabara a obra a feira volvería á súa orixe. Iso foi o que dixo o primeiro día o alcalde, e segue a mantelo, porque el é consciente do que o Sr. Taibo dixo, os hosteleiros de Cambre, os comercios que están arredor, perden negocio, e unha das cousas que el ten máis claras é que non quere que os hosteleiros, os comercios, os tendeiros ou os supermercados de Cambre perdan negocio. Ademais, porque é unha tradición que a feira de Cambre estea onde estivo sempre, que é no Campo da Feira, que para iso se chama así, porque houbo incluso alguén que lle dixo que podía poñerlle de nome “praza do concello”, en vez de Campo da Feira, e non é así, é Campo da Feira igual que a outra é Campo dos cochos, e non hai máis, esa é a tradición.

Conclúe dicindo que o voceiro de EU nunca encontrará unha declaración do alcalde dicindo que a feira ía quedar abaixo, agora ben, sobre gustos pode haber todas as declaracións do mundo, a polémica xérase moitas veces sen querer, pero o alcalde non manifestou nada diso.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el se limita ao que din os medios de comunicación, porque se non se desminten a xente é co que se queda, e na prensa poñía: “Cambre estrea Campo da Feira. O alcalde de Cambre, Manuel Rivas, inaugura o espazo público trala súa reforma, sen decidir aínda onde se colocarán os postos da feira, sen dedir onde será feita”, porque incluso se contemplaba, ademais de que quedara abaixo, ou viñera para arriba, unha posible terceira alternativa. Pregunta ao Sr. alcalde se el non cre que iso non crea incerteza e confusión aos veciños de Cambre, e o outro día xa llo dixo na xunta de voceiros, pediulle que sacara unha nota de prensa dicindo que o goberno municipal quere que a feira volva para arriba. Iso fíxose o venres pasado, despois dun mes, pero tiña que terse feito antes, e así se tería evitado todo o problema.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el vén aquí a traballar como alcalde, non a desmentir as noticias dos periódicos, porque se non estaría todo o día desmentindo as noticias dos periódicos, todo o día.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o grupo municipal dos socialistas de Cambre o apoio é total á localización do Campo da Feira, e da feira no seu lugar tradicional, iso para comezar,

pero a maiores, ademais da invitación que fixo a Sra. concelleira de Facenda no pleno anterior respecto dunha xunta de voceiros para traballar sobre a situación e reorganización dos postos, que é importante, o que a eles tamén lles preocupa e lles parece moi importante, como xa adelantaron outros grupos, é saber que contido e que fondo se lle quere dar á feira de Cambre, porque están no momento de traballar e facelo nese sentido.

Continúa dicindo que unha das maiores preocupacións que teñen no seu grupo, dende xa antes do inicio da reforma, é o tema do aparcadoiro, é algo que lles preocupa. O que si lles consta, e así o faláron con algúns dos propietarios, é que parte ou algún membro do equipo de goberno, se dirixiu a algún propietario coa posibilidade de avanzar no tema dun aparcadoiro na parte de atrás do edificio onde está NovaGaliciaBanco, e despois non houbo ningún movemento máis por parte do goberno de cara a traballar nesa posible localización.

Conclúe dicindo que para eles é importante resolver o tema do aparcadoiro, porque agora mesmo quedou un aparcadoiro moi deteriorado, moi debilitado en número de prazas, e iso tamén é moi importante para os comerciantes. Como dixo o Sr. alcalde, e el cre que non soamente para o equipo de goberno, senón para toda a Corporación, é importante a defensa dos postos de traballo, que xeran tanto os establecementos que están ao carón do Campo da Feira, como todo o tecido empresarial da comarca.

Toma a palabra o Sr. alcalde para agradecer que estean de acordo co goberno en que a feira volva ao seu lugar. Respecto do tema do aparcadoiro, non se dixo nada sobre os pasos que tomou o goberno, pero pódelles dicir que practicamente se falou con todos os propietarios e o acordo está practicamente pechado, incluso hai un esbozo de proxecto xa feito. Di que o goberno está dando os pasos que ten que dar para solucionar os problemas de aparcamento, iso é o único que pode manifestar neste intre, porque a cousa é realmente así, falta asinar os documentos, pero os pasos están practicamente todos dados.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, dille ao Sr. Taibo Casás que, efectivamente, el foi un membro do goberno que deu a súa opinión con respecto do Campo da Feira, a súa opinión privada, deuna a pé de rúa, nunha taberna ou na beirarrúa, non foi a ningún medio de comunicación a dicir nada.

Continúa dicindo que a súa opinión, a cal segue a manter, é que a el lle gusta máis alí abaixo que aquí arriba, e non ten ningún problema en dicilo, pero tamén está de acordo co que se fala na Corporación, e que estean todos de acordo en que a feira veña para arriba, parécelle perfecto, iso non implica que a el, persoalmente, particularmente, lle guste máis a localización de alí abaixo, igual que lle gusta a moitos veciños, porque non é a el só, a el dixéronllo moitos veciños que van á feira, que arriba estaba todo constrinxido, e que era un problema para ver as tendas e os produtos que se venden, mentres que abaixo, vaise polo medio e vese un lado e o outro.

Polo tanto, hai moita xente á que lle gusta abaixo e moita outra que non, que prefiren a feira arriba. El preguntou e hai moita xente que opina que é mellor a feira arriba porque, por exemplo, a xente do centro de Cambre ten que vir coas bolsas subindo a costa, mentres que outros, que veñen de Sta. María de Vigo, prefiren que sexa abaixo

porque lles é máis cómodo, e non pasa nada. Por iso di que el, como persoa e veciño de Cambre, ten dereito a dar a súa opinión a nivel de rúa, como lle dea a gana, e despois, no pleno, pois terá que asumir o que se vote.

Conclúe dicindo que el está de acordo con que a feira se traia para arriba, pero iso non quere dicir que non lle guste máis alí abaixo para acudir a ela, e diso non se ten que facer ningunha escandalera. El comentouno efectivamente co equipo de goberno como algo normal, pois hai algunha xente que opina que lle gusta máis arriba e outros que lles gusta máis abaixo. Se agora se toma a decisión de non facer ningunha pregunta ou consulta, e deciden levar a feira para arriba, parécelle perfecto, non pasa nada.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que cada un pode manifestarse individualmente como queira, que é libre de dicir que quere a feira arriba ou abaixo, o que sexa, pero cando lle preguntan a un membro do goberno, estalle preguntando como membro do equipo de goberno, é unha opinión como gobernante de Cambre, e, polo tanto, distinto a unha opinión particular.

Cando lle preguntaron ao Sr. Marante foi como membro do goberno, como responsable de Obras e Servizos. Na noticia publicada dicíase que tralo discreto acto de inauguración celebrado, o goberno local ía convocar á oposición a un encontro (encontro que aínda non se convocou), isto segundo explicacións do concelleiro de Obras, o Sr. Manuel Marante, co obxecto de decidir se o mercado permanecía na Trva. do cemiterio, onde se celebra agora, ou volvía para arriba. Segue dicindo a noticia que ao Sr. Marante lle gustaba máis o lugar onde está. É dicir, trátase da opinión do Sr. Marante como membro do goberno, deste goberno.

Don Manuel Marante Gómez reconece que a el lle gusta máis alí, e pregunta cal é o problema.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que iso non é problema ningún, o problema é a incerteza que se creou, porque se o goberno di que a feira queda abaixo, a xente alármase e reacciona.

Don Manuel Marante Gómez reitera que el non dixo tal, o que dixo é que a el lle gustaba máis alí.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que claro que o dixo, e por iso a xente tivo que reaccionar. Os empresarios reaccionaron coa recollida de firmas, houbo xente que enviou cartas e xente que se mobilizou, como eles, que foron a informar.

Manifesta que dende o seu grupo estaban convencidos, dende antes das obras, que a feira tiña que volver para arriba, entre outras cousas porque, igual o goberno o ignora, pero os fondos FEDER audítanse, entón, cando veñan a auditalos, se a feira non está arriba ao mellor teñen problemas, porque un dos motivos polos que se remodela o Campo da Feira é precisamente para a feira, por iso non tiña que haber ningunha dúbida. Se se rematou a obra, a feira ten que volver para arriba e punto, fundamentalmente polo que acaba de dicir agora, porque un dos motivos para o

arranxo do Campo da Feira foi seguir conservando a feira nese lugar, e así o recolle o propio proxecto ARUME.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que non se vai enlear máis, porque pensa que o tema non ten máis para onde ir, el ten a súa opinión, e a súa opinión ten que ser respectada como a de todo o mundo. El, como membro do goberno, como concelleiro, ou como veciño, ten a súa opinión sobre un tema e a expresa, con total liberdade, como todo o mundo, e iso non quere dicir que estea en contra de que a feira volva subir, el nunca dixo que estivera en contra, o que dixo é que lle gustaba máis abaixo. Do mesmo xeito, hai algúns membros da Corporación que hai tempo bufaban contra a feira do domingo en Cambre, e non pasa nada, son opinións persoais ou que teñen nun momento dado. Pregunta que ten que ver unha cousa con outra, se están de acordo en levar a feira para arriba pois a levan e punto, el non lle busca máis pés ao gato, nin historias.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, expón que el pensa que o goberno se equivocou ao xerar un malestar entre os veciños con esas declaracións. É certo que cada un pode expresar as súas opinións libremente, pero cando se está nun goberno hai, polo menos, que medilas, e estando nunha Corporación tamén, é dicir, non só o goberno ten que medilas, senón todos os concelleiros. Moitas veces, a título persoal se pensa unha cousa e medíndose un pouco, como mínimo, hai que calala, non dicir o contrario, pero polo menos calala.

Continúa dicindo que se xerou un malestar co tema da feira, como se xerou un malestar co tema da vía Ártabra, onde ao final houbo que levar unha moción e entre todos establecer cales eran as regras de xogo para a vía Ártabra. Estas son as regras de xogo para a feira de Cambre, todos están de acordo en que a feira de Cambre ten que estar arriba, pero o que botan en falta non é cuestión de gustos, non é cuestión de se lles gusta máis arriba ou abaixo, o de que a feira foi sempre arriba e ten que seguir arriba, o que botan en falta é o estudo económico, o estudo do tráfico, que é importante, ou estudo do aparcadoiro, que tamén é importante. A día de hoxe, levan case un mes con esa polémica, e aínda non teñen, ou polo menos eles non o teñen, ningún estudo nese sentido. Conclúe dicindo que están completamente de acordo co expresado, tanto na moción como despois da moción, polo compañeiro Luis Taibo.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, di que antes de entrar no tema do Campo da Feira en si, e no que di a moción, quere facer unha consideración como veciño, e tamén como concelleiro, que non como voceiro do seu grupo, que esa é a súa compañeira dona M^a Victoria Amor Prieto. Di que, vendo un pouco a través dos medios de comunicación esta historia, e concretamente o capítulo que naceu a partir do xoves, cando o goberno sacou unha nota de prensa dando, polo que se ve, teórica e finalmente por zanzado o tema, el se pregunta como os concelleiros de Esquerda Unida presentan unha moción se ese é un tema xa solucionado. Agora resulta que el vén hoxe ao pleno e ten coñecemento de que os compañeiros de EU presentaron a moción de forma previa á nota de prensa do concello.

A súa reflexión é que os membros da oposición, para facer o seu labor, teñen que someterse a unha serie de procedementos, de pautas, de días e de condutos, para

que as cousas dalgún xeito poidan funcionar, para que tanto eles poidan realizar o seu traballo dende a oposición, como tamén o goberno realice o seu. Na medida do posible pide, como fixo o compañeiro Luis Taibo, que isto non se repita de agora en diante, porque se se poñen a xogar sucio, ao pillo, pois entón todos o poden facer. Di que, se nun mes non se deu resposta a este problema, non deixa de ser curioso que presente un grupo da oposición unha moción sobre o asunto, e que o tema se ventile a través dos medios de comunicación, non falando cos grupos.

Por outra banda explica que a polémica existiu, porque poden ir ao pleno e estar de acordo nunhas cousas e en desacordo noutras, pero que lles digan que nese tema nunca houbo polémica, non, porque senón, pregunta que pasa, a ver se é que os empresarios de Cambre son uns oligofrénicos, ou se é que eles, a oposición, non ven a realidade como é. Di que claro que houbo un debate, e claro que houbo un contraste de opinións, e claro que se falou, ata tal punto se falou, que en organismos do propio concello, como foi nunha xunta de voceiros, chegouse a propoñer realizar un referendo, e todos saben o que é un referendo, é algo electivo e disxuntivo, e trátase de elixir, neste caso entre dúas opcións. Di que isto só se suscita cando hai diferentes sensibilidades, e claro que as había e que se falou diso, e falouse diso sen consultar nin cos grupos políticos que compoñen a Corporación, nin co conxunto de axentes sociais implicados, moi especialmente cos comerciantes, e, con todo o respecto do mundo, non tanto cos feirantes senón cos comerciantes de Cambre, que son os que viven, tributan e xeran emprego e actividade económica no concello.

Continúa dicindo que na cuestión do Campo da Feira, el de verdade o di, que hai cousas que se fan mal. A inauguración que se fixo, xustificada, e que todos entenden que había que facela antes de rematar o ano e demais, pregunta que traballo daba avisar aos grupos da oposición, pregunta como non se fai iso, despois da polémica que tiveron.

Don Felipe Andreu Barallobre di que se avisou.

Don Daniel Carballada Rodríguez contéstalle que bo, que iso de que se avisou ..., non era un enterro, é dicir non había que enterrar ao morto, senón que é algo que se fai e hai formas e formas para facelo, iso todos o saben, e non se fixo como se debera.

Conclúe dicindo que, de todos os xeitos, el felicita ao alcalde, tamén o di, porque que alguén se lle ocorra un referendo sobre iso, coa que está caendo, el non quere imaxinar a reacción dos veciños de Cambre se dende o goberno municipal, dende o concello, se lles chama para votar se queren o Campo da Feira arriba ou se queren o Campo da Feira abaixo, coa situación económica e social que teñen.

Toma a palabra o Sr. alcalde e dille ao concelleiro do BNG que lle permita que lle responda. Di que el non entende nada, cre que o dixo claro, pero levan máis de media hora discutindo sobre o asunto do Campo da Feira por unha polémica, e nin os membros do goberno, nin el, poden falar por unha nota de prensa que saiu, que non sabe, que din que é unha falta de respecto. Lembra que a xunta de voceiros foi o xoves pasado, e cando nela suscitaron o tema do Campo da Feira, o Sr. Taibo informou que el acababa de presentar unha moción no rexistro. Explica que el non o sabía, porque estaba sentado naquela mesa, por iso lle dixo ao voceiro de EU que lle

pasaban a nota de prensa para que saíse conxuntamente. Don Luis Miguel Taibo Casás respondeu que el non ía retirar a moción porque quería darlle lectura no pleno, e dixéronlle que ben, que a lese no pleno, pero que na nota de prensa ían facer referencia a que ía ser así. El cre que non houbo ningunha traba ao respecto, ningunha.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille que aclarou iso con Esquerda Unida.

O Sr. alcalde continúa dicindo que sobre a polémica xerada á que fai referencia o concelleiro do BNG, e sobre a invitación a esa inauguración que non podía pasar dese día, cursóuselle a todos os grupos, e non apareceu ninguén, igual que se cursou para facer a inauguración do parque infantil do Temple e soamente apareceu un grupo.

En canto ao Campo da Feira que é o tema do cal están discutindo, e é o que agora lle interesa, parécelle mentira a polémica que están creando nun tema no que están todos de acordo, absolutamente todos. El cre que o que procede é votar a moción, cos acordos que presenta o grupo de EU e deixar de discutir se el ten que desmentir as noticias dos periódicos todos os días ou non, porque el non está para iso.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, e á marxe desta polémica, simplemente quere preguntar como avisan da convocatoria de plenos ou de reunións oficiais do concello. Di que se fai por correo electrónico, e non hai ningún problema, porque nin el, nin ningún dos membros da oposición viven da política, non todos van polo concello todos os días nin están a todas as horas nos locais municipais, etc.. Polo tanto, a partir de agora, se queren facer as cousas, non ben, pero polo menos mellor, poden facelas, e entenderán que a determinadas actividades ou a moitas delas, el particularmente non poida asistir, porque a súa vida non llo permite, pero se o avisan con tempo, e utilizando as novas tecnoloxías, que por riba sería moito máis barato enviar un correo electrónico que deixar determinados convites no local municipal ou cousa polo estilo, non haberá ningún problema. Conclúe dicindo que non se fixo como se debía, nada máis.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el vai votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, por alusións, e respecto da nota de prensa, expón que, efectivamente, ao día seguinte da xunta de voceiros sacouse unha nota de prensa nos termos que acordaran, iso foi así, pero tres días despois, o equipo de goberno contesta á moción con outra nota de prensa. Explica que a nota de prensa que sae ao día seguinte da xunta de voceiros parécelle perfecta, nos termos que acordaron, pero non que despois o equipo de goberno, o día 29, se encargue de contestar á moción noutra nota de prensa. En todo caso, el non quere polemizar.

En canto ás convocatorias da inauguración do Campo da Feira, di que a el o chamaron por teléfono dúas horas antes, dicindo para desculparse que os medios informáticos do concello estaban avariados, e el dilles que se xa estaban avariados antes, pois que tiveran chamado catro ou cinco horas antes por teléfono. Ese é o tema, que só foi dúas horas antes, e el, por exemplo, nese momento coincidiu que non estaba en Cambre. Pregúntalle ao Sr. alcalde se dúas horas antes é tempo adecuado

para convocar aos grupos a que vaian á inauguración do Campo da Feira. Cre que non é de recibo, e pídelles ao Sr. alcalde que non xustifique iso.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

A continuación, o Sr. alcalde pídelles á voceira do BNG que xustifique a urxencia da moción presentada polo seu grupo.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que a urxencia vén dada porque dende o 1 de xaneiro deixou de funcionar o centro de planificación familiar no Ventorrillo, o cal afecta ás mulleres de Cambre, e explica que sobre todo ás mulleres porque era un centro onde se prevía o cancro de mama, o cancro de útero, e se facían revisións periódicas para previr todo este tipo de enfermidades.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

D) Moción do grupo municipal do BNG en defensa do centro de orientación familiar do Ventorrillo

Rexistrada de entrada ao núm. 885 o día 28 de xaneiro de 2013, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Ata o 31 de decembro de 2012 na área sanitaria da Coruña había dous centros de orientación familiar (COF), un dependente do SERGAS no centro de especialidades do Ventorrillo e outro dependente dun convenio entre o Concello da Coruña e o SERGAS na rúa Tui, en Orillamar. Este último atendía a 90.834 mulleres, dos Concellos da Coruña, Oleiros, Sada, Cambre e Carral, mentres que o centro do Ventorrillo daba servizo a 61.674 mulleres dos restantes 33 concellos da área sanitaria da Coruña, entre eles o de Betanzos.

As prestacións destes COF son atención da demanda de anticoncepción (tanto asesoramento anticonceptivo como instauración de método), revisións específicas do método anticonceptivo, anticoncepción de urxencia, atención de efectos secundarios do método, atención de complicacións co método anticonceptivo, atención específica

de anticoncepción cirúrxica e derivación, exames de saúde xinecolóxicos cada 3 anos segundo protocolo de diagnóstico precoz de cancro de cérvix, valoración e derivación de demanda de esterilidade. Ademais, os COF atenden a demanda de interrupción legal do embarazo: información e derivación a clínica, valoración de risco psicolóxico, exploración xinecolóxica post-intervención, asesoramento anticonceptivo, instauración de método e atención á problemática de parella e psicosexual. Cómpre salientar que en Galicia o COF é o único lugar no sistema de saúde onde se trata a anticoncepción, problemática sexual e de parella e a demanda de interrupción voluntaria do embarazo.

Coa xubilación do único xinecólogo do que dispoñía o COF do Ventorrillo, o SERGAS decide non substituílo e aproveita a conxuntura para unificar o centro co de Orillamar. Isto supón que un só centro teña que atender 152.508 mulleres. A Organización Mundial da Saúde recomenda que coa poboación que atendían os dous centros existentes na área sanitaria coruñesa tería que haber tres e o goberno galego do PP decide reducir o seu número a un só centro.

Esta decisión ten como consecuencia que unha xinecóloga e un xinecólogo atendan 152.508 mulleres en necesidades tan inmediatas e dependentes do inevitable paso do tempo como a anticoncepción de urxencia, os trámites para a interrupción voluntaria do embarazo - só en Orillamar atenderon 667 casos durante 2011-, a atención e o asesoramento da demanda de anticoncepción, a instauración e a revisión do método, os exames de saúde xinecolóxica, a prevención do cancro de mama e de cérvix, etc. Polo tanto, esta decisión pon en risco a saúde das mulleres por non poder atender con inmediatez estas necesidades.

As usuarias deste centro xa están a sufrir as consecuencias do peche desde principios de mes pois, por culpa de que o SERGAS non queira cubrir a praza de xinecólogo do COF do Ventorrillo, teñen que atravesar a cidade da Coruña (a sumarlle o desprazamento desde o noso ou calquera outro concello da área sanitaria) para que a xinecóloga ou o xinecólogo de Orillamar lles asine un papel para tramitaren a derivación para a interrupción voluntaria do embarazo. E estas son as consecuencias a curto prazo, máis xa veremos que pasa cando non se poidan atender as revisións, a problemática sexual e de parella ou a prevención dos cancros de mama e cérvix.

Desde o BNG, consideramos que coa desaparición do COF do Ventorrillo non se van poder garantir os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres. Estes recortes en servizos de asesoramento afectivo-sexual afectan á independencia das mulleres para decidir sobre o seu propio corpo e afondan nas desigualdades de xénero que poden levar a situacións de violencia machista.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a que non peche o COF do Ventorrillo e que cubra a praza de xinecoloxía para así garantir os dereitos das mulleres.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao presidente do goberno galego e aos grupos políticos do Parlamento de Galicia.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, expón que eles están moi preocupados por esta moción, é un tema moi preocupante, e esa é a opinión que poden manifestar dende todo o goberno municipal. Di que o certo é que a moción se presentou o luns, e eles intentaron, como é razoable, contrastar os datos cos informes da Xunta, pero, a día de hoxe, aínda non teñen os ditos informes, polo tanto, quere pedirilles deixar esta moción enriba da mesa e tratala cando teñan a documentación no próximo pleno. Non obstante, xa lles avanza que, se os datos que figuran na moción son certos, eles van a apoiala, porque é algo que non se pode tolerar.

Explica que eles o que queren é ter a información e ter a conciencia de que están a votar algo que é realmente certo, e iso só o poden ter cos informes da Xunta que agora mesmo non teñen. Eles comprométese a tratar a moción con profundidade no próximo pleno, pero no caso de que o BNG non queira deixala sobre a mesa, o seu grupo tería que absterse, porque non poden valorar nin unha posición nin outra. Di que espera que o entendan, e repite que se eses datos son certos eles van apoiar a moción, pero que agora mesmo non saben se o son ou non.

Dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que están de acordo, non teñen ningún inconveniente. Di que eles o que entenden é que esta situación afecta a todas as mulleres e homes de Cambre, e sobre todo á xuventude en canto aos temas de planificación familiar e demais. Repite que non teñen ningún inconveniente, se ben eles están seguros de que eses datos, por suposto que son certos, de feito dende o BNG xa se fixo algunha pregunta no Parlamento galego sobre este tema.

Así pois, a moción presentada polo grupo municipal do BNG queda sobre a mesa para ser tratada no vindeiro pleno e o Sr. alcalde dá paso ao seguinte punto da orde do día do pleno.

5º Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do previsto no artigo 125 do Regulamento orgánico municipal, para instar ao goberno local á presentación dun proxecto de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos, apegados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública

Rexistrada de entrada ao núm. 690 o día 22 de xaneiro de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“Dende o ano 2009 este país está a sufrir unha crise económica derivada dunha crise financeira internacional que ten a súa orixe nunha desregulación do mercado financeiro, nunha crecente aparición de novos produtos financeiros derivados fóra de calquera control dos organismos reguladores e unha relaxación na valoración nos riscos derivados do excesivo endebedamento das entidades financeiras e do sector privado.

Esta regulación e control xurdido da experiencia da gran depresión tiña como principal obxectivo evitar as consecuencias que na actualidade este país está a sufrir: que os resultados negativos das condutas especulativas e de risco non sexan asumidas polos que as provocan, que só perciben as ganancias, senón por toda a sociedade a través

de garantías dos estados aos depósitos e á condición sistémica para a economía destas entidades.

O goberno español solicitou un rescate para os bancos que finalmente foi cifrado nuns 40.000 millóns de euros. Este rescate ten como consecuencia que o déficit español se incrementou e que os españois pagaremos cos nosos impostos os intereses do rescate.

Entre tanto os españois sufren por unha banda uns duros recortes que teñen por finalidade a redución do déficit público (algúns derivados das dificultades de financiamento, outros cun carácter marcadamente ideolóxico do partido no goberno) nos servizos públicos esenciais como a sanidade, a educación, as prestacións por desemprego, dependencia etc.,... E por outra banda, un aumento da carga tributaria como consecuencia ben da creación ben de novos impostos e taxas ou do aumento dos existentes (como o incremento do IBI aprobado polo goberno do Partido Popular tras a súa chegada ao goberno).

Recortes e aumento da carga tributaria traducíronse nun empobrecemento xeneralizado da poboación española en especial das clases medias, mozos, dependentes, xubilados... Por non falar daqueles que perderon os seus fogares como consecuencia de abusivos desafiuzamentos que fan caer de maneira inxusta todo o peso da crise de novo nos máis débiles.

Repartir o sufrimento da crise faise necesario adoptando medidas dirixidas a este fin dende todas as institucións na medida das súas competencias.

A Lei de facendas locais prevé a posibilidade de que estas establezan taxas por ocupación de dominio público como consecuencia do establecemento de caixeiros automáticos.

Neste concello existe xa unha taxa por establecemento de caixeiro automático, aprobada por anteriores gobernos municipais cuxa contía (de apenas 80 euros ao ano) resulta ridícula nas circunstancias socioeconómicas actuais.

Por todo o anteriormente exposto o grupo dos socialistas de Cambre solicita ao goberno municipal:

A presentación dunha modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos, apegados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública coa finalidade de incrementar a taxa a 1000 euros anuais.”

Ao finalizar a lectura da moción, dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que, antes de que lle respondan, e como xa sabe o que pon a Lei de facendas locais respecto de que para fixar a cantidade ten que haber uns informes económicos, porque non é algo que se determine arbitrariamente, se iso supón un obstáculo, retiran a cantidade proposta, e que sexa a cantidade que o goberno estime oportuna, pero, en todo caso, considera que a finalidade da moción está ben clara, e cre que dende que se aprobou a anterior ordenanza pode facerse unha revisión.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, di que sen entrar a debater a argumentación que podería xustificar a moción, a cal lle parece máis que discutible, e nalgúns casos demagóxica, vai pasar a declarar o seu voto favorable á moción. Explica que é certo que a eles tamén lles parece que a taxa por aproveitamentos especiais de dominio público para caixeiros automáticos se pode revisar, e lémbrale ao grupo socialista, que é quen presenta esta moción, que eles son o mesmo grupo que aprobou, só hai un par de anos, a dita taxa, e hai dous anos a situación tamén era a que era, e aínda así non se fixo o estudo económico para subila.

Conclúe manifestando o seu compromiso por facer o estudo económico, xa que si que é certo que habería que eliminar o último punto, xa que como ben dixo a concelleira do partido socialista, non se pode fixar a taxa arbitrariamente, pódese aprobar a taxa polo Pleno, pero non fixala definitivamente sen un previo estudo económico, o cal, comprométense a realizar.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que o seu voto vai ser a prol da moción.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez, concelleiro do BNG, pregunta ao equipo de goberno se ten algunha estimación, a través de informes técnicos dos funcionarios, aínda que non sexa a cantidade exacta, pero si polo menos a cantidade á que se achegarían ou da que poderían estar falando. Pregunta se hai algún tipo de previsión.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe contesta que o único que lle pode dicir é que a taxa por aproveitamentos especiais no caso de caixeiros automáticos é moi variable nos distintos municipios. Hai municipios como A Coruña que están cobrando por esa taxa a cantidade de 200 euros, que facendo a comparativa co valor do solo do Concello de Cambre tamén é baixa. Outros, como o Concello de Nerja, cifran a taxa en case 900 euros, polo tanto, por eses datos ela entende que o estudo económico pode flexibilizarse facilmente, pero iso xa o dirá o técnico correspondente no seu caso.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, pregunta se xa se estimou a cantidade de caixeiros afectados, porque el agora ten dúbidas, e non sabe se só son os caixeiros que dan á vía pública, ou tamén eses outros que están máis recollidos. Non se lembra a que caixeiros se lles aplica esta taxa.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe di que pode citalos, por exemplo, Banco Popular Español S.A, Banco Pastor S.A,..., en realidade e para concretar, seis caixeiros.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais preguntalle á Sra. concelleira se ten os datos do que se recada actualmente.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe contesta que a cota tributaria que están a pagar é o Banco Popular 80 euros, o Banco Pastor...

Dona Margarita Iglesias Pais pregúntalle pola cifra total.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe di que a cifra total sería o total da suma das que lle ía dar agora, habería que facer a suma, ao redor de 480 euros.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez pregunta se lle consta ao goberno local se hai caixeiros que non estean dados de alta nese censo ou rexistro.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe contesta que non lles consta, e que nese sentido os datos que teñen son fiables, agora mesmo os que son, están.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el é permisivo, pero que están discutindo unha moción e practicamente están a convertila noutra cousa, facendo rogos e preguntas, unha tras outra, por iso di que van pasar definitivamente á súa votación.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción presentada coa seguinte parte dispositiva:

Acordar a presentación dunha modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos, apegados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública coa finalidade de incrementar a taxa.

6º Informes da Alcaldía

De orde do señor presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 16 de data 9 de xaneiro de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Santiago Manuel Ríos Rama ata a súa reincorporación, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución núm. 999, de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Conferir á primeira tenente de alcalde, dona M^a Jesús González Roel, a delegación xenérica dos servizos e actividades municipais que integran a área de Cultura e Turismo, e que veñen reflectidos na Resolución de Alcaldía núm. 996, de data 17 de xuño de 2011, de creación das áreas de goberno local, que se transcribe a continuación, todo isto ata a reincorporación do titular don Santiago Manuel Ríos Rama.

AREA DE CULTURA E TURISMO

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- Promoción da cultura e singularmente da lingua e a cultura de Galicia
- Programación cultura
- Exposicións culturais
- Rede de bibliotecas e programas de animación á lectura
- Xestión do museo e da escola municipal de música
- Xestión do uso de locais polas asociacións veciñais
- Espectáculos públicos
- Festas populares
- Xestión e promoción turística

Terceiro: A delegación exercerase nos mesmos termos previstos na Resolución da Alcaldía núm. 999, de data 17 de xuño de 2011, segundo se fai constar a continuación:

- De conformidade co establecido no artigo 48 do Regulamento orgánico municipal, a delegación xenérica respecto da área de Cultura e Turismo comprende:

a) A delegación do exercicio das competencias que a esta Alcaldía lle son atribuídas e que poden ser delegadas a teor do establecido no artigo 21.1 e 3. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, incluíndo a facultade de dirixir os servizos contidos en cada área, a facultade de xestionalos en xeral, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.

b) A concesión de subvencións a particulares en materias incluídas dentro do seu ámbito de delegación, de acordo co que dispoñan as normas en vigor e as bases de execución do orzamento. Neste caso, a facultade de concesión de subvencións leva engadida a de aprobar o gasto correspondente.

c) O exercicio da postestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.

- A Alcaldía conserva as facultades de tutela que se transcriben a seguir:

a) A de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións enumerados en virtude da delegación.

b) A de ser informado previamente a que se adopten decisións de transcendencia.

c) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas en uso das facultades delegadas.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 50.2 do ROM, a delegación requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do concelleiro delegado. Enténdese aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación

persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a delegación, todo iso sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

A delegación, unha vez aceptada, entenderase vixente ata a incorporación de don Santiago Manuel Ríos Rama e mentres non sexa revogada expresamente ou o órgano delegante avoque para si algún asunto concreto na forma establecida pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Nos documentos que deba firmar a concelleira delegada no exercicio da delegación farase constar a data da Resolución de Alcaldía pola que se efectuou a delegación.

Quinto: Notifíquese persoalmente á interesada, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e déase conta ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar.”

A secretaria da Corporación explica que tiña que dar conta desta resolución, aínda que a día de hoxe o concelleiro don Santiago Manuel Ríos Rama xa está reincorporado, e presentou a súa alta médica. Aproveita a ocasión para darlle a benvida.

- Da Resolución da Alcaldía núm. 61 de data 22 de xaneiro de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Rocio Vila Diaz dende o día 25 ata o día 28 de xaneiro de 2013, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

7º Rogos e preguntas

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 846 o día 26 de xaneiro de 2013, xunto coas preguntas para este pleno.

1º Denuncian veciños de Cela a situación de perigo que se produce no treito da estrada municipal que con orixe en Fabás, Pravio, chega ao lugar de Rueiro, debido ao exceso de velocidade dalgúns vehículos que circulan por ese treito. De feito en datas pasadas vense de producir unha colisión contra o peche da casa núm.4 A, con resultado de danos materiais. Por todo iso:

Solicitamos se dote ao citado camiño, no punto descrito, da sinalización vertical e horizontal precisa (límite de velocidade, perigo, cruzamento con preferencia, etc.), co fin de dotar á zona da precisa seguridade viaria.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, acepta o rogo.

2º Manifestan veciños de Cecebre a situación de abandono na que se atopa a praza, de recente construción, sita no lugar de Sobreguexe, ao lado da igrexa. A zona axardinada está sen manter e sen limpar, transmitindo unha pésima imaxe dun sitio tan representativo e singular da parroquia de Cecebre. Por todo iso:

Solicitamos se dean as ordes precisas para que, por quen proceda, se leven a cabo os traballos periódicos de mantemento e limpeza desta praza.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que está sen contratar o mantemento desa zona verde, e que para ocuparse dela periodicamente haberá que agardar a que se saque a contratación o servizo de mantemento de zonas verdes de todo o concello. Di que de momento deu orde de rozar a zona, como xa fixo algunha vez máis, pero que é certo que se vai mantendo dun xeito moi esporádico, e di que a verdade é que non está moi ben.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, informa que tamén hai algún dano nalgunhas das luces de sinalización.

3º Veciños de Bribes poñen no noso coñecemento o mal estado no que se atopa o firme do camiño que dende Nebrixe, e pasando por Bribes Pequeno, termina na ponte de Galiñeiros, Cecebre. Por todo iso:

Solicitamos se repare urxentemente o citado vial.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que ese é un tramo onde se fixo unha instalación de saneamento hai un tempo, non deberon de retacar ben e vaise afundindo. Explica que cando atacan unha zona, repoñen e aglomeran, ao pouco tempo, un pouco máis adiante, tamén se vai. Están agardando que pare de chover para limpar e descubrir as canalizacións, e ver se é que hai algunha fuga ou que pasa alí, porque volve dicir que retacan un tramo e levántaselles máis adiante. Cando pare un pouco de chover, mirarán a ver que solución lle buscan.

Rogos de UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 844 o día 26 de xaneiro de 2013.

1º Hai un ano que o club de fútbol “Once Caballeros” solicitou ao concelleiro de Deportes a transferencia gratuíta dun desfibrilador que teñen en propiedade e que de forma gratuíta lle cedía ao concello para facer uso del no campo de Lendoiro, A Barcala, hai máis dun mes reiteraron a petición por escrito, solicitamos se nos informe en que situación se atopa esta solicitude.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, manifesta que non lle consta que hai un ano o club presentase ningunha solicitude polo tema do desfibrilador, o que si lle consta é que o goberno hai un ano barallou a instalación do desfibrilador tanto no campo de fútbol do “Once Caballeros”, como no

campo de fútbol Dani Mallo. Coméntouse nunha reunión doutro tipo, onde estaban presentes ambos clubs de fútbol, e quedou enriba da mesa.

Continúa dicindo que o que si é certo é que hai cousa dun mes, el club informoulle, na inauguración do parque do Temple, que obtiveran un desfibrilador e que llo transferirían ao concello para que o asumiran. Explica que unha vez que obtiveron a confirmación de que llelo cedían, iniciaron o trámite e comprobaron que para garantir o correcto uso do desfibrilador había que dotalo de moito máis material, como poden ser dous xogos de parches, sistema de rexistro informatizado de sucesos, maleta de reanimación con cánulas de guedel de diferentes tamaños, bolsas autoinchables, máscara facial, reservorio de osíxeno e fonte de osíxeno, rasuradora, gasas, e outra serie de material que non estaba incluído, e que ten que asumir o concello. Ademais, hai que rexistrar o desfibrilador no 061, e formar a unha persoa que estea con carácter semi permanente dispoñible para a súa utilización. Manifesta que, con todo e con iso, o departamento de Deportes leva traballando no tema dende hai un mes, e agardan a contestación do 061, cos custes do material que acaba de citar e cos cursos que ten que realizar a persoa que se vaia a facer cargo do seu uso no caso de ser necesario.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, dálle as grazas ao Sr. concelleiro e dille que agarda que este tema se tome coa axilidade coa que todos entenden que hai que tomalo, porque unha vez que o teñen, esperan que non pase nada por non ter axilizado suficientemente o asunto.

De todos os xeitos, di que el que é socio do “Once Caballeros” e xoga no club, e hai moito tempo que lle dixeron que falaran persoalmente co concelleiro de Deportes, e agora así llelo reiteraron. Explica que non foi unha solicitude por escrito, porque no club pensaban que só coa solicitude verbal no concello xa se poñerían en marcha, pero segundo lle dixeron non foi así ata que o presentaron por escrito. O presidente do club dicía que tiña o desfibrilador e que llo quería pasar ao concello, pero que non lle facían caso, por iso fixo a solicitude por escrito, para ver se así lle facían caso. Di que esas son palabras textuais da directiva do “Once Caballeros”.

Don Fernando Caride Suárez di que el lle pode asegurar, e reitérase no que xa dixo, que o día da inauguración do parque infantil do Temple, na que estaba presente o compañeiro do partido socialista, e na que tamén estaba presente o presidente do club “Once Caballeros”, foi cando este llo comunicou por primeira vez, e tamén lle dixo que o presentara por rexistro a semana anterior. El contestoulle que perfecto, que se farían cargo e que se ían poñer a traballar niso. Volve dicir que está a falar da data da inauguración, e que estaba presente o Sr. Augusto Rey Moreno, non lembra hai canto tempo exactamente, ao redor dun mes, pero foi aí cando el falou con Gustavo por primeira vez do tema.

Conclúe dicindo que o que lle dixeran ao Sr. García Patiño el o descoñece, que el o que lle pode dicir é o que el mesmo falou coa directiva e o que ten por escrito, que ao final, é o que vale.

2º Hai unhas semanas puidemos ver na prensa que veciños de Sigrás presentaron firmas solicitando un paso de cebra en Enxertos, solicitamos se nos informe das xestións realizadas polo goberno municipal.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, informa que, efectivamente, o día 27 de decembro os veciños de Sigrás presentaron no concello un escrito con firmas, para solicitar o paso de peóns. O día 9 de xaneiro dende o concello enviouse a Fomento, que é o titular da estrada, un escrito apoiando a petición dos veciños, e, de momento, iso é o que pode informar.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que o 18 de xullo de 2011, UxC presentou un escrito no concello, e xa están no 2013, onde solicitaba que se esixira a Fomento e á Deputación da Coruña un proxecto de mellora do cruzamento da Pena de Sigrás, á parte diso tamén solicitaron que se asfaltara a N-550 ao seu paso polo termo municipal de Cambre, isto é, Sigrás, Altamira e Anceis, e solicitaron tamén o paso de cebra que piden agora, dous anos despois, os veciños.

Continúa dicindo que, o 16 de xaneiro de 2012, contestan do concello que, dado que a actuación afectaría a N-550 e a AC-214, deuse traslado do escrito de UxC á Demarcación de estradas do Estado en Galicia e á Xefatura territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Coruña, para que tivesen coñecemento del e para os efectos oportunos. Repite que iso foi o 16 de xaneiro de 2012.

O 14 de marzo de 2012, dinlles dende o concello, e vén asinado por don Manuel Marante, que lles remiten copia do informe enviado pola Demarcación de estradas do Estado en Galicia, para o seu coñecemento. Repite que están en marzo do 2012. O informe do Ministerio de Fomento, entre outras cousas, di que vai facer un viaduto alí ou que teñen un proxecto de facer un viaduto, e que o paso de peóns solicitado está en estudo, e están falando de marzo de 2012.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille ao equipo de goberno que primeiro cometeron un grande erro, porque non se trata de dar traslado a outra administración da solicitude de UxC ou dar traslado da solicitude e peticións dos veciños, senón que son eles como goberno municipal os que teñen que solicitar á Xunta de Galicia, ou esixir á Xunta de Galicia, ou a quen faga falta, aquelas cousas que pidan os veciños de Cambre. Di que ese é o primeiro erro, o segundo é que na prensa saíra o Sr. alcalde dicindo que estudarían ese tema, porque estalles dicindo que hai dous anos que o seu grupo xa pediu este tema.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que hai moitas cousas que non quedan por escrito, porque cando el recibiu o escrito o 18 de xullo de 2011, apenas tomada a posesión do seu cargo, foi directamente á Coruña a sentarse co director de Fomento, a pedirlle o paso de peóns que UxC solicitou, e iso pódello corroborar o director. Di que el fixo iso persoalmente, e non hai constancia, pero que o propio voceiro de UxC pode ir, que o director o recibirá e lle dirá que estivo sentado con el, pedindo ese paso de peóns, aínda que xa sabe que ao Sr. concelleiro iso non lle consta, que só lle constan os escritos.

Continúa dicindo que o director de Fomento tamén lle dixo que se ía facer un estudo, e que nesa estrada, a N-550, estaba previsto facer un viaduto, pero neste intre, porque hai poucos días que o volveu ver, non teñen cartos para facelo, xa teñen as

expropiacións pagadas, pero non teñen cartos para facer a obra. Di que iso é o que está previsto e que é do que lle pode informar porque esa foi a súa actuación, agora o Sr. Marante pode darlle a contestación que lle teña que dar.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez explica que calquera escrito dos veciños de Cambre ou dos grupos políticos que chega ao departamento de Servizos e Obras, e son competencia doutras administracións, eles encárganse de transmitilos a esas outras administracións, e despois poden facer algunha xestión dende o goberno para intentar presionar e axudar a que iso se leve a cabo.

Di que así se fixo en Enxertos. Agora mesmo non lembra o tempo que hai, pero cre que foi a comezos do ano pasado, máis ou menos, cando efectivamente houbo uns escritos duns veciños, que agora mesmo ten na oficina, porque viñeran e pintaran a liña continua. Só se permitía cruzar con liña descontinua vindo en dirección Santiago para a estrada que se mete cara á Cabana, e despois, en todo o treito dende alí ao cruzamento que vai cara á igrexa de Sigrás, era liña continua, e os veciños estaban cabreadísimos. Di que estiveron alí con técnicos de Fomento, coa empresa que estaba a pintar e cos veciños, el mesmo estivo ata de noite, pelexando cos veciños e técnicos por ese tema, e ao final se lles dixo que ían tratar de facer un cambio de sentido na glorieta, na entrada que hai na estrada que vai para á igrexa, aínda que ao final non se fixo nada.

Engade que xa naquel momento estaban loitando polo paso de peóns, e baixo ningún concepto os técnicos vían viable facer alí un paso de peóns, polo tanto, pídelle ao voceiro de UxC que non diga que non están traballando no tema, porque están todos traballando. Dille que tamén eles son representantes dos veciños e tamén poder ir a Fomento e protestar alí, e poden reunirse cos xefes, porque os membros do equipo de goberno poden reunirse con responsables, pero estes faranlles caso ou non, de feito, reuníronse.

Conclúe dicindo que el, dende logo, entende que non é soamente botarlle as cousas ao goberno municipal e que o goberno municipal se entenda co resto das administracións, senón que á oposición tamén os atenden, e tamén poden ir a presionar igual que os demais, porque cre que á hora de falar son todos moi lixeiros.

Don Óscar Alfonso García Patiño contesta que á hora de falar si, pero á hora de cobrar non, porque don Manuel Marante cobra por xestionar, por ser membro do goberno, e cobra por xestionar os intereses dos veciños de Cambre, de todos. Pídelle que non lle vaia dicindo que pode ir a Fomento, que claro que pode ir ata o Ministerio de Fomento en Madrid, pero non lle van facer o mesmo caso a el, un partido independente en Cambre con tres concelleiros, que ao Sr. Manuel Rivas, non lle van facer o mesmo caso, e iso don Manuel Marante o sabe.

Continúa dicindo que lle parece moi ben, que felicita ao Sr. alcalde polas xestións que fixo, pero se eles non as coñecen, é como se non as fixera, por iso teñen dúbidas de se o di ou non o di, de se o fai ou non o fai. Pídelle que lles conteste, porque eles presentaron por escrito as súas peticións, polo tanto, tamén solicitan que lles contesten, que lles digan que fixeron esas xestións, que están niso, porque se o fan así, o seu grupo daralle tempo. Disto hai máis de dous anos, e non dixeron nada ata

hoxe, así que poden decatarse que si os están deixando traballar. Eles non dubidan de que traballen, pero que escriban un pouco, que lles contesten.

Don Manuel Marante dille ao Sr. García Patiño que, efectivamente, el cobra por traballar e por xestionar, pero don Óscar Alfonso García Patiño tamén vai ao concello cobrando por atender aos veciños, para iso tamén está cobrando.

Continúa dicindo que el vén ao concello todos os días e atende aos veciños o mellor que pode. Falou deste tema cos técnicos e cos veciños, estívose preocupando, e non sabe se o Sr. García Patiño o soubo ou non, pero el o único que lle ten que comunicar ao voceiro de UxC é que deu traslado do escrito presentado á administración competente, despois, as xestións que el faga non llas ten por que contar. Se quere, o concelleiro pode preguntarlle, e el vaille contestar, pero dille que o certo é que el tamén cobra por ir ao concello, igual que o fai el mesmo, e se contan as horas que botan alí cada un, e vén o que cobra cada un, ao mellor estarían falando doutras cousas distintas.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que non sabe se o Sr. Marante asistiu ao pleno no que o grupo de UxC renunciou a cobrar as súas asignacións, pero pode dicirlle que el non cobra nada por ir a ese pleno, e repite que non cobra nada.

Don Manuel Marante Gómez dille que ese é o seu problema porque renunciou, pero que podería ter cobrado.

O Sr. alcalde chama á orde a ao Sr. Marante Gómez. A continuación dille ao voceiro de UxC que el non quere facer disto unha discusión sobre o que cobran ou non cobran, sobre o que fan uns e outros, o que si é certo é que o goberno municipal cobra por facer a súa xestión.

Continúa dicindo que, en canto ao tema do que se di ou non se di, e as dúbidas de se traballan ou non traballan, el pode dicirlle ao voceiro de UxC que cando a el lle chegou a petición dos veciños respecto do paso de peóns, el foi directamente a falar co director de Fomento, e no pleno dese mes, ou no mes seguinte, cre que foi UxC, repasará os plenos para comprobalo, fixo esa pregunta, e el contestou o mesmo que está contestando hoxe, que mandarían aos técnicos a facer un estudo, e que se o estudo era viable poñerían o paso de peóns.

Dille que está falando de hai ano e medio, porque ten boa memoria, e sabe que esa pregunta do paso peóns xa veu ao pleno, e el comunicoulles o que lle dixera o director de Fomento, don Ángel Martín. Dende entón, estivo sentado con el varias veces, e seguiu insistíndolle no paso de peóns, pero sabe que é difícil logralo mentres non se faga o viaduto, porque é unha estrada moi perigosa, e o paso de peóns pode resultar aínda máis perigoso. Non sabe cal será a solución, porque el non é técnico, pero pídelle ao Sr. García Patiño que non lle diga que non lle di as cousas, e senón, repasan a lectura dos plenos.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille que a repasarán, porque o viaduto é na Pena, e o paso de peóns é en Enxertos, e son dúas cousas totalmente distintas.

O Sr. alcalde dille que si, pero que afectan.

Don Óscar Alfonso García Patiño aclara que esa non foi unha pregunta de UxC, iso veu por un tema de infraestruturas do que estiveron falando, e foi cando el lle preguntou ao Sr. alcalde como estaba o tema, cando o Sr. alcalde contestou iso, pero que non foi unha pregunta.

Pide a palabra don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, porque di que se fixo unha alusión aos grupos da oposición cando se dixo que podían ir ás distintas administracións a solicitar ou demandar o que sexa.

O Sr. alcalde lémbrale ao voceiro de EU que están no capítulo de rogos e preguntas, e non poden comezar agora a discutir se un cobra, outro non cobra, se un cedeu ou non cedeu.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille ao Sr. alcalde que o de cobrar o di el, porque el non dixo nada diso, el está a limitarse ao que se falou antes, e, entre outras cousas, falouse dunha pregunta que fixo EU no tema da Pena.

O Sr. alcalde lémbrale ao Sr. Taibo que isto é un rogo.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregúntalle se o que pasa é que non poden intervir nos rogos dos demais grupos.

O Sr. alcalde pregúntalle se vai a intervir nunha cuestión que teña que ver con este rogo, e ante a contestación afirmativa do voceiro de EU, pídelle que continúe.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que antes o Sr. Marante remitiu ao resto dos grupos a ir ás outras administracións, e eles xa van, pero tamén recorren á administración máis próxima aos cidadáns, que é o concello, e é o concello quen ten que dar traslado dos problemas. De todos os xeitos, e se mal non se lembra, referente aos pasos de peóns, por exemplo, levan sete anos esperando polos pasos de peóns da estrada de Cambre a Cecebre.

Di que el invita ao Sr. Marante, como xa fixo algún día, a mobilizarse e ir adiante, porque el ben se acorda cando unha vez ese concelleiro pintou un paso de peóns con cal no Temple, na rúa Tapia. A el parécelle moi ben, e faille a invitación, dille que el o acompaña a pintar os pasos de peóns en Cambre, e a tomar o cachelo despois, acompañao a mobilizarse e cortar a estrada se fai falta, porque o que están vendo é que outro tipo de xestións non producen efecto, está falando dunha cousa coa que levan sete anos, proxecto, xestións, a Xunta, etc., e nada de nada.

Toma a palabra o Sr. alcalde e lembra que o actual goberno leva no cargo un ano e medio, non sete anos. Expón que tamén lle pode dicir outra cousa, que respecto da petición para colocar pasos de peóns na estrada de Cecebre, el é o primeiro en querelos, e tenos pedido, e insiste sobre o asunto, e insiste tamén na rotonda que teñen que facer na estrada do Espírito Santo. Conclúe dicindo que non lle cae en saco roto, pero que leva gobernando un ano e medio, non sete anos, así que lle pide ao Sr. Taibo que non esqueza iso.

3º Na acta da Xunta de Goberno, do día 7 de xaneiro de 2013 o concelleiro de Réxime Interior comenta que informou á representante dos laborais do sindicato UGT dos incidentes ocorridos na tramitación do obradoiro de emprego, solicitamos se informe de cales foron os incidentes.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, manifesta que como xa comentou na xunta de voceiros e nas comisións informativas, ten dúas preguntas sobre o mesmo asunto e que tentará contestar as dúas.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, informa que o seu grupo vai retirar a súa.

Don Felipe Andreu Barallobre di que, de todos os xeitos, tentará contestar ás dúas preguntas xuntas. Explica que o que houbo foi unha impugnación á selección do director, e que a partires desa impugnación teñen noticia de que a Xunta abriu unha investigación, en canto se resolva, daranlle traslado do resultado a quen lle interese, que el supón será a todos.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 830 o día 25 de xaneiro de 2013, xunto coas preguntas para este pleno.

1º Ante a situación creada polo recente temporal e intensa choiva, que provocaron inundacións e o desbordamento do río Mero, sobre todo no lugar da Ponte en Cela, causando danos e perigo para persoas e para os seus bens materiais.

Por isto o grupo de EU prega ao goberno tome as medidas necesarias para realizar unha avaliación sobre as zonas afectadas e determinar accións preventivas para as zonas inundables co fin de evitar futuros danos.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que xa tiveron unha reunión con Augas de Galicia cando comezou o desprendemento na parte da ría, na Ponte, en Cela, e agora tamén tiveron reunións polo tema das inundacións. Di que os técnicos de Augas de Galicia están facendo un informe sobre o tema, e que eles formuláronlles algunhas alternativas. En principio, xa está en estudo, pero non sabe nada concretamente que lle poida dicir.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que lle parece ben que se teña coñecemento destes temas e que se transmitan ás administracións con competencias no problema. Expón que é un tema que non se debe esquecer, porque todos comprobaron que se fixo unha rexeneración do río, que se fixo unha grande obra no sedimento do río Mero, pero a xuízo de moitas persoas houbo cousas que quedaron mal, xa que houbo meandros que se destruíron e as correntes agora son distintas a como eran antes.

Por outra parte, quen sexa competente, non sabe se é Augas de Galicia, debería apercibir aos veciños e ao propio concello, non sabe se o fan, de cando se van abrir as

comportas. El non sabe cando se abren esas comportas, se cando está a marea baixa ou con marea chea, pero agora hai marea chea e están as comportas abertas, e a auga non ten por onde tirar, non ten sitio por onde ir, polo tanto, prodúcense máis inundacións. El imaxina que serán conscientes diso, ao mellor haberá que abrilas cando haxa marea baixa, pero pide que polo menos haxa un aviso ao concello, para que este o poida anunciar nos paneis ou por outros medios, e sobre todo ás persoas afectadas, xa non vai dicir que metan un sinal como o que hai noutros lugares, onde existen uns sinais que aperciben cando se vai a abrir a présa.

Conclúe dicindo que sobre todo quere que se teñan en conta os meandros que se destruíron e as correntes que agora son distintas a como eran antes, porque por iso se destrúen os noiros como pasou en Cela, pero o máis grave é que tamén destrúen algunhas vivendas e bens dos veciños.

2º Coa finalización das obras de remodelación do Campo da Feira, existen ao noso xuízo varias deficiencias corrixibles, unha destas é a carencia de bancos para poder sentarse.

Pregamos ao goberno realice un estudo técnico e instale este tipo de mobiliario urbano, tentando non alterar o contorno nin as actividades habituais do propio campo.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que están á espera de que se faga o reparto dos postos da feira, para ver como vai quedar iso montado, e poder poñer bancos naqueles sitios onde non vaian entorpecer o funcionamento da feira.

3º En varios lugares do concello, existen contedores situados cerca dos pasos de peóns que impiden unha visión clara da calzada, tanto a condutores como ás persoas que cruzan as rúas ou estradas, supoñendo un perigo e risco de accidentes que se agrava no caso de persoas maiores con dificultade de mobilidade, sobre todo as que circulan en cadeiras de rodas, acentuándose o perigo de atropelo nas esquinas e intercesións.

Esta denuncia xa ten sido tratada con anterioridade, sen que se teña realizado un estudo e sen que se tomaran as medidas para corrixir a situación de risco permanente sobre todo nas zonas máis urbanizadas e de maior circulación.

Por isto o noso grupo prega que con urxencia se tomen as medidas correctoras para dar solución ao grave problema.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que hai uns días na Policía local dixéronlle que xa estaban ultimando o informe dos pasos de peóns, contedores e todo ese tema, de feito, esta semana tiña previsto ir, xunto co inspector da Policía local, a facer unha rolda de visitas, pero non lles foi posible, uns días por un e outros por outro. Agarda facelo a vindeira semana, para ir tratando de resolver os problemas que hai. En todo caso, di que algún dos problemas que se teñen denunciado no pleno, xa se foron resolvendo os días de atrás.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que, efectivamente, algún dos problemas xa se corrixiron, problemas que eles levaron ata dúas veces a pleno, por exemplo, por fin na rúa Estanque están situados os contedores de lixo no lugar que lles corresponde.

Sobre o estudo da Policía local, di que xa é a segunda vez que llo di, a ver se á terceira vai a vencida. Explica que eles tamén fixeron un pequeno percorrido, porque eles tamén traballan, non vai insistir no tema de cobrar, pero que saiban que eles tamén están na Corporación para facer o seu traballo, e non cobran como don Manuel Marante.

Segue dicindo que na rúa Luis Seoane os contedores están colocados no sentido contrario a onde tiñan que estar, e o mesmo na rúa Ánxel Fole, na rúa Otero Pedraio ou na rúa Francisco Rodríguez, e na urbanización da Barcala xa non di nada, en moitísimos sitios. Di que é suficiente con ir fixándose un pouco, hai un paso de peóns e os contedores adoitan estar no sentido contrario a onde deberían de estar, co perigo de que cando cruza unha persoa a poden atropelar, sobre todo como di o rogo, cando vai en cadeira de rodas, ou tamén se é un neno, porque aos nenos non se lles ve.

Conclúe dicindo que estas cousas son importantes, porque están a falar da seguridade das persoas.

Don Manuel Marante Gómez di que está totalmente de acordo en que hai que corrixir esas cousas, pero iso de que o ve todo o mundo, non será tan así, porque quen os puxo aí non o debeu de ver. En todo caso, están de acordo, e di que el vai tentar resolver o asunto o antes posible, pero xa dixo que antes teñen que facer un percorrido por todos os sitios.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 885 o día 28 de xaneiro de 2013, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Segundo puido constatar o grupo municipal do BNG, existe en numerosos veciños da praza Manuel Murguía e arredores, malestar polos novos elementos do mobiliario público instalado na dita praza, que teñen a función tanto de impedir o tráfico rodado e o estacionamento de vehículos na dita praza como a de ser utilizados como asentos polos cidadáns.

Estes veciños quéixanse de que máis alá de ser antiestéticos, son potencialmente perigosos para os numerosos cativos que fan da dita praza un lugar de recreo e esparexemento.

Dende o BNG rogamos:

Se informe do procedemento seguido para colocar os ditos bancos-bolardos na praza, de se cumpren todas as normativas en materia de seguridade e contan cos informes técnicos oportunos para a súa instalación.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, explica que a obra que se fixo na praza de Manuel Murguía, fíxose con cartos que lles sobraron do proxecto Arume, a través dunha memoria valorada que redactou o técnico municipal, e onde deixou reflectida a colocación dos bancos e o tipo de banco que se quería colocar, polo tanto, di que nese sentido entenden que cumpren con todas as normativas de seguridade, e que non teñen por que ser potencialmente perigosos para os cativos.

Dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, pregúntalle á Sra. concelleira se ela pasou por alí, e dille que iso non son bancos, que chamarlle banco a aquilo é moito, son unhas pedras, frías no inverno e moi quentes no verán, polo que alí non se vai poder sentar ninguén. É certo que impiden un dos problemas que había, iso non o dubidan, pero aquilo de banco non teñen nada, porque non teñen respaldo e non teñen nada, o que teñen son unhas arestas, e a concelleira como política pódelle dicir o que queira, pero como nai sabe que non o pode dicir, porque aquilo é un perigo para calquera cativo que pase por alí, con patíns, con bicicleta, cara ao paseo marítimo, xa que é unha zona de paso das nais con nenos e das persoas maiores.

Conclúe dicindo que seguramente non os deseñou a concelleira, pero, en todo caso, que saiba que o BNG trouxo este rogo porque a xente do Graxal está enfadada con esas pedras, que é como lles chaman, pedrolos, e están recollendo firmas para que se retiren.

Dona Rocío Vila Díaz di que a cuestión estética non a van a discutir porque acabaría discutindo con case toda a Corporación, incluídos os seus propios compañeiros, pero di que ese tipo de bancos están instalados noutros lugares, como por exemplo na praza do doctor Enrique Piñeiro, que é un concepto parecido, o propio murito da igrexa que tamén é un concepto parecido. Respecto da perigosidade, e como nai, evidentemente poden ser perigosos, pero como calquera outro elemento urbano, é dicir, que o seu fillo é o primeiro que se sube ao murito da igrexa para percorrelo todo, e ou lle das a man, ou en calquera momento cae, polo tanto di que si, que teñen esa perigosidade, pero que como calquera outro elemento urbano. Por exemplo, un banco con respaldo para un neno segue sendo perigoso, porque se é como o seu fillo, pódese subir ao respaldo e, se quere, tirarse abaixo, así que a perigosidade é relativa.

Dona M^a Victoria Amor Prieto di que ela non fala da perigosidade de que se suba un neno, iso xa é problema dos seus pais ou da persoa que o vixía, ademais que todos se subiron, todos se caeron e non pasou nada, polo tanto tampouco van ser uns alarmistas, ao que ela se refire é á perigosidade de calquera neno, ou dunha persoa maior, que vai andando, cae e dá contra esas esquinas, porque hai moitísimos e teñen unhas arestas importantes. Non se refire a que se poidan subir a eles, porque loxicamente ela pasa por alí e non se vai subir, pero é un lugar onde están xogando os nenos, pódense dar un pelotazo e caer contra o banco, e son perigosos.

2º O pasado mes de setembro o BNG trasladaba ao pleno municipal, ao abeiro das obras na praza Manuel Murguía das que acabamos de facer mención no rogo anterior, a petición da instalación dunhas papeleiras na rúa Constitución e rúas colindantes.

Dende o BNG rogamos:

Se informe de por que non se acometeu aínda tal actuación e se proceda a ela á maior brevidade.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que as papeleiras xa as teñen no almacén, pero que non puideron poñelas por falta de persoal, porque a xente que teñen na brigada de obras é mínima. Di que a xente que viña do Inem en anos anteriores, este ano non veu, só viñeron catro persoas, cando pedían vinte e pico, e por riba non lles valen para isto. En todo caso, e como dixo antes, xa as teñen no almacén, e no momento que poidan facelo, van distribuír unhas poucas por toda a zona urbana.

Dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, sinala que os veciños que viven na zona lle estarán todos moi agradecidos.

3º Afirmo o goberno municipal que en non máis de 15 días disporá dunha copia do borrador do inventario municipal entregado pola empresa encargada de tal cometido.

Dende o BNG rogamos:

Se lle entregue unha copia ao conxunto da Corporación e se realice cos representantes dos diversos grupos municipais e axentes sociais unha reunión informativa e explicativa, de carácter aberto, do dito inventario.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, expón que a próxima semana cre que xa se lles poderá pasar a todos un cd coa documentación, ademais, se lles parece ben, e dado que se vai reunir a Comisión de Urbanismo para falar dos temas do polígono, poden aproveitar para marcar aí unha reunión para falar do inventario de camiños.

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 846 o día 26 de xaneiro de 2013, xunto cos rogos para este pleno.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, di de antemán, que sobre esta primeira pregunta, posiblemente o seu grupo presentará algún tipo de iniciativa nalgún pleno proximamente.

1ª Nos meses pasados vense de poñer en marcha polo noso concello a recadación do imposto autonómico do canon da auga, que se vén cobrando no mesmo recibo que o servizo de subministración de auga. En concreto, a teor do padrón da taxa de auga potable e rede de sumidoiros, publicado no BOP do 21 de xaneiro de 2013, o importe a recadar dos veciños de Cambre por este concepto tributario é de 110.395,31€, cantidade só referida ao cuarto trimestre de 2012. Tendo en conta que estamos a falar dunha recadación de ao redor de 440.000€ anuais, cantidade que obrigatoriamente terá que ser transferida á Xunta de Galicia, o grupo municipal dos socialistas de Cambre pregunta:

Que xestións se teñen pensado facer diante do goberno autonómico para que ese diñeiro retorne a Cambre e repercuta na mellora dos servizos de auga e saneamento do noso concello?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que a propia lexislación de augas marca, no seu artigo 44, que a recadación que se obteña do canon verase afectada ao desenvolvemento de programas de gastos a nivel xenérico, polo tanto, a súa intención é poñerse en contacto coa Xunta, e de feito xa faláron con eles, polo tema da auga. A día de hoxe só levan seis meses recadando ese canon, non teñen ningún programa feito nin teñen, polo momento, lugar onde situalo, polo tanto, seguirán en contacto coa Xunta para saber como llelo van repercutir a eles en concreto.

Don José Manuel Lemos Seoane dille que é perfecto, que eles o único que din, á vista dos datos que acaban de ler, datos que están publicados e son reais, cunha contía que é importante, é que entenden que dende o equipo de goberno se debe estar á procura de que eses cartos, se non é na súa totalidade, a maior parte, retornen e dean servizo aos veciños de Cambre.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que iso non o dubide.

2ª A mediados do pasado ano aprobáronse as bases da convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida, para o exercicio 2012. Transcorridos uns meses da súa posta en marcha este grupo pregunta:

Cantos veciños resultaron perceptores desta axuda e cal foi o importe da axuda aboado a cada un deles?

Dona Mª Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que o número de solicitudes que recibiron en asuntos sociais foron dez, das cales tres foron rexeitadas por falta de documentación que non chegaron a entregar. Os sete beneficiarios percibiron cada un deles uns 500 euros, e o gasto non foi igual en todas as persoas, pois cada un utilizou o que precisou. En xeral, dixéronlles que era unha axuda importante, pero que non a utilizaron toda porque foi moi pouco tempo.

3ª Denuncian veciños de Cecebre o mal estado no que se atopa a beirarrúa que transcorre todo ao longo do camiño que dende o cruzamento de Frais vai a Apeadeiro. Ribazos caídos sobre ela, maleza que a invade e rexistros de pluviais atascados é o que se pode observar a simple vista. Por todo iso, e tendo en conta que esta é unha reclamación recorrente cada ano, este grupo pregunta:

Por que por parte da Concellería de Obras non se fai un plan de mantemento periódico desta infraestrutura viaria?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que o ano pasado reparouse toda esa beirarrúa nun proxecto repartido con outras obras máis. O problema é que esa beirarrúa é moi estreita, e claro, hai terreos que quedan máis elevados que a beirarrúa e cae o noiro para abaixo, polo tanto, di que o que poden

facen cando pase iso, é avisalos, e eles irán alí e quitarán a terra, pero insiste en que é tan estreitiña que é complicadísimo, porque habería que facer muretes de contención en todo caso.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, con independencia de que sexa estreita, é a única posibilidade que teñen os veciños da zona para circular por esa vía dun xeito seguro. Con independencia de que haxa ribazos case en vertical, que están sobre a beirarrúa, non estaría de máis que se fora falando cos veciños para achafrantar un pouco, e que o ángulo deses ribazos fose máis curto, co cal si que se impediría que a terra caese alí.

Conclúe dicindo que un problema que se pode atallar, e que é obrigado que se atalle con toda celeridade, é o tema dos rexistros de pluviais, porque el estivo por alí hai unha semana, e están todos absolutamente atascados con restos de follas e demais, polo que a auga discorre pola estrada e métese nalgunhas casas, é algo a ter en conta, e parécelle un tema bastante urxente.

Preguntas de UxC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 843 o día 26 de xaneiro de 2013.

1ª Despois das distintas noticias en prensa referentes á colaboración entre os Concellos de Cambre, Culleredo e Oleiros respecto do servizo de Protección Civil e Emerxencias, despois que o grupo municipal de UniónxCambre con data 8 de setembro de 2011 pedise por rexistro ao goberno municipal que solicitase ao Consorcio das Mariñas un estudo referente a mellorar o servizo de Protección Civil, Emerxencias e Bombeiros, despois de agardar 4 meses sen resposta, preguntamos:

- que xestión se realizou ante o Consorcio das Mariñas?
- que xestión se realizou cos Concellos de Culleredo e Oleiros? e, cal é a causa de negociar só con estes dous concellos e non co Consorcio?

O Sr. alcalde dille ao voceiro de UxC que supón que xa esgotou a súa cota de preguntas, xa que fixo catro en unha.

Continúa dicindo que no ano 2009 o xefe de Protección Civil local tivo unha boa idea, e el ten que darlle os seus parabéns porque a idea foi del, a idea e o proxecto para levala a cabo. Nese ano 2009 parece ser que ninguén lle fixo caso, así que agora expúxollo a el. El falou do tema co presidente do Consorcio, verbalmente, e o presidente díxolle que xa había concellos que tiñan parque de bombeiros, polo tanto, non sabía como ían unificar o tema, e que lle parecía mellor facer como dicía o xefe de Protección Civil de Cambre, falalo entre os concellos limítrofes que se poderían axudar para manter un servizo de 24 horas.

Así pois, el comentoullo a David Pisani, e David Pisani púxose en marcha. Falou cos responsables de Protección Civil de Oleiros e Culleredo, tivo unha reunión previa e logo el, como alcalde, tivo unha reunión cos tres no concello. Dado que Cambre vai facer un centro de protección civil mentres que que outros o teñen en moi en precario,

decidiron fixar unha reunión informal para tomar decisións e ver como se podían complementar os tres servizos de protección civil.

Segue dicindo que o asunto é ese e non hai máis, e se logo hai que presentalo no Consorcio, pois xa se fará, pero é unha reunión para tratar de facer esa xestión e que haxa servizo as 24 horas entre os tres centros de protección civil, se logo se unen os demais concellos, pois será outra historia, pero aínda está incipiente. Explica que esta reunión que estaba prevista para o día 24 de xaneiro, tívose que suspender porque David Pisani foi pai, e van convocala de novo en breves datas.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pregunta se a reunión que tivo foi cos tres xefes do servizo ou cos tres alcaldes.

O Sr. alcalde contesta que cos tres xefes, pero tamén falou persoalmente cos alcaldes de Oleiros e Culleredo e o que lle manifestaron foi que cando a idea estivera plasmada, llela comentase, e que para eles excelente.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, di que quere aclarar unha cousa, que non lle vai sacar o mérito ao xefe do servizo de emerxencias, David Pisani, no que se refire a esa manifestación de que no 2009, xa era unha idea súa e que se puxo en contacto cos departamentos para tentar consorciar ou chegar a unhas vías de colaboración entre os distintos concellos, co fin de que o servizo de emerxencias mellorase. Non obstante, di que xa no ano 2004 ou 2005, e se van á hemeroteca poderán comprobalo, esa xa foi unha iniciativa que presentou o que lles fala, e que non mereceu nese momento a atención por parte dos Concellos de Culleredo e Oleiros, se ben consideraban que, tendo en conta a que era a localización do servizo de emerxencias de Cambre na cabeceira da ría, podería haber un perfecto servizo tanto ao concello de Oleiros como ao de Culleredo.

Polo tanto, di que sen desmentir a xestión que fixo David Pisani, si houbo xestións anteriores para tentar levar ese proxecto a cabo, e haberá que ir á hemeroteca con declaracións súas e declaracións dos alcaldes de Culleredo e Oleiros, non aceptando a proposta porque consideraban que o servizo de emerxencias o tiña que prestar adecuadamente o servizo de bombeiros instalado en Arteixo, que era o cabalo de batalla, nese momento, da localización do parque de bombeiros en Arteixo.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, di que, en todo caso, el quería valorar que, polo que están expresando, están todos máis ou menos de acordo.

O Sr. alcalde manifesta que el entende a situación, e non vai entrar en valoración de se foi no ano 2005 ou 2006, a el díxolle David Pisani que foi no 2009, e el non estaba na Corporación nesas datas, polo que non vai entrar niso. Di que a el simplemente lle fixo unha pregunta UxC, el respondeu como foron os acontecementos, e os pasos a seguir van nese sentido. Todos están de acordo e todos felices de que oxalá se leve a cabo, porque os bombeiros están en Arteixo e se teñen un incidente no polígono industrial do Espírito Santo, pois igual cando chegan a nave está no solo.

2ª Para cando ten pensado o goberno municipal traer a pleno os orzamentos de 2013?

Dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que no mes de febreiro.

3^a O 18 de xullo de 2011, o grupo municipal de UniónxCambre solicitou ao goberno municipal os proxectos para a construción de beirarrúas en: A Telva, Aián en Sigrás, A Patiña, Brexo-Lema e Catro Camiños, Cecebre.

Despois de ano e medio, en que situación se atopan estes proxectos?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que o proxecto da Patiña e Brexo-Lema está na Deputación, están pendentes de estaquillar o tramo. Di que estiveron estes días de atrás e na última tempada, con técnicos da Deputación, tentando axilizar ao máximo ese tema. As noticias que ten por parte do Sr. alcalde é que probablemente se licitará na primavera.

Con respecto á Telva, Aián e Catro Camiños, Cecebre, di que xa dixo no pleno pasado que teñen encargadas unhas memorias valoradas de todo o percorrido da AC-214 e AC-221 por Cambre, dende Aián ata a Mota, e dende o Muíño ata o encoro de Cecebre. Agarda telas o mes que vén, porque xa llas ían dar en decembro, en decembro díxeronlle que en xaneiro, pero de momento non llas deron, daránlles para o mes que vén. Cando teñan todo no concello, poderán velo sen ningún problema.

Explica que son unhas memorias valoradas, despois, sobre ese proxecto, hai un compromiso do Sr. alcalde co presidente da Xunta, para ir facéndoo por tramos, e sendo costeado pola Xunta, xa que son proxectos onde van incluídos todos os servizos: beirarrúas, saneamentos onde fan falta, pasos de peóns, etc.,...

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 830 o día 25 de xaneiro de 2013, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1^a Pode informarnos o goberno do motivo ou motivos que impiden levar a cabo o proxecto de acondicionamento da ponte do Burgo e da glorieta do Paraugas?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que dende o concello se remitiu ao servizo de Patrimonio Cultural un informe dos técnicos municipais, onde queda reflectido o estado de deterioración no que se atopa O Paraugas nestes momentos. Están á espera de que Patrimonio conteste, é o que lle pode comentar, porque o proxecto é da Xunta.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que, efectivamente, teñen coñecemento do informe, e habería que felicitar ao técnico que o fixo, porque é un informe moi completo e didáctico. Son conscientes de que hai un problema co Paraugas, co seu traslado e coa descatalogación, pero o que din é que van mal de tempo, porque levan dous ou tres meses falando do tema e o que non entende é como poden estar empantanados sen levar a cabo unha obra que todos consideran de máxima urxencia, especialmente tendo en conta como está agora a ponte do Burgo, que está case intransitable estes días.

O Sr. alcalde manifesta que quizais el lle poida explicar algo máis para que quede constancia, porque seguramente o vaian ver mañá na prensa, xa que é algo que lle preguntou unha xornalista esta mañá á xefa territorial, dona Belén do Campo, que fixo unha visita ao obradoiro de emprego. Di que a obra paralizouse precisamente por culpa do Paraugas, porque había que trasladalo e no estado no que está non era posible. Iso é o que manifestou a empresa que ten adxudicada a obra, e a Xunta pensou en principio en facer un modificación da rotonda para tratar de esquivar o Paraugas, pero que el cre que no estado no que está o Paraugas, que é ruinoso segundo o informe de laboratorio que teñen todos, pois o que habería que facer é declaralo en ruína e, como é un ben etnográfico, facer unha réplica exactamente igual.

Explica que remitiron todo o asunto, xunto co informe do laboratorio, á Xunta de Galicia e a Patrimonio cultural, e que claro, que Patrimonio cultural ten os seus prazos. e aínda que eles poden insistir, o que remite todo o proxecto ao estudo é a Xunta de Galicia. Di que eles o que poden é facer forza dende o concello, é máis, cre que é o próximo día 6 cando ten unha reunión da Comisión de Patrimonio cultural, e vai preguntar polo tema.

Conclúe dicindo que é certo que están fóra dos prazos fixados. A empresa non é responsable deses prazos, por iso posiblemente a Xunta llos alongue, ou ao mellor lle rescinde o contrato, non o sabe, pero a situación é a que lles contou.

Don Luis Miguel Taibo Casás dálle as grazas ao Sr. alcalde e di que lle parece ben que se faga a forza que sexa precisa dende Cambre, pero tamén di que, posto que esa é unha actuación na que interveñen varias administracións, entre elas o Concello de Culleredo, pois non estaría de máis que ese outro concello tamén presionara pola súa banda para que se leve a cabo a obra, posto que tamén lle inflúe directamente.

O Sr. alcalde manifesta que o Concello de Culleredo é coñecedor destes temas, porque van os dous da man.

Don Luis Miguel Taibo Casás expón que, con respecto ao Paraugas, están de acordo, e o seu grupo así o entende, en que é un ben irrecuperable polo estado de deterioración no que se atopa, así o teñen manifestado e así o seguen manifestando, polo que apostan porque se faga unha reprodución coas mesmas medidas para colocala nesa zona, como un punto de referencia dos máis importantes de Cambre.

2ª Ten previsto o goberno algún proxecto de actuación, co fin de corrixir o problema pola carencia de iluminación pública no acceso á rúa Freixo na parroquia de Cela?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que van tratar de resolvelo neste ano, dentro do proxecto de mellora de eficiencia enerxética do que faláron antes. Di que na liquidación tentará meter ese treito de rúa.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que lle parece ben, porque ademais está seguro de que o Sr. Marante coñece ben ese treito. É un dos tramos máis escuros que ten o Concello de Cambre, na vía principal de acceso a unha urbanización onde moitísima xente, sobre todo rapaces e persoas maiores, teñen que

dar unha volta terrible para acceder ás súas vivendas. Di que cre que é un dos sitios máis penosos que ten o Concello de Cambre, polo que, tanto el como os veciños, agradecerían que decidan dotar de iluminación a ese pequeno espazo.

3ª Transcorridos dous meses do lamentable accidente dun neno na praza Manuel Lugrís, na actualidade non se teñen tomado medidas para corraxir a situación de perigo pola deficiente protección da varanda situada na dita praza.

Que determinación pensa tomar o goberno respecto da seguridade na dita praza?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, di que cre que no mes de marzo vai quedar resolto, como moito quedará resolto en dous meses.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que para rematar quere dicir que se alegra moito de que o compañeiro Santiago xa estea recuperado, e tamén desculpar á súa compañeira Olga, que nunca o alcalde se lembra de desculpala, e que non pode asistir aos plenos por motivo de estar de baixa.

O Sr. alcalde dille que ten razón, e que tampouco se lembrou de darlle a benvida de novo ao seu compañeiro Santiago. Dille ao voceiro de EU que agarda que a súa compañeira Olga se encontre ben.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 885 o día 28 de xaneiro de 2013, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1ª Coas recentes chuvias vén de producirse a conseguinte enchente do río Mero (ningún dos feitos achacable á xestión do goberno municipal). Veciños das zonas próximas ao leito do río e ás súas ribeiras sinalaron nos medios de comunicación falta de previsión na apertura das comportas do encoro de Cecebre á hora de tentar minimizar os efectos do aumento da auga en depósito como consecuencia das chuvias.

Tense recabado información ou realizado algunha xestión diante do organismo competente para tentar determinar a existencia real do problema e buscarlle solución?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que loxicamente esa é unha competencia de Augas de Galicia e Emalcsa. Explica que cando chove, en condicións normais, o que adoita soltar o encoro son 10 metros cúbicos por segundo, nestes días das inundacións, a pesares de que entraban 50 metros cúbicos por segundo, soltábanse 40. Di que o encoro está ao redor do 60% da súa capacidade, e que os técnicos saberán ata que punto poden xogar con ese tema, porque se o teñen moi baleiro pode pasar que dentro dun mes ou dos non chova e despois haxa problemas no verán, ou ao contrario, se está moi cheo e vén un temporal moi forte, pois pasa o que pasa, que hai inundacións.

Segue dicindo que eses organismos son os responsables, son os que fan os estudos metereolóxicos para que iso funcione facendo o menos dano posible, pero sempre hai

altercados cando hai un temporal forte de choiva. Explica que cando hai unhas previsións metereolóxicas moi, moi adversas, si que se poñen en contacto co concello, pero en condicións normais non, e, efectivamente, sobre todo os veciños que están metidos na zona da Ponte en Cela ou os do Caneiro, teñen problemas dende sempre, porque son zonas inundables. Antes fixeron referencia aos meandros, pois ben, dos meandros que hai alí tense falado, para ver se as augas descorren con máis velocidade e todas estas cousas, para ver se poderían varialos, pero Augas de Galicia non está polo labor, e polo momento iso é o que hai.

Conclúe dicindo que os que están en zonas inundables, cando ven que se achega un temporal destes, terán que estar, loxicamente, atentos. Di que esta vez inundouse a casa esa que saíu na prensa, o problema foi que o río ao subir entroulle á casa polos desaugadoiros que tiñan no muro para botar fóra a auga do que chovía. Ese é o problema de estar pegado ao río.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, di que están falando dun tema moi sensible, como é a inundación dun lugar onde vive determinada xente. El entende que é lóxico que esas persoas, na súa situación, pensen que se podían facer as cousas mellor. Tamén ve que é lóxica, un pouco, a resposta de Emalcsa, porque ten as oficinas na Coruña e el cre, por moitas cousas, que Cambre realmente non é que lle importe demasiado.

Di que Emalcsa é quen ten a potestade para este tipo de cuestións, para determinar cando se abren ou deixan de abrir as comportas da présa, e, loxicamente, eles teñen uns técnicos e toman as decisións con base en determinados parámetros. A pregunta que dende o Bloque están a facer é se é posible, ben falar con Augas de Galicia, ben coa Confederación Hidrográfica, o que sexa, para ver se realmente se está facendo todo o posible. Fálabase das mareas, da previsión que poida haber, pero do que se trata é de afinar na medida do posible un pouco máis, para ver que danos se poden evitar, porque moitas veces xa non é tanto a cuestión monetaria, senón a molestia que ten supor para eses veciños, polo tanto, se eles ven, que sen gastar cartos, é posible recorrer a outros organismos públicos para cercionarse de que se está facendo todo o humana e tecnicamente posible para minimizar os danos, pois que se faga. Explica que di isto porque un pouco a imaxe que eles mesmos teñen como grupo político é que Emalcsa se limita un pouco a ir sobre o papel, e evidentemente eles terán todo perfectamente calibrado e xustificado, pero se fose posible ter un pouco máis de previsión, pois que se intente, que se intente dende o concello defendendo aos veciños.

2ª Cales foron os incidentes ocorridos na tramitación do último obradoiro de emprego?

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, di que a segunda pregunta decae posto que xa foi formulada polos compañeiros de UxC e respondida polo goberno municipal, polo que pasa á terceira.

3ª Vén de anunciar o goberno municipal que a partires de agora en calquera proceso de selección de persoal no que interveña o concello pagaranse anuncios na prensa, entendemos que escrita. Sendo este un procedemento reglado para determinadas actuacións:

Non considera o goberno municipal que quizais un esforzo nas redes sociais, páxina web, base de correos electrónicos, paneis informativos, notas en instalacións municipais, e o envío de notas de prensa aos propios medios de comunicación, poderían aforrar o dito gasto?

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, contesta que os medios alternativos que se propoñen polo BNG xa se veñen utilizando en todas as convocatorias, pero eles detectaron que a pesar de facer eses esforzos cada vez que hai algún tipo de convocatoria, e que se fan tanto nas redes sociais, como na páxina web, nos paneis informativos ou mandando notas de prensa, o medio máis eficaz que teñen ao seu alcance, son os diarios de maior difusión que hai na provincia. O certo é que non sempre as noticias que eles envían dende o concello se cubren da mellor forma nos medios de comunicación, por iso buscaron unha forma de garantir que haxa a posibilidade de que todos os veciños e, sobre todo, todos os parados, teñan información sobre as convocatorias que fai o Concello de Cambre e as posibilidades que teñen de acceder a un posto de traballo, ou a un curso de formación dos ofertados polo concello. Creron que era conveniente facer un anuncio en prensa, para darlle a maior difusión posible.

Conclúe dicindo que eles asumen que iso vai ter un custo, pero o certo é que, polo menos este ano, e seguramente o vindeiro ano, van ser poucas as posibilidades que terán de ofertar emprego público, así que supón que será un gasto asumible para as arcas municipais. En todo caso, é unha cuestión de favorecer e permitir que todos os cidadáns, todos os veciños, coñezan os procedementos de selección.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

Mª Luisa de la Red Ampudia

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 31 DE XANEIRO DE

2013

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta e un de xaneiro de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asisten, con escusa, don José Antonio Orosa Fernández, de UxC, e dona M^a Olga Santos López, de EU.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2012, á sesión ordinaria do día 29 de novembro de 2012 e á sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2012

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2012, á sesión ordinaria do día 29 de novembro de 2012 e á sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2012.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, do PSdeG-PSOE, manifesta que quere facer unha modificación ao borrador da acta de data 27 de setembro de 2012. Na páxina 25 da acta, eliminar o 5º parágrafo onde dicía: "O Sr. alcalde volve a chamar a atención a dona Margarita Iglesias Pais", substiuíndolo pola frase: "Dona Margarita Iglesias Pais solicita unha cuestión de orde", e modificando o comezo do seguinte parágrafo que pasaría a dicir: "Toma a palabra o Sr. alcalde e pídelle á Sra. concelleira que lle permita, que como el non é avogado". Explica que se comprobou a redacción co audio da sesión.

Non se formulan máis alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores, coa modificación efectuada pola concelleira do PSdeG-PSOE ao borrador da acta do día 27 de setembro de 2012.

2º Proposta de aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal núm. 7, reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 25 de xaneiro de 2013, na que se propón a seguinte modificación do artigo 6.2 da Ordenanza fiscal núm. 7, reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas, segundo consta no anexo que se achega á proposta:

“Artigo 6º. – Tarifa

(...) 2. Cando o que realice a obra teña o carácter de asociación inscrita no Rexistro municipal de asociacións veciñais ou, non tratándose de tales asociacións, o orzamento da obra non supere os 1.200,00 euros, a cota pola que se tributará será cero, excepto cando se trate de colocación de carteis visibles dende a vía pública, que será a que lle corresponda segundo o apartado anterior.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 29 de xaneiro de 2013, no que se modificou a proposta, ditaminándose favorablemente a modificación do apartado 2 do artigo 6, segundo se transcribe a continuación:

“Artigo 6º. – Tarifa

(...) 2. Cando o que realice a obra teña o carácter de asociación inscrita no Rexistro municipal de asociacións veciñais ou, non tratándose de tales asociacións, o orzamento da obra non supere os 1.200,00 euros, a cota pola que se tributará será cero.

No suposto de que se trate de colocación de carteis visibles dende a vía pública con fins comerciais, a cota será a que lle corresponda segundo o apartado un.”

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que tendo en conta a modificación que se realizou, a suxestión do seu grupo, no texto que se propoñía como artigo 6.2 da Ordenanza fiscal núm. 7, entenden que se distingue perfectamente o que é a colocación de carteis sen ánimo de lucro, que evidentemente estarían exentos cando sexan colocados por asociacións, ou por particulares se o seu importe é inferior a 1.200 euros, daqueles outros casos nos cales ese tipo de carteis son colocados por empresas que se dedican a esa actividade con carácter comercial. Entenden que nese sentido queda bastante máis claro, e o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai cambiar o voto emitido nas comisións, e tamén van votar a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que no mesmo sentido van cambiar o voto das comisións e van votar a prol. Cre que a ordenanza non satisface plenamente a ningún dos membros da Corporación, pero tamén pensa que é mellor unha ordenanza que ningunha ordenanza, de aí o seu voto a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, expón que o seu voto vai ser abstención, xa que estando en parte de acordo co que se acaba de manifestar no pleno, lembran que eles propuxeron que se pospuxera a aprobación da ordenanza, suxestión que non foi tida en conta por ningún dos grupos da Corporación.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que mantén o voto favorable da comisión informativa.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, o concelleiro presente de EU e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por dezasete votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal n.º 7 reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas, tal e como consta a continuación:

“Artigo 6º. – Tarifa

(...) 2. Cando o que realice a obra teña o carácter de asociación inscrita no Rexistro municipal de asociacións veciñais ou, non tratándose de tales asociacións, o orzamento da obra non supere os 1.200,00 euros, a cota pola que se tributará será cero.

No suposto de que se trate de colocación de carteis visibles dende a vía pública con fins comerciais, a cota será a que lle corresponda segundo o apartado un.”

Segundo: A citada ordenanza fiscal comezará a aplicarse a partir do día seguinte ao da súa publicación definitiva no *Boletín Oficial da Provincia* e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Terceiro: Expoñer ao público no taboleiro de edictos do concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da modificación da ordenanza fiscal durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no *Boletín Oficial da Provincia*. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza fiscal, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, o acordo adoptado quedará

definitivamente aprobado.

Cuarto: Publicar no *Boletín Oficial da Provincia* o acordo definitivo que, unha vez transcurrido o período de exposición pública procede adoptar, así como o texto da ordenanza fiscal aprobada.

3º Proposta de modificación do acordo adoptado polo Pleno da Corporación de data 27 de decembro de 2012, de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2013)

Vista a proposta do concelleiro delegado de Obras e Servizos de data 24 de xaneiro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda e pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo de data 29 de xaneiro de 2013.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que se trata de dedicar a gasto corrente a partida que estaba prevista para aforro e mellora da eficiencia enerxética, que era de 115.190 euros, dado que os técnicos da Deputación entenden que ese proxecto é unha subministración e non unha obra. Polo tanto, pasan esa partida a gasto corrente, co compromiso de acometer o proxecto con recursos propios do concello neste ano.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que van seguir a liña de votación que estableceron cando se aprobou por parte do Pleno o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, naquela votación abstivéronse, así que tamén o van facer na súa modificación.

Concedida a palabra aos voceiros dos grupos municipais de UxC, EU e BNG, todos eles manifestan que manteñen o voto das comisións e vanse abster.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el vai votar a prol, como xa fixo na comisión.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, o concelleiro presente de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a modificación do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, no que se recollen as obras que o concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
Renovación de firme nas parroquias de Santa María de Vigo, Pravio e outras, Cambre 2012	227.834,30 €	0,00 €	227.834,30 €
SUBTOTAL OBRAS	227.834,30 €	0,00 €	227.834,30 €

Aprobar o proxecto da obra incluída na anualidade 2013 e que se relaciona nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	164.258,52 €
---	--------------

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	227.834,30 €	0,00 €	227.834,30 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	164.258,52 €	0,00 €	164.258,52 €
TOTAL	392.092,82 €	0,00 €	392.092,82 €

Segundo: Aprobar o Plan complementario do ano 2013 no que se inclúe a obra que a continuación se indica e aprobar o correspondente proxecto:

Denominación da obra	Presuposto
Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple, e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012	165.401,63 €
TOTAIS	165.401,63 €

Terceiro: Declarar que o concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto: Solicitar á excma. Deputación provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se producese efectivamente.

Quinto: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

Sexto: Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sétimo: Facultar expresamente ao Sr. alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4º Mocións ou propostas urxentes

A continuación, o Sr. alcalde explica que hai unha moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, que el considera que se trata dun rogo, non obstante, tendo en conta que xa lles foi entregado o informe elaborado pola secretaria xeral sobre o ROM, co fin de levar a cabo a súa nova redacción, vaíse dar lectura ao texto presentado polo grupo socialista.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE respecto dos recortes en materia de Servizos Sociais

Rexistrada de entrada ao núm. 847 o día 26 de xaneiro de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“O risco de exclusión social é cada día maior no noso país. O aumento do desemprego provocou un aumento do número de fogares sen ningún tipo de ingresos.

Efectivamente, a día de hoxe, os fogares españois con todos os seus membros en paro son 1.737.600. Xa hai un millón e medio de parados que non cobran prestación; e hai máis de 300 desafuzamentos diarios. Un 21% da poboación en España vive por baixo do limiar da pobreza (INE 2012) e a infancia converteuse no colectivo máis afectado pola pobreza no noso país (2 millóns de nenos viven nesta situación).

Sen dúbida, a crise e os recortes están a afectar gravemente á cohesión social. A pobreza esténdese acadando tamén a clases medias, subitamente empobrecidas; e, ademais, intensifícase porque hai máis pobres, e estes teñen menos que antes. E o peor é que, ao non producirse ningún indicio de mellora, esta situación está a facerse crónica.

A pesar desta dramática situación, o PP non só non foi capaz de articular unha resposta positiva senón todo o contrario, dende o mesmo momento en que tomaron posesión, o goberno de Rajoy puxo en marcha unha política descontrolada de recortes

e axustes que está a provocar o desmantelamento dos servizos públicos básicos, agravando aínda máis a situación de moitos cidadáns.

Así, os fondos para programas que xestiona o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para menores infractores e para menores en situación de dificultade social e malos tratos (2 millóns euros), o Plan de Acción para persoas con Discapacidade (1,3 millóns euros) e os fondos para a teleasistencia (30 millóns euros) sumpríronse directamente dos Orzamentos xerais do Estado. Outros programas, como o Plan concertado, sufriron recortes brutais: 30 millóns de euros para 2013, o que supón unha diminución do 40% respecto de 2012 (entón destináronse ao redor de 50 millóns), e do 65% respecto do último orzamento do goberno socialista (2011).

O Plan concertado é un instrumento estatal fundamental para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais. Co fin de manter e desenvolver unha rede de servizos sociais de atención primaria, xestionada polas corporacións locais, o Estado cofinancia proxectos que teñen os seguintes obxectivos:

1. Proporcionar á cidadanía servizos sociais adecuados que permitan a cobertura das súas necesidades básicas.
2. Dotar de apoio económico e asistencia técnica ás corporacións locais para o desenvolvemento das súas competencias.
3. Consolidar e ampliar a rede básica de servizos sociais municipais, para desenvolver as prestacións de servizos sociais de atención primaria, entre as que se atopan a axuda a domicilio e a teleasistencia.

Nos últimos días, coñecemos a través dos medios de comunicación que o goberno central ten decidido retirar de todo a súa achega para financiar os servizos sociais dos concellos. Trátase dunha decisión que pon en perigo o futuro dos servizos sociais municipais no momento en que as familias necesitan máis axuda. Xusto neste momento, o goberno de Rajoy abandona o plan e deixa nunha situación moi difícil ás administracións locais e autonómicas para soste estes servizos básicos.

Por todo o anterior o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta para a súa votación en pleno as seguintes propostas de acordo:

Primeiro: Rexeitar os recortes realizados polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para sufragar a rede de servizos sociais comunitarios no orzamento de 2013.

Segundo: Instar ao Goberno de España a manter e soste un sistema público de servizos sociais de nivel primario que permita atender a toda a cidadanía e dar resposta á esixencia da Constitución Española de garantir unha serie de dereitos sociais e, por tanto, o exercicio da igualdade de oportunidades.

Terceiro: Esixir ao Goberno de España que repoña os fondos do Plan concertado e do programa de teleasistencia, como mínimo aos niveis de 2011, ademais dun compromiso financeiro de futuro destinado a garantir a viabilidade dos servizos sociais básicos.

Cuarto: Dar traslado dos presentes acordos ao presidente do Goberno de España, á Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, e ao presidente da Xunta de Galicia.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que poderían estar de acordo coa moción, pero o certo é que non o están, e quere explicalo, porque é moi sinxelo. É certo que houbo un recorte nos medios que o goberno central vai poñer a disposición das entidades locais, pero tamén é certo que as competencias ás que fai referencia a moción son competencias das entidades locais, así que eles poden optar por vivir de subvencións, ou poden asumir as súas propias responsabilidades, e esas responsabilidades son prestar unha serie de servizos.

Continúa explicando que el o que lles pode anunciar agora mesmo é que na proposta de orzamentos que van presentar non dentro de moito tempo, esas partidas en concreto vanse ver aumentadas un 43%. Por iso cre que en Cambre non se vai sufrir moito este tema, e se se sofre noutros concellos será porque se lle dará prioridade a outros servizos que non serán estes. Por iso el dixo ao principio que poderían estar de acordo con esa moción, porque efectivamente isto ten que ser unha prioridade, é competencia dos concellos, pero tamén é responsabilidade deles dotar os fondos para que se presten en condicións eses servizos. Di que o Concello de Cambre non só ten previsto mellorar a prestación deses servizos, senón que tamén ten creado outro, como é a despensa de alimentos, tamén fixo as negociacións para que se poida instalar a Cruz Vermella no concello, ou sexa, si que se van a mellorar os servizos para os veciños de Cambre, e por todo isto eles non poden estar de acordo en reclamar ao goberno central nin á Xunta que lles dean máis axudas para cumprir coas súas obrigas, porque é a súa obriga, eles cumprirán con ela, e non só iso, senón que aumentarán substancialmente un 43% o orzamento.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que a moción, como o voceiro do PP ben pode entender, atende a un principio de solidariedade con todas aquelas persoas que o están pasando mal. Di que celebra o incremento ao que se fixo referencia e agarda poder velo, pero tamén lle di que lle parece un luxo que eles, que beben das decisións que se toman en Madrid, se poidan permitir o luxo de comprometer diñeiro doutras partidas para segundo que servizos. Parécelle que non ten moito sentido a xustificación que fixo o voceiro do PP.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre responde que entón entrarían a falar doutra cuestión, como é o sistema de financiamento das administracións locais, onde cre que están todos de acordo en que hai que mellorar. Eles o que teñen claro é que isto é competencia dos concellos, é competencia do Concello de Cambre, e é competencia do goberno municipal. O que eles teñen que facer é, non só garantir os servizos, senón na medida do posible melloralos. Esa é a súa responsabilidade, están a cumprila e van melloralala.

Outro tema distinto é o sistema de financiamento das administracións locais. El persoalmente, e cre que é a opinión de todo o goberno, considera que as administracións locais non poden vivir de subvencións, teñen que ter un sistema

consolidado de financiamento que non dependa dos vaivéns políticos ou das decisións que se tomen noutras administracións, pero ese é outro tema distinto.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo está totalmente de acordo coa moción, van votar a prol, non teñen que poñer nin unha coma. Tamén celebran que na proposta que se vai traer para o novo orzamento do 2013 esas partidas se vexan incrementadas, o que non entenden é por que van rexeitar unha subvención e van investir o diñeiro dos recursos propios dos veciños de Cambre para aumentar esas partidas, se teñen unha subvención. Ese diñeiro que van ter que empregar agora para esas partidas, poderíase utilizar para outras cousas, polo tanto, terían máis diñeiro e farían máis cousas polos veciños de Cambre. Di que non son suficientes as razóns que está dando o voceiro do PP, polo menos así o entende el. Conclúe dicindo que o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo, como non pode ser doutra maneira, vai apoiar a moción do partido socialista.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o seu grupo queren felicitar ao grupo socialista pola moción presentada. Están totalmente de acordo e por suposto que van votar a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde, concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM. Votan en contra os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

A Corporación, por once votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

A continuación, o Sr. alcalde concédelle a palabra ao voceiro do grupo municipal de UxC, para xustificar a urxencia da moción presentada por ese grupo.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, explica que a urxencia da moción vén dada polos acontecementos que estaban ocorrendo co polígono do Espírito Santo, e pola anterior moción que tamén trouxeron por causa da modificación no polígono.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de UxC. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal de UxC relativa a que se paralice inmediatamente a tramitación da modificación puntual das Normas subsidiarias, en vigor, para a ampliación do solo industrial nos bordos do Plan parcial Espírito Santo-Cecebre

Rexistrada de entrada ao núm. 842 o día 26 de xaneiro de 2013.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño explica que para o pleno de hoxe o seu grupo presentou unha moción co fin de paralizar a tramitación do expediente relativo á modificación puntual das Normas subsidiarias en vigor, para a ampliación do solo industrial no polígono do Espírito Santo. Di que onte tiveron unha reunión da xunta de voceiros, convocada urxentemente polo Sr. alcalde, na que se lles falou dunha posible solución ao que UxC reclamaba con esta moción, e dun posible proxecto, o cal pode chegar a ser beneficioso para os veciños de Cambre.

Explica que a man aberta de UxC cara á vontade e á confianza, non significa un cheque en branco para o goberno municipal, por iso necesita ser compensada con acordos, obrigacións e compromisos. Ante esta nova situación o seu grupo propón deixar sobre a mesa a moción presentada, pero coas seguintes condicións:

- a) Que se convoque a Comisión Informativa de Urbanismo nas vindeiras semanas, para definir e concretar cales son as garantías que se consideran suficientes para dar credibilidade a este proxecto.
- b) Que unha vez definidas se dea un prazo para que o interesado ou interesados presenten os documentos que garanticen o fin buscado, que non é outro que o de crear empresas e emprego.
- c) Que tanto para o apartado a) como b) se dea un prazo de 3 meses.

De non cumprirse estas condicións, agás por causas xustificadas, que deberán ser aprobadas no seo da Comisión de Urbanismo, o acordo quedará sen efecto.

Considera que isto é un pouco o que faláron na Xunta de Voceiros, o único que está pedindo aquí a maiores é crear urxentemente a Comisión de Urbanismo para tratar o tema.

Neste punto, e ante as manifestacións que fan outros concelleiros presentes no salón, o voceiro de UxC di que tampouco tería problema en que fora a xunta de voceiros a que se reunira. Pregunta ao Sr. alcalde se está de acordo.

O Sr. alcalde contesta que el entende que para non ler a moción e non votala, o que lles está propoñendo é crear unha Comisión de Urbanismo.

Don Óscar Alfonso García Patiño aclara que non, que a comisión xa a teñen, simplemente se trataría de convocala, non creala, pide desculpas se se expresou mal.

Tamén, como dixo o Sr. Baamonde, poden convocar unha xunta de voceiros para seguir tratando o tema que comezaron onte a tratar, simplemente están pedindo iso.

O Sr. alcalde di que iso como primeiro punto, e pregunta polo segundo.

Don Óscar Alfonso García Patiño contesta que se trata de definir que tipo de proxectos, que tipo de garantías lles ofrecen para seguir adiante. É o que faláron onte, nin máis nin menos.

O Sr. alcalde di que, entón, de acordo, que deixan a moción enriba da mesa, e que a xunta de voceiros será convocada na vindeira semana.

A continuación, o Sr. alcalde pide que o voceiro de EU xustifique a urxencia da moción presentada polo seu grupo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, explica que a urxencia cre que se xustifica por si soa. O que lle estraña é que haxa que xustificar a urxencia no caso das mocións de UxC e EU, cando a primeira non se xustificou, pero que non pasa nada.

O Sr. alcalde di que foi un fallo.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que el xa sabe que hai moitos fallos nese sentido, pero que non ten problema, porque a propia exposición de motivos da moción xa xustifica a urxencia da súa presentación. É unha moción que vén motivada por unha polémica que creou o goberno local relacionada coa feira de Cambre. Para o seu grupo non era necesaria a polémica respecto de se a feira volvía para o seu lugar de orixe, ou se se mantiña nas inmediacións do centro de saúde. Eles interpretaron que o cambio de localización da feira estaba motivado polas obras que se fixeron no Campo da Feira, e que inmediatamente despois de rematadas a feira volvería para o lugar onde se desenvolveu durante case 300 anos. Cre que a xustificación está máis que feita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

C) Moción do grupo municipal de EU para situar a feira de Cambre no seu lugar tradicional

Rexistrada de entrada ao núm. 780 o día 24 de xaneiro de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“No ano 2007 o Concello de Cambre, presentou o Proxecto ARUME financiado con recursos dos fondos FEDER, dentro do cal se incluía unha partida de 450.801,20 euros, para a elaboración dun estudo e realización das obras necesarias para a *Rexeneración urbana do Campo da Feira de Cambre*.

O Campo da Feira, é un espazo público de referencia no centro neurálxico da capital municipal, onde temos que destacar os aspectos socioculturais e históricos que ao longo dos anos veñen desenvolvéndose no lugar, e que o conxunto da Corporación ten a obriga de respectar, poñer en valor e transmitirlo nas mellores condicións ás vindeiras xeracións, recuperando o seu carácter funcional como un dos símbolos máis importantes do concello e dinamizador da economía local.

Neste lugar (segundo consta descrito no Catastro do Marqués da Ensenada) vense realizando a actividade da feira dende o ano 1752, e máis concretamente a partir do ano 1853 se celebra os días 2 e terceiro domingo de cada mes.

Para o grupo municipal de EU, desatouse unha polémica, ao noso xuízo incomprendible e carente de razoamentos obxectivos, pola colocación da actividade da feira no seu lugar de orixe, ignorando antecedentes históricos, económicos e culturais, que non obedecen ao interese común e sentir da cidadanía de Cambre, que é o que debería predominar nunha actuación tan relevante como a que estamos a tratar.

O actual goberno e o conxunto da Corporación, debemos ter presente que entre os obxectivos estratéxicos da intervención, o proxecto en cuestión contempla consolidar o sentimento identitario da poboación cara á praza, referente histórico no municipio pola tradicional celebración da feira, coñecida en toda a comarca, á que concorre numerosa poboación; por conseguinte, un dos usos é a celebración de feiras (dúas mensuais) así como outros eventos.

Con base no anteriormente exposto, o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Encomendar ao goberno municipal que inicie de inmediato as actuacións necesarias para levar a cabo o traslado e recolocación das dúas feiras mensuais que se celebran en Cambre, ao seu lugar de orixe, é dicir, ao Campo da Feira.

Segundo: Tendo en conta a diferente configuración da praza trala súa remodelación, e aproveitando o maior espazo dispoñible, encomendar ao goberno a realización dun estudo que permita unha organización harmónica dos postos segundo as necesidades e prioridades da propia actividade comercial, co obxecto de que a feira estea organizada e ordenada.

Terceiro: Sopesar a posibilidade de dotar un espazo diferenciado para aqueles postos que xeren residuos, así como poñer á súa disposición elementos de destrución deses residuos, tales como contedores ou bolsas de lixo para evitar a deterioración da praza, e conservala nas mellores condicións posibles.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo xa avanzara que ía estar totalmente de acordo coa moción, co primeiro

punto, por suposto, xa se avanzou publicamente que todos os grupos estaban a prol de subir a feira á súa situación orixinal. En canto ao segundo e terceiro tamén teñen que estar de acordo, pero xa lle avanza que eses estudos que se solicitan na moción xa están feitos, agora o que hai que facer é licitar os postos e poñelo en práctica.

Conclúe dicindo que, polo tanto, están totalmente a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que ten razón o voceiro do PP, porque non é estraño, xa se repetiu en máis ocasións, o seu grupo municipal presentou esta moción o xoves pasado por rexistro, e o goberno municipal, sen agardar a que esta moción se debata, xa adianta aos medios de comunicación a contestación da moción, onde se perde o respecto á Corporación, ao Pleno e aos veciños. Di que ten a nota de prensa na que xa se fala do primeiro, do segundo, e do terceiro punto, e dende o goberno municipal estase contestando que a feira vén para arriba, que se vai facer unha recolocación dos postos, e que se vai facer un estudo, ou sexa, están contestando á moción nos medios de comunicación, como teñen por costume facelo.

Continúa explicando que crearon unha polémica dicindo que se ía facer un referendo, que se ía falar cos feirantes, que se ían facer un montón de cousas, e claro, despois o goberno municipal vén detrás do problema, porque lle viron as orellas ao lobo, viron que a xente de Cambre e os propios feirantes tiveron unha reacción ao estimar que a feira debería celebrarse no seu lugar de orixe, por iso eles rebobinan e veñen coa feira cara arriba.

Considera que tamén é incomprendible o da xunta de voceiros do outro día, onde o voceiro do PP aínda tiña presente o de facer unha consulta, e vai o Sr. alcalde e o contradice, na propia xunta de voceiros, ou sexa, que os demais asistentes non sabían se estaban de acordo entre eles. O voceiro do PP falou de facer a consulta como un motivo de participación cidadá, e o Sr. alcalde dixo que non, que el pensaba que a feira tiña que volver ao seu lugar de orixe, porque o lugar onde está agora era algo momentáneo. O equipo de goberno é o que xera a polémica, e despois, en vez de vir ao pleno e contestar a moción, dedícase a contestar nos medios de comunicación, o cal considera que é unha falta de respecto ao Pleno, aos concelleiros e aos grupos políticos.

Como xa dixo antes, o goberno viu a reacción que houbo e non tivo interese ningún en preguntar, o propio alcalde recoñeceu que non fixera ningún tipo de enquisa, que non preguntara. O seu grupo si que preguntou, foi á feira, preguntoulle aos feirantes e preguntoulle aos veciños de Cambre sobre o tema da localización. Tamén lle preguntaron aos hosteleiros, e dille ao Sr. alcalde que algúns hosteleiros de Cambre, e algún comercio de Cambre, recoñeceran que se vendía un 50% menos o día de feira coa súa situación aló abaixo, incluso algúns establecementos de Cambre dixeran que estaban dispostos a pechar o día da feira se non volvía para arriba, e imaxina que iso chegaría aos oídos do goberno. Nalgún comercio onde podían traballar dúas ou tres persoas, dixeran que igual non traballaba ningunha, e cre que ningún dos presentes está disposto a perder ningún posto de traballo.

Insiste en preguntar como se lles ocorre falar de facer un referendo sobre se a feira vén para arriba ou queda aló abaixo, di que iso é como preguntarse onde se enterran os mortos en Cambre, enterraranse no cemiterio, así mesmo a feira ten que volver para o Campo da Feira, senón habería que cambiarlle de nome. Para el é inventarse unha vila que non existe.

Di que xa lles pediu o outro día que se fixeran á idea de que haxa un enterro, por exemplo, pregunta se xa tiñan previsto por onde ía pasar o enterro. Nos días de choiva iso é un río, el comprobouno, e precisamente o outro día que chovía pasaba a auga a unha altura de varios centímetros. E no verán, como dicía a xente alí, os queixos se derreten, porque non hai nin un lugar de sombra. Por todo iso, é polo que di que non debería haber discusión ningunha, fíxose unha obra, terminouse, e a feira para arriba, nin máis nin menos, así teríase evitado moitísima polémica, polémica que xerou o goberno municipal.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que quere aclarar algo, porque vendo a intervención do voceiro de EU puido terse xerado algunha dúbida para os veciños, que ao mellor non entenderon a súa primeira intervención. El o que dixo foi que estaban totalmente de acordo coa moción, que o goberno apoia que a feira volva para o Campo da Feira unha vez que se liciten os postos, e que tamén estaban de acordo co punto segundo e terceiro, porque eses estudos xa estaban feitos. El non cre que haxa polémica, están totalmente de acordo co punto primeiro, co segundo e co terceiro da moción, totalmente de acordo, pero que ninguén teña dúbidas de que o goberno está totalmente de acordo con que a feira suba para o Campo da Feira.

Quería dicir simplemente iso, porque pola intervención que fixo o Sr. Taibo, ao mellor algún veciño se quedaba coa idea de que o goberno nalgún momento dixo que quería que a feira estivera na estrada do cemiterio, e nada máis lonxe da realidade. O goberno de Cambre en ningún momento dixo que quixera que a feira estivera abaixo, nunca, en ningún momento. Eles expuxeron unha cuestión e o que din agora mesmo é que están totalmente de acordo coa moción que presentou EU.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, efectivamente, el tamén o entendeu como dixo o Sr. Andreu. El ao que se estaba referindo é á polémica xerada durante case un mes, porque no pleno pasado, o grupo de EU fixo unha pregunta sobre a localización dos postos do Campo da Feira, sobre como se ían estruturar, e a concelleira responsable de Facenda contestou que ía convocar unha xunta de voceiros para estudalo, e el dixo que lle alegraba e que lle parecía ben que fixese iso, pero pasou un mes e non os convocaron a esa xunta. Di que se uns días despois do pleno os tiveran convocado, teríase evitado todo ese tipo de polémica.

Por outra parte, dille ao Sr. Andreu que o que si houbo foi algún tipo de manifestación dalgún membro do goberno, que é verdade que si alarmou ás persoas. Hai un responsable do goberno municipal que si dixo que lle gustaba máis a feira aló abaixo, e iso non é unha opinión persoal, é a opinión dun membro do goberno, dun responsable do goberno, porque lle estaban preguntando como responsable de goberno, non como cidadán de Cambre. Por iso el se referiu á polémica que se creou, porque incluso, el non o sabe se foi así polo que tampouco o vai afirmar, pero hai quen

dixo que algún concelleiro do equipo de goberno dixo que o goberno municipal prefería que a feira quedara alí abaixo.

Conclúe dicindo que non é cuestión de gustos, a feira é cuestión de interese común, do interese do pobo de Cambre, e cre que está demostrado que o interese do pobo de Cambre é que a feira volva para arriba. Por iso el se refería antes a que se creara unha polémica que non tiña lugar, sinceramente non habería que crear esa polémica.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el vai ser claro e conciso, porque sobre gustos cada un pode expresar os seus e el ten que defender ao membro do seu equipo de goberno como persoa. As declaracións aos medios de comunicación pódense facer como persoa ou como responsable político, a cada un pode gustarlle a feira arriba ou abaixo, e pode expresar publicamente ese gusto. Di que o voceiro de EU non atopará outra declaración do alcalde que non sexa a que dixo o primeiro día, que se facía un traslado provisional da feira á estrada do cemiterio e que cando acabara a obra a feira volvería á súa orixe. Iso foi o que dixo o primeiro día o alcalde, e segue a mantelo, porque el é consciente do que o Sr. Taibo dixo, os hosteleiros de Cambre, os comercios que están arredor, perden negocio, e unha das cousas que el ten máis claras é que non quere que os hosteleiros, os comercios, os tendeiros ou os supermercados de Cambre perdan negocio. Ademais, porque é unha tradición que a feira de Cambre estea onde estivo sempre, que é no Campo da Feira, que para iso se chama así, porque houbo incluso alguén que lle dixo que podía poñerlle de nome “praza do concello”, en vez de Campo da Feira, e non é así, é Campo da Feira igual que a outra é Campo dos cochos, e non hai máis, esa é a tradición.

Conclúe dicindo que o voceiro de EU nunca encontrará unha declaración do alcalde dicindo que a feira ía quedar abaixo, agora ben, sobre gustos pode haber todas as declaracións do mundo, a polémica xérase moitas veces sen querer, pero o alcalde non manifestou nada diso.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el se limita ao que din os medios de comunicación, porque se non se desminten a xente é co que se queda, e na prensa poñía: “Cambre estrea Campo da Feira. O alcalde de Cambre, Manuel Rivas, inaugura o espazo público trala súa reforma, sen decidir aínda onde se colocarán os postos da feira, sen dedir onde será feita”, porque incluso se contemplaba, ademais de que quedara abaixo, ou viñera para arriba, unha posible terceira alternativa. Pregunta ao Sr. alcalde se el non cre que iso non crea incerteza e confusión aos veciños de Cambre, e o outro día xa llo dixo na xunta de voceiros, pediulle que sacara unha nota de prensa dicindo que o goberno municipal quere que a feira volva para arriba. Iso fíxose o venres pasado, despois dun mes, pero tiña que terse feito antes, e así se tería evitado todo o problema.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el vén aquí a traballar como alcalde, non a desmentir as noticias dos periódicos, porque se non estaría todo o día desmentindo as noticias dos periódicos, todo o día.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o grupo municipal dos socialistas de Cambre o apoio é total á localización do Campo da Feira, e da feira no seu lugar tradicional, iso para comezar,

pero a maiores, ademais da invitación que fixo a Sra. concelleira de Facenda no pleno anterior respecto dunha xunta de voceiros para traballar sobre a situación e reorganización dos postos, que é importante, o que a eles tamén lles preocupa e lles parece moi importante, como xa adelantaron outros grupos, é saber que contido e que fondo se lle quere dar á feira de Cambre, porque están no momento de traballar e facelo nese sentido.

Continúa dicindo que unha das maiores preocupacións que teñen no seu grupo, dende xa antes do inicio da reforma, é o tema do aparcadoiro, é algo que lles preocupa. O que si lles consta, e así o faláron con algúns dos propietarios, é que parte ou algún membro do equipo de goberno, se dirixiu a algún propietario coa posibilidade de avanzar no tema dun aparcadoiro na parte de atrás do edificio onde está NovaGaliciaBanco, e despois non houbo ningún movemento máis por parte do goberno de cara a traballar nesa posible localización.

Conclúe dicindo que para eles é importante resolver o tema do aparcadoiro, porque agora mesmo quedou un aparcadoiro moi deteriorado, moi debilitado en número de prazas, e iso tamén é moi importante para os comerciantes. Como dixo o Sr. alcalde, e el cre que non soamente para o equipo de goberno, senón para toda a Corporación, é importante a defensa dos postos de traballo, que xeran tanto os establecementos que están ao carón do Campo da Feira, como todo o tecido empresarial da comarca.

Toma a palabra o Sr. alcalde para agradecer que estean de acordo co goberno en que a feira volva ao seu lugar. Respecto do tema do aparcadoiro, non se dixo nada sobre os pasos que tomou o goberno, pero pódelles dicir que practicamente se falou con todos os propietarios e o acordo está practicamente pechado, incluso hai un esbozo de proxecto xa feito. Di que o goberno está dando os pasos que ten que dar para solucionar os problemas de aparcamento, iso é o único que pode manifestar neste intre, porque a cousa é realmente así, falta asinar os documentos, pero os pasos están practicamente todos dados.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, dille ao Sr. Taibo Casás que, efectivamente, el foi un membro do goberno que deu a súa opinión con respecto do Campo da Feira, a súa opinión privada, deuna a pé de rúa, nunha taberna ou na beirarrúa, non foi a ningún medio de comunicación a dicir nada.

Continúa dicindo que a súa opinión, a cal segue a manter, é que a el lle gusta máis alí abaixo que aquí arriba, e non ten ningún problema en dicilo, pero tamén está de acordo co que se fala na Corporación, e que estean todos de acordo en que a feira veña para arriba, parécelle perfecto, iso non implica que a el, persoalmente, particularmente, lle guste máis a localización de alí abaixo, igual que lle gusta a moitos veciños, porque non é a el só, a el dixéronllo moitos veciños que van á feira, que arriba estaba todo constrinxido, e que era un problema para ver as tendas e os produtos que se venden, mentres que abaixo, vaise polo medio e vese un lado e o outro.

Polo tanto, hai moita xente á que lle gusta abaixo e moita outra que non, que prefiren a feira arriba. El preguntou e hai moita xente que opina que é mellor a feira arriba porque, por exemplo, a xente do centro de Cambre ten que vir coas bolsas subindo a costa, mentres que outros, que veñen de Sta. María de Vigo, prefiren que sexa abaixo

porque lles é máis cómodo, e non pasa nada. Por iso di que el, como persoa e veciño de Cambre, ten dereito a dar a súa opinión a nivel de rúa, como lle dea a gana, e despois, no pleno, pois terá que asumir o que se vote.

Conclúe dicindo que el está de acordo con que a feira se traia para arriba, pero iso non quere dicir que non lle guste máis alí abaixo para acudir a ela, e diso non se ten que facer ningunha escandalera. El comentouno efectivamente co equipo de goberno como algo normal, pois hai algunha xente que opina que lle gusta máis arriba e outros que lles gusta máis abaixo. Se agora se toma a decisión de non facer ningunha pregunta ou consulta, e deciden levar a feira para arriba, parécelle perfecto, non pasa nada.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que cada un pode manifestarse individualmente como queira, que é libre de dicir que quere a feira arriba ou abaixo, o que sexa, pero cando lle preguntan a un membro do goberno, estalle preguntando como membro do equipo de goberno, é unha opinión como gobernante de Cambre, e, polo tanto, distinto a unha opinión particular.

Cando lle preguntaron ao Sr. Marante foi como membro do goberno, como responsable de Obras e Servizos. Na noticia publicada dicíase que tralo discreto acto de inauguración celebrado, o goberno local ía convocar á oposición a un encontro (encontro que aínda non se convocou), isto segundo explicacións do concelleiro de Obras, o Sr. Manuel Marante, co obxecto de decidir se o mercado permanecía na Trva. do cemiterio, onde se celebra agora, ou volvía para arriba. Segue dicindo a noticia que ao Sr. Marante lle gustaba máis o lugar onde está. É dicir, trátase da opinión do Sr. Marante como membro do goberno, deste goberno.

Don Manuel Marante Gómez reconece que a el lle gusta máis alí, e pregunta cal é o problema.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que iso non é problema ningún, o problema é a incerteza que se creou, porque se o goberno di que a feira queda abaixo, a xente alármase e reacciona.

Don Manuel Marante Gómez reitera que el non dixo tal, o que dixo é que a el lle gustaba máis alí.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que claro que o dixo, e por iso a xente tivo que reaccionar. Os empresarios reaccionaron coa recollida de firmas, houbo xente que enviou cartas e xente que se mobilizou, como eles, que foron a informar.

Manifesta que dende o seu grupo estaban convencidos, dende antes das obras, que a feira tiña que volver para arriba, entre outras cousas porque, igual o goberno o ignora, pero os fondos FEDER audítanse, entón, cando veñan a auditalos, se a feira non está arriba ao mellor teñen problemas, porque un dos motivos polos que se remodela o Campo da Feira é precisamente para a feira, por iso non tiña que haber ningunha dúbida. Se se rematou a obra, a feira ten que volver para arriba e punto, fundamentalmente polo que acaba de dicir agora, porque un dos motivos para o

arranxo do Campo da Feira foi seguir conservando a feira nese lugar, e así o recolle o propio proxecto ARUME.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que non se vai enlear máis, porque pensa que o tema non ten máis para onde ir, el ten a súa opinión, e a súa opinión ten que ser respectada como a de todo o mundo. El, como membro do goberno, como concelleiro, ou como veciño, ten a súa opinión sobre un tema e a expresa, con total liberdade, como todo o mundo, e iso non quere dicir que estea en contra de que a feira volva subir, el nunca dixo que estivera en contra, o que dixo é que lle gustaba máis abaixo. Do mesmo xeito, hai algúns membros da Corporación que hai tempo bufaban contra a feira do domingo en Cambre, e non pasa nada, son opinións persoais ou que teñen nun momento dado. Pregunta que ten que ver unha cousa con outra, se están de acordo en levar a feira para arriba pois a levan e punto, el non lle busca máis pés ao gato, nin historias.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, expón que el pensa que o goberno se equivocou ao xerar un malestar entre os veciños con esas declaracións. É certo que cada un pode expresar as súas opinións libremente, pero cando se está nun goberno hai, polo menos, que medilas, e estando nunha Corporación tamén, é dicir, non só o goberno ten que medilas, senón todos os concelleiros. Moitas veces, a título persoal se pensa unha cousa e medíndose un pouco, como mínimo, hai que calala, non dicir o contrario, pero polo menos calala.

Continúa dicindo que se xerou un malestar co tema da feira, como se xerou un malestar co tema da vía Ártabra, onde ao final houbo que levar unha moción e entre todos establecer cales eran as regras de xogo para a vía Ártabra. Estas son as regras de xogo para a feira de Cambre, todos están de acordo en que a feira de Cambre ten que estar arriba, pero o que botan en falta non é cuestión de gustos, non é cuestión de se lles gusta máis arriba ou abaixo, o de que a feira foi sempre arriba e ten que seguir arriba, o que botan en falta é o estudo económico, o estudo do tráfico, que é importante, ou estudo do aparcadoiro, que tamén é importante. A día de hoxe, levan case un mes con esa polémica, e aínda non teñen, ou polo menos eles non o teñen, ningún estudo nese sentido. Conclúe dicindo que están completamente de acordo co expresado, tanto na moción como despois da moción, polo compañeiro Luis Taibo.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, di que antes de entrar no tema do Campo da Feira en si, e no que di a moción, quere facer unha consideración como veciño, e tamén como concelleiro, que non como voceiro do seu grupo, que esa é a súa compañeira dona M^a Victoria Amor Prieto. Di que, vendo un pouco a través dos medios de comunicación esta historia, e concretamente o capítulo que naceu a partir do xoves, cando o goberno sacou unha nota de prensa dando, polo que se ve, teórica e finalmente por zaxado o tema, el se pregunta como os concelleiros de Esquerda Unida presentan unha moción se ese é un tema xa solucionado. Agora resulta que el vén hoxe ao pleno e ten coñecemento de que os compañeiros de EU presentaron a moción de forma previa á nota de prensa do concello.

A súa reflexión é que os membros da oposición, para facer o seu labor, teñen que someterse a unha serie de procedementos, de pautas, de días e de condutos, para

que as cousas dalgún xeito poidan funcionar, para que tanto eles poidan realizar o seu traballo dende a oposición, como tamén o goberno realice o seu. Na medida do posible pide, como fixo o compañeiro Luis Taibo, que isto non se repita de agora en diante, porque se se poñen a xogar sucio, ao pillo, pois entón todos o poden facer. Di que, se nun mes non se deu resposta a este problema, non deixa de ser curioso que presente un grupo da oposición unha moción sobre o asunto, e que o tema se ventile a través dos medios de comunicación, non falando cos grupos.

Por outra banda explica que a polémica existiu, porque poden ir ao pleno e estar de acordo nunhas cousas e en desacordo noutras, pero que lles digan que nese tema nunca houbo polémica, non, porque senón, pregunta que pasa, a ver se é que os empresarios de Cambre son uns oligofrénicos, ou se é que eles, a oposición, non ven a realidade como é. Di que claro que houbo un debate, e claro que houbo un contraste de opinións, e claro que se falou, ata tal punto se falou, que en organismos do propio concello, como foi nunha xunta de voceiros, chegouse a propoñer realizar un referendo, e todos saben o que é un referendo, é algo electivo e disxuntivo, e trátase de elixir, neste caso entre dúas opcións. Di que isto só se suscita cando hai diferentes sensibilidades, e claro que as había e que se falou diso, e falouse diso sen consultar nin cos grupos políticos que compoñen a Corporación, nin co conxunto de axentes sociais implicados, moi especialmente cos comerciantes, e, con todo o respecto do mundo, non tanto cos feirantes senón cos comerciantes de Cambre, que son os que viven, tributan e xeran emprego e actividade económica no concello.

Continúa dicindo que na cuestión do Campo da Feira, el de verdade o di, que hai cousas que se fan mal. A inauguración que se fixo, xustificada, e que todos entenden que había que facela antes de rematar o ano e demais, pregunta que traballo daba avisar aos grupos da oposición, pregunta como non se fai iso, despois da polémica que tiveron.

Don Felipe Andreu Barallobre di que se avisou.

Don Daniel Carballada Rodríguez contéstalle que bo, que iso de que se avisou ..., non era un enterro, é dicir non había que enterrar ao morto, senón que é algo que se fai e hai formas e formas para facelo, iso todos o saben, e non se fixo como se debera.

Conclúe dicindo que, de todos os xeitos, el felicita ao alcalde, tamén o di, porque que alguén se lle ocorra un referendo sobre iso, coa que está caendo, el non quere imaxinar a reacción dos veciños de Cambre se dende o goberno municipal, dende o concello, se lles chama para votar se queren o Campo da Feira arriba ou se queren o Campo da Feira abaixo, coa situación económica e social que teñen.

Toma a palabra o Sr. alcalde e dille ao concelleiro do BNG que lle permita que lle responda. Di que el non entende nada, cre que o dixo claro, pero levan máis de media hora discutindo sobre o asunto do Campo da Feira por unha polémica, e nin os membros do goberno, nin el, poden falar por unha nota de prensa que saiu, que non sabe, que din que é unha falta de respecto. Lembra que a xunta de voceiros foi o xoves pasado, e cando nela suscitaron o tema do Campo da Feira, o Sr. Taibo informou que el acababa de presentar unha moción no rexistro. Explica que el non o sabía, porque estaba sentado naquela mesa, por iso lle dixo ao voceiro de EU que lle

pasaban a nota de prensa para que saíse conxuntamente. Don Luis Miguel Taibo Casás respondeu que el non ía retirar a moción porque quería darlle lectura no pleno, e dixéronlle que ben, que a lese no pleno, pero que na nota de prensa ían facer referencia a que ía ser así. El cre que non houbo ningunha traba ao respecto, ningunha.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille que aclarou iso con Esquerda Unida.

O Sr. alcalde continúa dicindo que sobre a polémica xerada á que fai referencia o concelleiro do BNG, e sobre a invitación a esa inauguración que non podía pasar dese día, cursóuselle a todos os grupos, e non apareceu ninguén, igual que se cursou para facer a inauguración do parque infantil do Temple e soamente apareceu un grupo.

En canto ao Campo da Feira que é o tema do cal están discutindo, e é o que agora lle interesa, parécelle mentira a polémica que están creando nun tema no que están todos de acordo, absolutamente todos. El cre que o que procede é votar a moción, cos acordos que presenta o grupo de EU e deixar de discutir se el ten que desmentir as noticias dos periódicos todos os días ou non, porque el non está para iso.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, e á marxe desta polémica, simplemente quere preguntar como avisan da convocatoria de plenos ou de reunións oficiais do concello. Di que se fai por correo electrónico, e non hai ningún problema, porque nin el, nin ningún dos membros da oposición viven da política, non todos van polo concello todos os días nin están a todas as horas nos locais municipais, etc.. Polo tanto, a partir de agora, se queren facer as cousas, non ben, pero polo menos mellor, poden facelas, e entenderán que a determinadas actividades ou a moitas delas, el particularmente non poida asistir, porque a súa vida non llo permite, pero se o avisan con tempo, e utilizando as novas tecnoloxías, que por riba sería moito máis barato enviar un correo electrónico que deixar determinados convites no local municipal ou cousa polo estilo, non haberá ningún problema. Conclúe dicindo que non se fixo como se debía, nada máis.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el vai votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, por alusións, e respecto da nota de prensa, expón que, efectivamente, ao día seguinte da xunta de voceiros sacouse unha nota de prensa nos termos que acordaran, iso foi así, pero tres días despois, o equipo de goberno contesta á moción con outra nota de prensa. Explica que a nota de prensa que sae ao día seguinte da xunta de voceiros parécelle perfecta, nos termos que acordaron, pero non que despois o equipo de goberno, o día 29, se encargue de contestar á moción noutra nota de prensa. En todo caso, el non quere polemizar.

En canto ás convocatorias da inauguración do Campo da Feira, di que a el o chamaron por teléfono dúas horas antes, dicindo para desculparse que os medios informáticos do concello estaban avariados, e el dilles que se xa estaban avariados antes, pois que tiveran chamado catro ou cinco horas antes por teléfono. Ese é o tema, que só foi dúas horas antes, e el, por exemplo, nese momento coincidiu que non estaba en Cambre. Pregúntalle ao Sr. alcalde se dúas horas antes é tempo adecuado

para convocar aos grupos a que vaian á inauguración do Campo da Feira. Cre que non é de recibo, e pídelles ao Sr. alcalde que non xustifique iso.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

A continuación, o Sr. alcalde pídelles á voceira do BNG que xustifique a urxencia da moción presentada polo seu grupo.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que a urxencia vén dada porque dende o 1 de xaneiro deixou de funcionar o centro de planificación familiar no Ventorrillo, o cal afecta ás mulleres de Cambre, e explica que sobre todo ás mulleres porque era un centro onde se prevía o cancro de mama, o cancro de útero, e se facían revisións periódicas para previr todo este tipo de enfermidades.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

D) Moción do grupo municipal do BNG en defensa do centro de orientación familiar do Ventorrillo

Rexistrada de entrada ao núm. 885 o día 28 de xaneiro de 2013, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Ata o 31 de decembro de 2012 na área sanitaria da Coruña había dous centros de orientación familiar (COF), un dependente do SERGAS no centro de especialidades do Ventorrillo e outro dependente dun convenio entre o Concello da Coruña e o SERGAS na rúa Tui, en Orillamar. Este último atendía a 90.834 mulleres, dos Concellos da Coruña, Oleiros, Sada, Cambre e Carral, mentres que o centro do Ventorrillo daba servizo a 61.674 mulleres dos restantes 33 concellos da área sanitaria da Coruña, entre eles o de Betanzos.

As prestacións destes COF son atención da demanda de anticoncepción (tanto asesoramento anticonceptivo como instauración de método), revisións específicas do método anticonceptivo, anticoncepción de urxencia, atención de efectos secundarios do método, atención de complicacións co método anticonceptivo, atención específica

de anticoncepción cirúrxica e derivación, exames de saúde xinecolóxicos cada 3 anos segundo protocolo de diagnóstico precoz de cancro de cérvix, valoración e derivación de demanda de esterilidade. Ademais, os COF atenden a demanda de interrupción legal do embarazo: información e derivación a clínica, valoración de risco psicolóxico, exploración xinecolóxica post-intervención, asesoramento anticonceptivo, instauración de método e atención á problemática de parella e psicosexual. Cómpre salientar que en Galicia o COF é o único lugar no sistema de saúde onde se trata a anticoncepción, problemática sexual e de parella e a demanda de interrupción voluntaria do embarazo.

Coa xubilación do único xinecólogo do que dispoñía o COF do Ventorrillo, o SERGAS decide non substituílo e aproveita a conxuntura para unificar o centro co de Orillamar. Isto supón que un só centro teña que atender 152.508 mulleres. A Organización Mundial da Saúde recomenda que coa poboación que atendían os dous centros existentes na área sanitaria coruñesa tería que haber tres e o goberno galego do PP decide reducir o seu número a un só centro.

Esta decisión ten como consecuencia que unha xinecóloga e un xinecólogo atendan 152.508 mulleres en necesidades tan inmediatas e dependentes do inevitable paso do tempo como a anticoncepción de urxencia, os trámites para a interrupción voluntaria do embarazo - só en Orillamar atenderon 667 casos durante 2011-, a atención e o asesoramento da demanda de anticoncepción, a instauración e a revisión do método, os exames de saúde xinecolóxica, a prevención do cancro de mama e de cérvix, etc. Polo tanto, esta decisión pon en risco a saúde das mulleres por non poder atender con inmediatez estas necesidades.

As usuarias deste centro xa están a sufrir as consecuencias do peche desde principios de mes pois, por culpa de que o SERGAS non queira cubrir a praza de xinecólogo do COF do Ventorrillo, teñen que atravesar a cidade da Coruña (a sumarlle o desprazamento desde o noso ou calquera outro concello da área sanitaria) para que a xinecóloga ou o xinecólogo de Orillamar lles asine un papel para tramitaren a derivación para a interrupción voluntaria do embarazo. E estas son as consecuencias a curto prazo, máis xa veremos que pasa cando non se poidan atender as revisións, a problemática sexual e de parella ou a prevención dos cancros de mama e cérvix.

Desde o BNG, consideramos que coa desaparición do COF do Ventorrillo non se van poder garantir os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres. Estes recortes en servizos de asesoramento afectivo-sexual afectan á independencia das mulleres para decidir sobre o seu propio corpo e afondan nas desigualdades de xénero que poden levar a situacións de violencia machista.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a que non peche o COF do Ventorrillo e que cubra a praza de xinecoloxía para así garantir os dereitos das mulleres.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao presidente do goberno galego e aos grupos políticos do Parlamento de Galicia.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, expón que eles están moi preocupados por esta moción, é un tema moi preocupante, e esa é a opinión que poden manifestar dende todo o goberno municipal. Di que o certo é que a moción se presentou o luns, e eles intentaron, como é razoable, contrastar os datos cos informes da Xunta, pero, a día de hoxe, aínda non teñen os ditos informes, polo tanto, quere pedirilles deixar esta moción enriba da mesa e tratala cando teñan a documentación no próximo pleno. Non obstante, xa lles avanza que, se os datos que figuran na moción son certos, eles van a apoiala, porque é algo que non se pode tolerar.

Explica que eles o que queren é ter a información e ter a conciencia de que están a votar algo que é realmente certo, e iso só o poden ter cos informes da Xunta que agora mesmo non teñen. Eles comprométense a tratar a moción con profundidade no próximo pleno, pero no caso de que o BNG non queira deixala sobre a mesa, o seu grupo tería que absterse, porque non poden valorar nin unha posición nin outra. Di que espera que o entendan, e repite que se eses datos son certos eles van apoiar a moción, pero que agora mesmo non saben se o son ou non.

Dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que están de acordo, non teñen ningún inconveniente. Di que eles o que entenden é que esta situación afecta a todas as mulleres e homes de Cambre, e sobre todo á xuventude en canto aos temas de planificación familiar e demais. Repite que non teñen ningún inconveniente, se ben eles están seguros de que eses datos, por suposto que son certos, de feito dende o BNG xa se fixo algunha pregunta no Parlamento galego sobre este tema.

Así pois, a moción presentada polo grupo municipal do BNG queda sobre a mesa para ser tratada no vindeiro pleno e o Sr. alcalde dá paso ao seguinte punto da orde do día do pleno.

5º Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do previsto no artigo 125 do Regulamento orgánico municipal, para instar ao goberno local á presentación dun proxecto de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos, apegados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública

Rexistrada de entrada ao núm. 690 o día 22 de xaneiro de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“Dende o ano 2009 este país está a sufrir unha crise económica derivada dunha crise financeira internacional que ten a súa orixe nunha desregulación do mercado financeiro, nunha crecente aparición de novos produtos financeiros derivados fóra de calquera control dos organismos reguladores e unha relaxación na valoración nos riscos derivados do excesivo endebedamento das entidades financeiras e do sector privado.

Esta regulación e control xurdido da experiencia da gran depresión tiña como principal obxectivo evitar as consecuencias que na actualidade este país está a sufrir: que os resultados negativos das condutas especulativas e de risco non sexan asumidas polos que as provocan, que só perciben as ganancias, senón por toda a sociedade a través

de garantías dos estados aos depósitos e á condición sistémica para a economía destas entidades.

O goberno español solicitou un rescate para os bancos que finalmente foi cifrado nuns 40.000 millóns de euros. Este rescate ten como consecuencia que o déficit español se incrementou e que os españois pagaremos cos nosos impostos os intereses do rescate.

Entre tanto os españois sufren por unha banda uns duros recortes que teñen por finalidade a redución do déficit público (algúns derivados das dificultades de financiamento, outros cun carácter marcadamente ideolóxico do partido no goberno) nos servizos públicos esenciais como a sanidade, a educación, as prestacións por desemprego, dependencia etc.,... E por outra banda, un aumento da carga tributaria como consecuencia ben da creación ben de novos impostos e taxas ou do aumento dos existentes (como o incremento do IBI aprobado polo goberno do Partido Popular tras a súa chegada ao goberno).

Recortes e aumento da carga tributaria traducíronse nun empobrecemento xeneralizado da poboación española en especial das clases medias, mozos, dependentes, xubilados... Por non falar daqueles que perderon os seus fogares como consecuencia de abusivos desafiuzamentos que fan caer de maneira inxusta todo o peso da crise de novo nos máis débiles.

Repartir o sufrimento da crise faise necesario adoptando medidas dirixidas a este fin dende todas as institucións na medida das súas competencias.

A Lei de facendas locais prevé a posibilidade de que estas establezan taxas por ocupación de dominio público como consecuencia do establecemento de caixeiros automáticos.

Neste concello existe xa unha taxa por establecemento de caixeiro automático, aprobada por anteriores gobernos municipais cuxa contía (de apenas 80 euros ao ano) resulta ridícula nas circunstancias socioeconómicas actuais.

Por todo o anteriormente exposto o grupo dos socialistas de Cambre solicita ao goberno municipal:

A presentación dunha modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos, apegados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública coa finalidade de incrementar a taxa a 1000 euros anuais.”

Ao finalizar a lectura da moción, dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que, antes de que lle respondan, e como xa sabe o que pon a Lei de facendas locais respecto de que para fixar a cantidade ten que haber uns informes económicos, porque non é algo que se determine arbitrariamente, se iso supón un obstáculo, retiran a cantidade proposta, e que sexa a cantidade que o goberno estime oportuna, pero, en todo caso, considera que a finalidade da moción está ben clara, e cre que dende que se aprobou a anterior ordenanza pode facerse unha revisión.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, di que sen entrar a debater a argumentación que podería xustificar a moción, a cal lle parece máis que discutible, e nalgúns casos demagóxica, vai pasar a declarar o seu voto favorable á moción. Explica que é certo que a eles tamén lles parece que a taxa por aproveitamentos especiais de dominio público para caixeiros automáticos se pode revisar, e lémbrale ao grupo socialista, que é quen presenta esta moción, que eles son o mesmo grupo que aprobou, só hai un par de anos, a dita taxa, e hai dous anos a situación tamén era a que era, e aínda así non se fixo o estudo económico para subila.

Conclúe manifestando o seu compromiso por facer o estudo económico, xa que si que é certo que habería que eliminar o último punto, xa que como ben dixo a concelleira do partido socialista, non se pode fixar a taxa arbitrariamente, pódese aprobar a taxa polo Pleno, pero non fixala definitivamente sen un previo estudo económico, o cal, comprométense a realizar.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que o seu voto vai ser a prol da moción.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez, concelleiro do BNG, pregunta ao equipo de goberno se ten algunha estimación, a través de informes técnicos dos funcionarios, aínda que non sexa a cantidade exacta, pero si polo menos a cantidade á que se achegarían ou da que poderían estar falando. Pregunta se hai algún tipo de previsión.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe contesta que o único que lle pode dicir é que a taxa por aproveitamentos especiais no caso de caixeiros automáticos é moi variable nos distintos municipios. Hai municipios como A Coruña que están cobrando por esa taxa a cantidade de 200 euros, que facendo a comparativa co valor do solo do Concello de Cambre tamén é baixa. Outros, como o Concello de Nerja, cifran a taxa en case 900 euros, polo tanto, por eses datos ela entende que o estudo económico pode flexibilizarse facilmente, pero iso xa o dirá o técnico correspondente no seu caso.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, pregunta se xa se estimou a cantidade de caixeiros afectados, porque el agora ten dúbidas, e non sabe se só son os caixeiros que dan á vía pública, ou tamén eses outros que están máis recollidos. Non se lembra a que caixeiros se lles aplica esta taxa.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe di que pode citalos, por exemplo, Banco Popular Español S.A, Banco Pastor S.A,..., en realidade e para concretar, seis caixeiros.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais preguntalle á Sra. concelleira se ten os datos do que se recada actualmente.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe contesta que a cota tributaria que están a pagar é o Banco Popular 80 euros, o Banco Pastor...

Dona Margarita Iglesias Pais pregúntalle pola cifra total.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe di que a cifra total sería o total da suma das que lle ía dar agora, habería que facer a suma, ao redor de 480 euros.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez pregunta se lle consta ao goberno local se hai caixeiros que non estean dados de alta nese censo ou rexistro.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe contesta que non lles consta, e que nese sentido os datos que teñen son fiables, agora mesmo os que son, están.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el é permisivo, pero que están discutindo unha moción e practicamente están a convertila noutra cousa, facendo rogos e preguntas, unha tras outra, por iso di que van pasar definitivamente á súa votación.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción presentada coa seguinte parte dispositiva:

Acordar a presentación dunha modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos, apegados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública coa finalidade de incrementar a taxa.

6º Informes da Alcaldía

De orde do señor presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 16 de data 9 de xaneiro de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Santiago Manuel Ríos Rama ata a súa reincorporación, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución núm. 999, de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Conferir á primeira tenente de alcalde, dona M^a Jesús González Roel, a delegación xenérica dos servizos e actividades municipais que integran a área de Cultura e Turismo, e que veñen reflectidos na Resolución de Alcaldía núm. 996, de data 17 de xuño de 2011, de creación das áreas de goberno local, que se transcribe a continuación, todo isto ata a reincorporación do titular don Santiago Manuel Ríos Rama.

AREA DE CULTURA E TURISMO

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- Promoción da cultura e singularmente da lingua e a cultura de Galicia
- Programación cultura
- Exposicións culturais
- Rede de bibliotecas e programas de animación á lectura
- Xestión do museo e da escola municipal de música
- Xestión do uso de locais polas asociacións veciñais
- Espectáculos públicos
- Festas populares
- Xestión e promoción turística

Terceiro: A delegación exercerase nos mesmos termos previstos na Resolución da Alcaldía núm. 999, de data 17 de xuño de 2011, segundo se fai constar a continuación:

- De conformidade co establecido no artigo 48 do Regulamento orgánico municipal, a delegación xenérica respecto da área de Cultura e Turismo comprende:

a) A delegación do exercicio das competencias que a esta Alcaldía lle son atribuídas e que poden ser delegadas a teor do establecido no artigo 21.1 e 3. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, incluíndo a facultade de dirixir os servizos contidos en cada área, a facultade de xestionalos en xeral, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.

b) A concesión de subvencións a particulares en materias incluídas dentro do seu ámbito de delegación, de acordo co que dispoñan as normas en vigor e as bases de execución do orzamento. Neste caso, a facultade de concesión de subvencións leva engadida a de aprobar o gasto correspondente.

c) O exercicio da postestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.

- A Alcaldía conserva as facultades de tutela que se transcriben a seguir:

a) A de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións enumerados en virtude da delegación.

b) A de ser informado previamente a que se adopten decisións de transcendencia.

c) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas en uso das facultades delegadas.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 50.2 do ROM, a delegación requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do concelleiro delegado. Enténdese aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación

persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a delegación, todo iso sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

A delegación, unha vez aceptada, entenderase vixente ata a incorporación de don Santiago Manuel Ríos Rama e mentres non sexa revogada expresamente ou o órgano delegante avoque para si algún asunto concreto na forma establecida pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Nos documentos que deba firmar a concelleira delegada no exercicio da delegación farase constar a data da Resolución de Alcaldía pola que se efectuou a delegación.

Quinto: Notifíquese persoalmente á interesada, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e déase conta ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar.”

A secretaria da Corporación explica que tiña que dar conta desta resolución, aínda que a día de hoxe o concelleiro don Santiago Manuel Ríos Rama xa está reincorporado, e presentou a súa alta médica. Aproveita a ocasión para darlle a benvida.

- Da Resolución da Alcaldía núm. 61 de data 22 de xaneiro de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Rocio Vila Diaz dende o día 25 ata o día 28 de xaneiro de 2013, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

7º Rogos e preguntas

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 846 o día 26 de xaneiro de 2013, xunto coas preguntas para este pleno.

1º Denuncian veciños de Cela a situación de perigo que se produce no treito da estrada municipal que con orixe en Fabás, Pravio, chega ao lugar de Rueiro, debido ao exceso de velocidade dalgúns vehículos que circulan por ese treito. De feito en datas pasadas vense de producir unha colisión contra o peche da casa núm.4 A, con resultado de danos materiais. Por todo iso:

Solicitamos se dote ao citado camiño, no punto descrito, da sinalización vertical e horizontal precisa (límite de velocidade, perigo, cruzamento con preferencia, etc.), co fin de dotar á zona da precisa seguridade viaria.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, acepta o rogo.

2º Manifestan veciños de Cecebre a situación de abandono na que se atopa a praza, de recente construción, sita no lugar de Sobreguexe, ao lado da igrexa. A zona axardinada está sen manter e sen limpar, transmitindo unha pésima imaxe dun sitio tan representativo e singular da parroquia de Cecebre. Por todo iso:

Solicitamos se dean as ordes precisas para que, por quen proceda, se leven a cabo os traballos periódicos de mantemento e limpeza desta praza.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que está sen contratar o mantemento desa zona verde, e que para ocuparse dela periodicamente haberá que agardar a que se saque a contratación o servizo de mantemento de zonas verdes de todo o concello. Di que de momento deu orde de rozar a zona, como xa fixo algunha vez máis, pero que é certo que se vai mantendo dun xeito moi esporádico, e di que a verdade é que non está moi ben.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, informa que tamén hai algún dano nalgunhas das luces de sinalización.

3º Veciños de Bribes poñen no noso coñecemento o mal estado no que se atopa o firme do camiño que dende Nebrixe, e pasando por Bribes Pequeno, termina na ponte de Galiñeiros, Cecebre. Por todo iso:

Solicitamos se repare urxentemente o citado vial.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que ese é un tramo onde se fixo unha instalación de saneamento hai un tempo, non deberon de retacar ben e vaise afundindo. Explica que cando atacan unha zona, repoñen e aglomeran, ao pouco tempo, un pouco máis adiante, tamén se vai. Están agardando que pare de chover para limpar e descubrir as canalizacións, e ver se é que hai algunha fuga ou que pasa alí, porque volve dicir que retacan un tramo e levántaselles máis adiante. Cando pare un pouco de chover, mirarán a ver que solución lle buscan.

Rogos de UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 844 o día 26 de xaneiro de 2013.

1º Hai un ano que o club de fútbol “Once Caballeros” solicitou ao concelleiro de Deportes a transferencia gratuíta dun desfibrilador que teñen en propiedade e que de forma gratuíta lle cedía ao concello para facer uso del no campo de Lendoiro, A Barcala, hai máis dun mes reiteraron a petición por escrito, solicitamos se nos informe en que situación se atopa esta solicitude.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, manifesta que non lle consta que hai un ano o club presentase ningunha solicitude polo tema do desfibrilador, o que si lle consta é que o goberno hai un ano barallou a instalación do desfibrilador tanto no campo de fútbol do “Once Caballeros”, como no

campo de fútbol Dani Mallo. Comentouse nunha reunión doutro tipo, onde estaban presentes ambos clubs de fútbol, e quedou enriba da mesa.

Continúa dicindo que o que si é certo é que hai cousa dun mes, el club informoulle, na inauguración do parque do Temple, que obtiveran un desfibrilador e que llo transferirían ao concello para que o asumiran. Explica que unha vez que obtiveron a confirmación de que llelo cedían, iniciaron o trámite e comprobaron que para garantir o correcto uso do desfibrilador había que dotalo de moito máis material, como poden ser dous xogos de parches, sistema de rexistro informatizado de sucesos, maleta de reanimación con cánulas de guedel de diferentes tamaños, bolsas autoinchables, máscara facial, reservorio de osíxeno e fonte de osíxeno, rasuradora, gasas, e outra serie de material que non estaba incluído, e que ten que asumir o concello. Ademais, hai que rexistrar o desfibrilador no 061, e formar a unha persoa que estea con carácter semi permanente dispoñible para a súa utilización. Manifesta que, con todo e con iso, o departamento de Deportes leva traballando no tema dende hai un mes, e agardan a contestación do 061, cos custes do material que acaba de citar e cos cursos que ten que realizar a persoa que se vaia a facer cargo do seu uso no caso de ser necesario.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, dálle as grazas ao Sr. concelleiro e dille que agarda que este tema se tome coa axilidade coa que todos entenden que hai que tomalo, porque unha vez que o teñen, esperan que non pase nada por non ter axilizado suficientemente o asunto.

De todos os xeitos, di que el que é socio do “Once Caballeros” e xoga no club, e hai moito tempo que lle dixeron que falaran persoalmente co concelleiro de Deportes, e agora así llelo reiteraron. Explica que non foi unha solicitude por escrito, porque no club pensaban que só coa solicitude verbal no concello xa se poñerían en marcha, pero segundo lle dixeron non foi así ata que o presentaron por escrito. O presidente do club dicía que tiña o desfibrilador e que llo quería pasar ao concello, pero que non lle facían caso, por iso fixo a solicitude por escrito, para ver se así lle facían caso. Di que esas son palabras textuais da directiva do “Once Caballeros”.

Don Fernando Caride Suárez di que el lle pode asegurar, e reitérase no que xa dixo, que o día da inauguración do parque infantil do Temple, na que estaba presente o compañeiro do partido socialista, e na que tamén estaba presente o presidente do club “Once Caballeros”, foi cando este llo comunicou por primeira vez, e tamén lle dixo que o presentara por rexistro a semana anterior. El contestoulle que perfecto, que se farían cargo e que se ían poñer a traballar niso. Volve dicir que está a falar da data da inauguración, e que estaba presente o Sr. Augusto Rey Moreno, non lembra hai canto tempo exactamente, ao redor dun mes, pero foi aí cando el falou con Gustavo por primeira vez do tema.

Conclúe dicindo que o que lle dixeran ao Sr. García Patiño el o descoñece, que el o que lle pode dicir é o que el mesmo falou coa directiva e o que ten por escrito, que ao final, é o que vale.

2º Hai unhas semanas puidemos ver na prensa que veciños de Sigrás presentaron firmas solicitando un paso de cebra en Enxertos, solicitamos se nos informe das xestións realizadas polo goberno municipal.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, informa que, efectivamente, o día 27 de decembro os veciños de Sigrás presentaron no concello un escrito con firmas, para solicitar o paso de peóns. O día 9 de xaneiro dende o concello enviouse a Fomento, que é o titular da estrada, un escrito apoiando a petición dos veciños, e, de momento, iso é o que pode informar.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que o 18 de xullo de 2011, UxC presentou un escrito no concello, e xa están no 2013, onde solicitaba que se esixira a Fomento e á Deputación da Coruña un proxecto de mellora do cruzamento da Pena de Sigrás, á parte diso tamén solicitaron que se asfaltara a N-550 ao seu paso polo termo municipal de Cambre, isto é, Sigrás, Altamira e Anceis, e solicitaron tamén o paso de cebra que piden agora, dous anos despois, os veciños.

Continúa dicindo que, o 16 de xaneiro de 2012, contestan do concello que, dado que a actuación afectaría a N-550 e a AC-214, deuse traslado do escrito de UxC á Demarcación de estradas do Estado en Galicia e á Xefatura territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Coruña, para que tivesen coñecemento del e para os efectos oportunos. Repite que iso foi o 16 de xaneiro de 2012.

O 14 de marzo de 2012, dinlles dende o concello, e vén asinado por don Manuel Marante, que lles remiten copia do informe enviado pola Demarcación de estradas do Estado en Galicia, para o seu coñecemento. Repite que están en marzo do 2012. O informe do Ministerio de Fomento, entre outras cousas, di que vai facer un viaduto alí ou que teñen un proxecto de facer un viaduto, e que o paso de peóns solicitado está en estudo, e están falando de marzo de 2012.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille ao equipo de goberno que primeiro cometeron un grande erro, porque non se trata de dar traslado a outra administración da solicitude de UxC ou dar traslado da solicitude e peticións dos veciños, senón que son eles como goberno municipal os que teñen que solicitar á Xunta de Galicia, ou esixir á Xunta de Galicia, ou a quen faga falta, aquelas cousas que pidan os veciños de Cambre. Di que ese é o primeiro erro, o segundo é que na prensa saíra o Sr. alcalde dicindo que estudarían ese tema, porque estalles dicindo que hai dous anos que o seu grupo xa pediu este tema.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que hai moitas cousas que non quedan por escrito, porque cando el recibiu o escrito o 18 de xullo de 2011, apenas tomada a posesión do seu cargo, foi directamente á Coruña a sentarse co director de Fomento, a pedirlle o paso de peóns que UxC solicitou, e iso pódello corroborar o director. Di que el fixo iso persoalmente, e non hai constancia, pero que o propio voceiro de UxC pode ir, que o director o recibirá e lle dirá que estivo sentado con el, pedindo ese paso de peóns, aínda que xa sabe que ao Sr. concelleiro iso non lle consta, que só lle constan os escritos.

Continúa dicindo que o director de Fomento tamén lle dixo que se ía facer un estudo, e que nesa estrada, a N-550, estaba previsto facer un viaduto, pero neste intre, porque hai poucos días que o volveu ver, non teñen cartos para facelo, xa teñen as

expropiacións pagadas, pero non teñen cartos para facer a obra. Di que iso é o que está previsto e que é do que lle pode informar porque esa foi a súa actuación, agora o Sr. Marante pode darlle a contestación que lle teña que dar.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez explica que calquera escrito dos veciños de Cambre ou dos grupos políticos que chega ao departamento de Servizos e Obras, e son competencia doutras administracións, eles encárganse de transmitilos a esas outras administracións, e despois poden facer algunha xestión dende o goberno para intentar presionar e axudar a que iso se leve a cabo.

Di que así se fixo en Enxertos. Agora mesmo non lembra o tempo que hai, pero cre que foi a comezos do ano pasado, máis ou menos, cando efectivamente houbo uns escritos duns veciños, que agora mesmo ten na oficina, porque viñeran e pintaran a liña continua. Só se permitía cruzar con liña descontinua vindo en dirección Santiago para a estrada que se mete cara á Cabana, e despois, en todo o treito dende alí ao cruzamento que vai cara á igrexa de Sigrás, era liña continua, e os veciños estaban cabreadísimos. Di que estiveron alí con técnicos de Fomento, coa empresa que estaba a pintar e cos veciños, el mesmo estivo ata de noite, pelexando cos veciños e técnicos por ese tema, e ao final se lles dixo que ían tratar de facer un cambio de sentido na glorieta, na entrada que hai na estrada que vai para á igrexa, aínda que ao final non se fixo nada.

Engade que xa naquel momento estaban loitando polo paso de peóns, e baixo ningún concepto os técnicos vían viable facer alí un paso de peóns, polo tanto, pídelle ao voceiro de UxC que non diga que non están traballando no tema, porque están todos traballando. Dille que tamén eles son representantes dos veciños e tamén poder ir a Fomento e protestar alí, e poden reunirse cos xefes, porque os membros do equipo de goberno poden reunirse con responsables, pero estes faranlles caso ou non, de feito, reuníronse.

Conclúe dicindo que el, dende logo, entende que non é soamente botarlle as cousas ao goberno municipal e que o goberno municipal se entenda co resto das administracións, senón que á oposición tamén os atenden, e tamén poden ir a presionar igual que os demais, porque cre que á hora de falar son todos moi lixeiros.

Don Óscar Alfonso García Patiño contesta que á hora de falar si, pero á hora de cobrar non, porque don Manuel Marante cobra por xestionar, por ser membro do goberno, e cobra por xestionar os intereses dos veciños de Cambre, de todos. Pídelle que non lle vaia dicindo que pode ir a Fomento, que claro que pode ir ata o Ministerio de Fomento en Madrid, pero non lle van facer o mesmo caso a el, un partido independente en Cambre con tres concelleiros, que ao Sr. Manuel Rivas, non lle van facer o mesmo caso, e iso don Manuel Marante o sabe.

Continúa dicindo que lle parece moi ben, que felicita ao Sr. alcalde polas xestións que fixo, pero se eles non as coñecen, é como se non as fixera, por iso teñen dúbidas de se o di ou non o di, de se o fai ou non o fai. Pídelle que lles conteste, porque eles presentaron por escrito as súas peticións, polo tanto, tamén solicitan que lles contesten, que lles digan que fixeron esas xestións, que están niso, porque se o fan así, o seu grupo daralle tempo. Disto hai máis de dous anos, e non dixeron nada ata

hoxe, así que poden decatarse que si os están deixando traballar. Eles non dubidan de que traballen, pero que escriban un pouco, que lles contesten.

Don Manuel Marante dille ao Sr. García Patiño que, efectivamente, el cobra por traballar e por xestionar, pero don Óscar Alfonso García Patiño tamén vai ao concello cobrando por atender aos veciños, para iso tamén está cobrando.

Continúa dicindo que el vén ao concello todos os días e atende aos veciños o mellor que pode. Falou deste tema cos técnicos e cos veciños, estívose preocupando, e non sabe se o Sr. García Patiño o soubo ou non, pero el o único que lle ten que comunicar ao voceiro de UxC é que deu traslado do escrito presentado á administración competente, despois, as xestións que el faga non llas ten por que contar. Se quere, o concelleiro pode preguntarlle, e el vaille contestar, pero dille que o certo é que el tamén cobra por ir ao concello, igual que o fai el mesmo, e se contan as horas que botan alí cada un, e vén o que cobra cada un, ao mellor estarían falando doutras cousas distintas.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que non sabe se o Sr. Marante asistiu ao pleno no que o grupo de UxC renunciou a cobrar as súas asignacións, pero pode dicirlle que el non cobra nada por ir a ese pleno, e repite que non cobra nada.

Don Manuel Marante Gómez dille que ese é o seu problema porque renunciou, pero que podería ter cobrado.

O Sr. alcalde chama á orde a ao Sr. Marante Gómez. A continuación dille ao voceiro de UxC que el non quere facer disto unha discusión sobre o que cobran ou non cobran, sobre o que fan uns e outros, o que si é certo é que o goberno municipal cobra por facer a súa xestión.

Continúa dicindo que, en canto ao tema do que se di ou non se di, e as dúbidas de se traballan ou non traballan, el pode dicirlle ao voceiro de UxC que cando a el lle chegou a petición dos veciños respecto do paso de peóns, el foi directamente a falar co director de Fomento, e no pleno dese mes, ou no mes seguinte, cre que foi UxC, repasará os plenos para comprobalo, fixo esa pregunta, e el contestou o mesmo que está contestando hoxe, que mandarían aos técnicos a facer un estudo, e que se o estudo era viable poñerían o paso de peóns.

Dille que está falando de hai ano e medio, porque ten boa memoria, e sabe que esa pregunta do paso peóns xa veu ao pleno, e el comunicoulles o que lle dixera o director de Fomento, don Ángel Martín. Dende entón, estivo sentado con el varias veces, e seguiu insistíndolle no paso de peóns, pero sabe que é difícil logralo mentres non se faga o viaduto, porque é unha estrada moi perigosa, e o paso de peóns pode resultar aínda máis perigoso. Non sabe cal será a solución, porque el non é técnico, pero pídelle ao Sr. García Patiño que non lle diga que non lle di as cousas, e senón, repasan a lectura dos plenos.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille que a repasarán, porque o viaduto é na Pena, e o paso de peóns é en Enxertos, e son dúas cousas totalmente distintas.

O Sr. alcalde dille que si, pero que afectan.

Don Óscar Alfonso García Patiño aclara que esa non foi unha pregunta de UxC, iso veu por un tema de infraestruturas do que estiveron falando, e foi cando el lle preguntou ao Sr. alcalde como estaba o tema, cando o Sr. alcalde contestou iso, pero que non foi unha pregunta.

Pide a palabra don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, porque di que se fixo unha alusión aos grupos da oposición cando se dixo que podían ir ás distintas administracións a solicitar ou demandar o que sexa.

O Sr. alcalde lémbrale ao voceiro de EU que están no capítulo de rogos e preguntas, e non poden comezar agora a discutir se un cobra, outro non cobra, se un cedeu ou non cedeu.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille ao Sr. alcalde que o de cobrar o di el, porque el non dixo nada diso, el está a limitarse ao que se falou antes, e, entre outras cousas, falouse dunha pregunta que fixo EU no tema da Pena.

O Sr. alcalde lémbrale ao Sr. Taibo que isto é un rogo.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregúntalle se o que pasa é que non poden intervir nos rogos dos demais grupos.

O Sr. alcalde pregúntalle se vai a intervir nunha cuestión que teña que ver con este rogo, e ante a contestación afirmativa do voceiro de EU, pídelle que continúe.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que antes o Sr. Marante remitiu ao resto dos grupos a ir ás outras administracións, e eles xa van, pero tamén recorren á administración máis próxima aos cidadáns, que é o concello, e é o concello quen ten que dar traslado dos problemas. De todos os xeitos, e se mal non se lembra, referente aos pasos de peóns, por exemplo, levan sete anos esperando polos pasos de peóns da estrada de Cambre a Cecebre.

Di que el invita ao Sr. Marante, como xa fixo algún día, a mobilizarse e ir adiante, porque el ben se acorda cando unha vez ese concelleiro pintou un paso de peóns con cal no Temple, na rúa Tapia. A el parécelle moi ben, e faille a invitación, dille que el o acompaña a pintar os pasos de peóns en Cambre, e a tomar o cachelo despois, acompañao a mobilizarse e cortar a estrada se fai falta, porque o que están vendo é que outro tipo de xestións non producen efecto, está falando dunha cousa coa que levan sete anos, proxecto, xestións, a Xunta, etc., e nada de nada.

Toma a palabra o Sr. alcalde e lembra que o actual goberno leva no cargo un ano e medio, non sete anos. Expón que tamén lle pode dicir outra cousa, que respecto da petición para colocar pasos de peóns na estrada de Cecebre, el é o primeiro en querelos, e tenos pedido, e insiste sobre o asunto, e insiste tamén na rotonda que teñen que facer na estrada do Espírito Santo. Conclúe dicindo que non lle cae en saco roto, pero que leva gobernando un ano e medio, non sete anos, así que lle pide ao Sr. Taibo que non esqueza iso.

3º Na acta da Xunta de Goberno, do día 7 de xaneiro de 2013 o concelleiro de Réxime Interior comenta que informou á representante dos laborais do sindicato UGT dos incidentes ocorridos na tramitación do obradoiro de emprego, solicitamos se informe de cales foron os incidentes.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, manifesta que como xa comentou na xunta de voceiros e nas comisións informativas, ten dúas preguntas sobre o mesmo asunto e que tentará contestar as dúas.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, informa que o seu grupo vai retirar a súa.

Don Felipe Andreu Barallobre di que, de todos os xeitos, tentará contestar ás dúas preguntas xuntas. Explica que o que houbo foi unha impugnación á selección do director, e que a partires desa impugnación teñen noticia de que a Xunta abriu unha investigación, en canto se resolva, daranlle traslado do resultado a quen lle interese, que el supón será a todos.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 830 o día 25 de xaneiro de 2013, xunto coas preguntas para este pleno.

1º Ante a situación creada polo recente temporal e intensa choiva, que provocaron inundacións e o desbordamento do río Mero, sobre todo no lugar da Ponte en Cela, causando danos e perigo para persoas e para os seus bens materiais.

Por isto o grupo de EU prega ao goberno tome as medidas necesarias para realizar unha avaliación sobre as zonas afectadas e determinar accións preventivas para as zonas inundables co fin de evitar futuros danos.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que xa tiveron unha reunión con Augas de Galicia cando comezou o desprendemento na parte da ría, na Ponte, en Cela, e agora tamén tiveron reunións polo tema das inundacións. Di que os técnicos de Augas de Galicia están facendo un informe sobre o tema, e que eles formuláronlles algunhas alternativas. En principio, xa está en estudo, pero non sabe nada concretamente que lle poida dicir.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que lle parece ben que se teña coñecemento destes temas e que se transmitan ás administracións con competencias no problema. Expón que é un tema que non se debe esquecer, porque todos comprobaron que se fixo unha rexeneración do río, que se fixo unha grande obra no sedimento do río Mero, pero a xuízo de moitas persoas houbo cousas que quedaron mal, xa que houbo meandros que se destruíron e as correntes agora son distintas a como eran antes.

Por outra parte, quen sexa competente, non sabe se é Augas de Galicia, debería apercibir aos veciños e ao propio concello, non sabe se o fan, de cando se van abrir as

comportas. El non sabe cando se abren esas comportas, se cando está a marea baixa ou con marea chea, pero agora hai marea chea e están as comportas abertas, e a auga non ten por onde tirar, non ten sitio por onde ir, polo tanto, prodúcense máis inundacións. El imaxina que serán conscientes diso, ao mellor haberá que abrilas cando haxa marea baixa, pero pide que polo menos haxa un aviso ao concello, para que este o poida anunciar nos paneis ou por outros medios, e sobre todo ás persoas afectadas, xa non vai dicir que metan un sinal como o que hai noutros lugares, onde existen uns sinais que aperciben cando se vai a abrir a présa.

Conclúe dicindo que sobre todo quere que se teñan en conta os meandros que se destruíron e as correntes que agora son distintas a como eran antes, porque por iso se destrúen os noiros como pasou en Cela, pero o máis grave é que tamén destrúen algunhas vivendas e bens dos veciños.

2º Coa finalización das obras de remodelación do Campo da Feira, existen ao noso xuízo varias deficiencias corrixibles, unha destas é a carencia de bancos para poder sentarse.

Pregamos ao goberno realice un estudo técnico e instale este tipo de mobiliario urbano, tentando non alterar o contorno nin as actividades habituais do propio campo.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que están á espera de que se faga o reparto dos postos da feira, para ver como vai quedar iso montado, e poder poñer bancos naqueles sitios onde non vaian entorpecer o funcionamento da feira.

3º En varios lugares do concello, existen contedores situados cerca dos pasos de peóns que impiden unha visión clara da calzada, tanto a condutores como ás persoas que cruzan as rúas ou estradas, supoñendo un perigo e risco de accidentes que se agrava no caso de persoas maiores con dificultade de mobilidade, sobre todo as que circulan en cadeiras de rodas, acentuándose o perigo de atropelo nas esquinas e intercesións.

Esta denuncia xa ten sido tratada con anterioridade, sen que se teña realizado un estudo e sen que se tomaran as medidas para corrixir a situación de risco permanente sobre todo nas zonas máis urbanizadas e de maior circulación.

Por isto o noso grupo prega que con urxencia se tomen as medidas correctoras para dar solución ao grave problema.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que hai uns días na Policía local dixéronlle que xa estaban ultimando o informe dos pasos de peóns, contedores e todo ese tema, de feito, esta semana tiña previsto ir, xunto co inspector da Policía local, a facer unha rolda de visitas, pero non lles foi posible, uns días por un e outros por outro. Agarda facelo a vindeira semana, para ir tratando de resolver os problemas que hai. En todo caso, di que algún dos problemas que se teñen denunciado no pleno, xa se foron resolvendo os días de atrás.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que, efectivamente, algún dos problemas xa se corrixiron, problemas que eles levaron ata dúas veces a pleno, por exemplo, por fin na rúa Estanque están situados os contedores de lixo no lugar que lles corresponde.

Sobre o estudo da Policía local, di que xa é a segunda vez que llo di, a ver se á terceira vai a vencida. Explica que eles tamén fixeron un pequeno percorrido, porque eles tamén traballan, non vai insistir no tema de cobrar, pero que saiban que eles tamén están na Corporación para facer o seu traballo, e non cobran como don Manuel Marante.

Segue dicindo que na rúa Luis Seoane os contedores están colocados no sentido contrario a onde tiñan que estar, e o mesmo na rúa Ánxel Fole, na rúa Otero Pedraio ou na rúa Francisco Rodríguez, e na urbanización da Barcala xa non di nada, en moitísimos sitios. Di que é suficiente con ir fixándose un pouco, hai un paso de peóns e os contedores adoitan estar no sentido contrario a onde deberían de estar, co perigo de que cando cruza unha persoa a poden atropelar, sobre todo como di o rogo, cando vai en cadeira de rodas, ou tamén se é un neno, porque aos nenos non se lles ve.

Conclúe dicindo que estas cousas son importantes, porque están a falar da seguridade das persoas.

Don Manuel Marante Gómez di que está totalmente de acordo en que hai que corrixir esas cousas, pero iso de que o ve todo o mundo, non será tan así, porque quen os puxo aí non o debeu de ver. En todo caso, están de acordo, e di que el vai tentar resolver o asunto o antes posible, pero xa dixo que antes teñen que facer un percorrido por todos os sitios.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 885 o día 28 de xaneiro de 2013, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Segundo puido constatar o grupo municipal do BNG, existe en numerosos veciños da praza Manuel Murguía e arredores, malestar polos novos elementos do mobiliario público instalado na dita praza, que teñen a función tanto de impedir o tráfico rodado e o estacionamento de vehículos na dita praza como a de ser utilizados como asentos polos cidadáns.

Estes veciños quéixanse de que máis alá de ser antiestéticos, son potencialmente perigosos para os numerosos cativos que fan da dita praza un lugar de recreo e esparexemento.

Dende o BNG rogamos:

Se informe do procedemento seguido para colocar os ditos bancos-bolardos na praza, de se cumpren todas as normativas en materia de seguridade e contan cos informes técnicos oportunos para a súa instalación.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, explica que a obra que se fixo na praza de Manuel Murguía, fíxose con cartos que lles sobraron do proxecto Arume, a través dunha memoria valorada que redactou o técnico municipal, e onde deixou reflectida a colocación dos bancos e o tipo de banco que se quería colocar, polo tanto, di que nese sentido entenden que cumpren con todas as normativas de seguridade, e que non teñen por que ser potencialmente perigosos para os cativos.

Dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, pregúntalle á Sra. concelleira se ela pasou por alí, e dille que iso non son bancos, que chamarlle banco a aquilo é moito, son unhas pedras, frías no inverno e moi quentes no verán, polo que alí non se vai poder sentar ninguén. É certo que impiden un dos problemas que había, iso non o dubidan, pero aquilo de banco non teñen nada, porque non teñen respaldo e non teñen nada, o que teñen son unhas arestas, e a concelleira como política pódelle dicir o que queira, pero como nai sabe que non o pode dicir, porque aquilo é un perigo para calquera cativo que pase por alí, con patíns, con bicicleta, cara ao paseo marítimo, xa que é unha zona de paso das nais con nenos e das persoas maiores.

Conclúe dicindo que seguramente non os deseñou a concelleira, pero, en todo caso, que saiba que o BNG trouxo este rogo porque a xente do Graxal está enfadada con esas pedras, que é como lles chaman, pedrolos, e están recollendo firmas para que se retiren.

Dona Rocío Vila Díaz di que a cuestión estética non a van a discutir porque acabaría discutindo con case toda a Corporación, incluídos os seus propios compañeiros, pero di que ese tipo de bancos están instalados noutros lugares, como por exemplo na praza do doctor Enrique Piñeiro, que é un concepto parecido, o propio murito da igrexa que tamén é un concepto parecido. Respecto da perigosidade, e como nai, evidentemente poden ser perigosos, pero como calquera outro elemento urbano, é dicir, que o seu fillo é o primeiro que se sube ao murito da igrexa para percorrelo todo, e ou lle das a man, ou en calquera momento cae, polo tanto di que si, que teñen esa perigosidade, pero que como calquera outro elemento urbano. Por exemplo, un banco con respaldo para un neno segue sendo perigoso, porque se é como o seu fillo, pódese subir ao respaldo e, se quere, tirarse abaixo, así que a perigosidade é relativa.

Dona M^a Victoria Amor Prieto di que ela non fala da perigosidade de que se suba un neno, iso xa é problema dos seus pais ou da persoa que o vixía, ademais que todos se subiron, todos se caeron e non pasou nada, polo tanto tampouco van ser uns alarmistas, ao que ela se refire é á perigosidade de calquera neno, ou dunha persoa maior, que vai andando, cae e dá contra esas esquinas, porque hai moitísimos e teñen unhas arestas importantes. Non se refire a que se poidan subir a eles, porque loxicamente ela pasa por alí e non se vai subir, pero é un lugar onde están xogando os nenos, pódense dar un pelotazo e caer contra o banco, e son perigosos.

2º O pasado mes de setembro o BNG trasladaba ao pleno municipal, ao abeiro das obras na praza Manuel Murguía das que acabamos de facer mención no rogo anterior, a petición da instalación dunhas papeleiras na rúa Constitución e rúas colindantes.

Dende o BNG rogamos:

Se informe de por que non se acometeu aínda tal actuación e se proceda a ela á maior brevidade.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que as papeleiras xa as teñen no almacén, pero que non puideron poñelas por falta de persoal, porque a xente que teñen na brigada de obras é mínima. Di que a xente que viña do Inem en anos anteriores, este ano non veu, só viñeron catro persoas, cando pedían vinte e pico, e por riba non lles valen para isto. En todo caso, e como dixo antes, xa as teñen no almacén, e no momento que poidan facelo, van distribuír unhas poucas por toda a zona urbana.

Dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, sinala que os veciños que viven na zona lle estarán todos moi agradecidos.

3º Afirmo o goberno municipal que en non máis de 15 días disporá dunha copia do borrador do inventario municipal entregado pola empresa encargada de tal cometido.

Dende o BNG rogamos:

Se lle entregue unha copia ao conxunto da Corporación e se realice cos representantes dos diversos grupos municipais e axentes sociais unha reunión informativa e explicativa, de carácter aberto, do dito inventario.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, expón que a próxima semana cre que xa se lles poderá pasar a todos un cd coa documentación, ademais, se lles parece ben, e dado que se vai reunir a Comisión de Urbanismo para falar dos temas do polígono, poden aproveitar para marcar aí unha reunión para falar do inventario de camiños.

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 846 o día 26 de xaneiro de 2013, xunto cos rogos para este pleno.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, di de antemán, que sobre esta primeira pregunta, posiblemente o seu grupo presentará algún tipo de iniciativa nalgún pleno proximamente.

1ª Nos meses pasados vense de poñer en marcha polo noso concello a recadación do imposto autonómico do canon da auga, que se vén cobrando no mesmo recibo que o servizo de subministración de auga. En concreto, a teor do padrón da taxa de auga potable e rede de sumidoiros, publicado no BOP do 21 de xaneiro de 2013, o importe a recadar dos veciños de Cambre por este concepto tributario é de 110.395,31€, cantidade só referida ao cuarto trimestre de 2012. Tendo en conta que estamos a falar dunha recadación de ao redor de 440.000€ anuais, cantidade que obrigatoriamente terá que ser transferida á Xunta de Galicia, o grupo municipal dos socialistas de Cambre pregunta:

Que xestións se teñen pensado facer diante do goberno autonómico para que ese diñeiro retorne a Cambre e repercuta na mellora dos servizos de auga e saneamento do noso concello?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que a propia lexislación de augas marca, no seu artigo 44, que a recadación que se obteña do canon verase afectada ao desenvolvemento de programas de gastos a nivel xenérico, polo tanto, a súa intención é poñerse en contacto coa Xunta, e de feito xa faláron con eles, polo tema da auga. A día de hoxe só levan seis meses recadando ese canon, non teñen ningún programa feito nin teñen, polo momento, lugar onde situalo, polo tanto, seguirán en contacto coa Xunta para saber como llelo van repercutir a eles en concreto.

Don José Manuel Lemos Seoane dille que é perfecto, que eles o único que din, á vista dos datos que acaban de ler, datos que están publicados e son reais, cunha contía que é importante, é que entenden que dende o equipo de goberno se debe estar á procura de que eses cartos, se non é na súa totalidade, a maior parte, retornen e dean servizo aos veciños de Cambre.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que iso non o dubide.

2ª A mediados do pasado ano aprobáronse as bases da convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida, para o exercicio 2012. Transcorridos uns meses da súa posta en marcha este grupo pregunta:

Cantos veciños resultaron perceptores desta axuda e cal foi o importe da axuda aboado a cada un deles?

Dona Mª Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que o número de solicitudes que recibiron en asuntos sociais foron dez, das cales tres foron rexeitadas por falta de documentación que non chegaron a entregar. Os sete beneficiarios percibiron cada un deles uns 500 euros, e o gasto non foi igual en todas as persoas, pois cada un utilizou o que precisou. En xeral, dixéronlles que era unha axuda importante, pero que non a utilizaron toda porque foi moi pouco tempo.

3ª Denuncian veciños de Cecebre o mal estado no que se atopa a beirarrúa que transcorre todo ao longo do camiño que dende o cruzamento de Frais vai a Apeadeiro. Ribazos caídos sobre ela, maleza que a invade e rexistros de pluviais atascados é o que se pode observar a simple vista. Por todo iso, e tendo en conta que esta é unha reclamación recorrente cada ano, este grupo pregunta:

Por que por parte da Concellería de Obras non se fai un plan de mantemento periódico desta infraestrutura viaria?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que o ano pasado reparouse toda esa beirarrúa nun proxecto repartido con outras obras máis. O problema é que esa beirarrúa é moi estreita, e claro, hai terreos que quedan máis elevados que a beirarrúa e cae o noiro para abaixo, polo tanto, di que o que poden

facer cando pase iso, é avisalos, e eles irán alí e quitarán a terra, pero insiste en que é tan estreitiña que é complicadísimo, porque habería que facer muretes de contención en todo caso.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, con independencia de que sexa estreita, é a única posibilidade que teñen os veciños da zona para circular por esa vía dun xeito seguro. Con independencia de que haxa ribazos case en vertical, que están sobre a beirarrúa, non estaría de máis que se fora falando cos veciños para achafranar un pouco, e que o ángulo deses ribazos fose máis curto, co cal si que se impediría que a terra caese alí.

Conclúe dicindo que un problema que se pode atallar, e que é obrigado que se atalle con toda celeridade, é o tema dos rexistros de pluviais, porque el estivo por alí hai unha semana, e están todos absolutamente atascados con restos de follas e demais, polo que a auga discorre pola estrada e métese nalgunhas casas, é algo a ter en conta, e parécelle un tema bastante urxente.

Preguntas de UxC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 843 o día 26 de xaneiro de 2013.

1ª Despois das distintas noticias en prensa referentes á colaboración entre os Concellos de Cambre, Culleredo e Oleiros respecto do servizo de Protección Civil e Emerxencias, despois que o grupo municipal de UniónxCambre con data 8 de setembro de 2011 pedise por rexistro ao goberno municipal que solicitase ao Consorcio das Mariñas un estudo referente a mellorar o servizo de Protección Civil, Emerxencias e Bombeiros, despois de agardar 4 meses sen resposta, preguntamos:

- que xestión se realizou ante o Consorcio das Mariñas?
- que xestión se realizou cos Concellos de Culleredo e Oleiros? e, cal é a causa de negociar só con estes dous concellos e non co Consorcio?

O Sr. alcalde dille ao voceiro de UxC que supón que xa esgotou a súa cota de preguntas, xa que fixo catro en unha.

Continúa dicindo que no ano 2009 o xefe de Protección Civil local tivo unha boa idea, e el ten que darlle os seus parabéns porque a idea foi del, a idea e o proxecto para levala a cabo. Nese ano 2009 parece ser que ninguén lle fixo caso, así que agora expúxollo a el. El falou do tema co presidente do Consorcio, verbalmente, e o presidente díxolle que xa había concellos que tiñan parque de bombeiros, polo tanto, non sabía como ían unificar o tema, e que lle parecía mellor facer como dicía o xefe de Protección Civil de Cambre, falalo entre os concellos limítrofes que se poderían axudar para manter un servizo de 24 horas.

Así pois, el comentoullo a David Pisani, e David Pisani púxose en marcha. Falou cos responsables de Protección Civil de Oleiros e Culleredo, tivo unha reunión previa e logo el, como alcalde, tivo unha reunión cos tres no concello. Dado que Cambre vai facer un centro de protección civil mentres que que outros o teñen en moi en precario,

decidiron fixar unha reunión informal para tomar decisións e ver como se podían complementar os tres servizos de protección civil.

Segue dicindo que o asunto é ese e non hai máis, e se logo hai que presentalo no Consorcio, pois xa se fará, pero é unha reunión para tratar de facer esa xestión e que haxa servizo as 24 horas entre os tres centros de protección civil, se logo se unen os demais concellos, pois será outra historia, pero aínda está incipiente. Explica que esta reunión que estaba prevista para o día 24 de xaneiro, tívose que suspender porque David Pisani foi pai, e van convocala de novo en breves datas.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pregunta se a reunión que tivo foi cos tres xefes do servizo ou cos tres alcaldes.

O Sr. alcalde contesta que cos tres xefes, pero tamén falou persoalmente cos alcaldes de Oleiros e Culleredo e o que lle manifestaron foi que cando a idea estivera plasmada, llela comentase, e que para eles excelente.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, di que quere aclarar unha cousa, que non lle vai sacar o mérito ao xefe do servizo de emerxencias, David Pisani, no que se refire a esa manifestación de que no 2009, xa era unha idea súa e que se puxo en contacto cos departamentos para tentar consorciar ou chegar a unhas vías de colaboración entre os distintos concellos, co fin de que o servizo de emerxencias mellorase. Non obstante, di que xa no ano 2004 ou 2005, e se van á hemeroteca poderán comprobalo, esa xa foi unha iniciativa que presentou o que lles fala, e que non mereceu nese momento a atención por parte dos Concellos de Culleredo e Oleiros, se ben consideraban que, tendo en conta a que era a localización do servizo de emerxencias de Cambre na cabeceira da ría, podería haber un perfecto servizo tanto ao concello de Oleiros como ao de Culleredo.

Polo tanto, di que sen desmentir a xestión que fixo David Pisani, si houbo xestións anteriores para tentar levar ese proxecto a cabo, e haberá que ir á hemeroteca con declaracións súas e declaracións dos alcaldes de Culleredo e Oleiros, non aceptando a proposta porque consideraban que o servizo de emerxencias o tiña que prestar adecuadamente o servizo de bombeiros instalado en Arteixo, que era o cabalo de batalla, nese momento, da localización do parque de bombeiros en Arteixo.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, di que, en todo caso, el quería valorar que, polo que están expresando, están todos máis ou menos de acordo.

O Sr. alcalde manifesta que el entende a situación, e non vai entrar en valoración de se foi no ano 2005 ou 2006, a el díxolle David Pisani que foi no 2009, e el non estaba na Corporación nesas datas, polo que non vai entrar niso. Di que a el simplemente lle fixo unha pregunta UxC, el respondeu como foron os acontecementos, e os pasos a seguir van nese sentido. Todos están de acordo e todos felices de que oxalá se leve a cabo, porque os bombeiros están en Arteixo e se teñen un incidente no polígono industrial do Espírito Santo, pois igual cando chegan a nave está no solo.

2ª Para cando ten pensado o goberno municipal traer a pleno os orzamentos de 2013?

Dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que no mes de febreiro.

3^a O 18 de xullo de 2011, o grupo municipal de UniónxCambre solicitou ao goberno municipal os proxectos para a construción de beirarrúas en: A Telva, Aián en Sigrás, A Patiña, Brexo-Lema e Catro Camiños, Cecebre.

Despois de ano e medio, en que situación se atopan estes proxectos?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que o proxecto da Patiña e Brexo-Lema está na Deputación, están pendentes de estaquillar o tramo. Di que estiveron estes días de atrás e na última tempada, con técnicos da Deputación, tentando axilizar ao máximo ese tema. As noticias que ten por parte do Sr. alcalde é que probablemente se licitará na primavera.

Con respecto á Telva, Aián e Catro Camiños, Cecebre, di que xa dixo no pleno pasado que teñen encargadas unhas memorias valoradas de todo o percorrido da AC-214 e AC-221 por Cambre, dende Aián ata a Mota, e dende o Muíño ata o encoro de Cecebre. Agarda telas o mes que vén, porque xa llas ían dar en decembro, en decembro díxeronlle que en xaneiro, pero de momento non llas deron, daránlles para o mes que vén. Cando teñan todo no concello, poderán velo sen ningún problema.

Explica que son unhas memorias valoradas, despois, sobre ese proxecto, hai un compromiso do Sr. alcalde co presidente da Xunta, para ir facéndoo por tramos, e sendo costeado pola Xunta, xa que son proxectos onde van incluídos todos os servizos: beirarrúas, saneamentos onde fan falta, pasos de peóns, etc.,...

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 830 o día 25 de xaneiro de 2013, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1^a Pode informarnos o goberno do motivo ou motivos que impiden levar a cabo o proxecto de acondicionamento da ponte do Burgo e da glorieta do Paraugas?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que dende o concello se remitiu ao servizo de Patrimonio Cultural un informe dos técnicos municipais, onde queda reflectido o estado de deterioración no que se atopa O Paraugas nestes momentos. Están á espera de que Patrimonio conteste, é o que lle pode comentar, porque o proxecto é da Xunta.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que, efectivamente, teñen coñecemento do informe, e habería que felicitar ao técnico que o fixo, porque é un informe moi completo e didáctico. Son conscientes de que hai un problema co Paraugas, co seu traslado e coa descatalogación, pero o que din é que van mal de tempo, porque levan dous ou tres meses falando do tema e o que non entende é como poden estar empantanados sen levar a cabo unha obra que todos consideran de máxima urxencia, especialmente tendo en conta como está agora a ponte do Burgo, que está case intransitable estes días.

O Sr. alcalde manifesta que quizais el lle poida explicar algo máis para que quede constancia, porque seguramente o vaian ver mañá na prensa, xa que é algo que lle preguntou unha xornalista esta mañá á xefa territorial, dona Belén do Campo, que fixo unha visita ao obradoiro de emprego. Di que a obra paralizouse precisamente por culpa do Paraugas, porque había que trasladalo e no estado no que está non era posible. Iso é o que manifestou a empresa que ten adxudicada a obra, e a Xunta pensou en principio en facer un modificación da rotonda para tratar de esquivar o Paraugas, pero que el cre que no estado no que está o Paraugas, que é ruinoso segundo o informe de laboratorio que teñen todos, pois o que habería que facer é declaralo en ruína e, como é un ben etnográfico, facer unha réplica exactamente igual.

Explica que remitiron todo o asunto, xunto co informe do laboratorio, á Xunta de Galicia e a Patrimonio cultural, e que claro, que Patrimonio cultural ten os seus prazos. e aínda que eles poden insistir, o que remite todo o proxecto ao estudo é a Xunta de Galicia. Di que eles o que poden é facer forza dende o concello, é máis, cre que é o próximo día 6 cando ten unha reunión da Comisión de Patrimonio cultural, e vai preguntar polo tema.

Conclúe dicindo que é certo que están fóra dos prazos fixados. A empresa non é responsable deses prazos, por iso posiblemente a Xunta llos alongue, ou ao mellor lle rescinde o contrato, non o sabe, pero a situación é a que lles contou.

Don Luis Miguel Taibo Casás dálle as grazas ao Sr. alcalde e di que lle parece ben que se faga a forza que sexa precisa dende Cambre, pero tamén di que, posto que esa é unha actuación na que interveñen varias administracións, entre elas o Concello de Culleredo, pois non estaría de máis que ese outro concello tamén presionara pola súa banda para que se leve a cabo a obra, posto que tamén lle inflúe directamente.

O Sr. alcalde manifesta que o Concello de Culleredo é coñecedor destes temas, porque van os dous da man.

Don Luis Miguel Taibo Casás expón que, con respecto ao Paraugas, están de acordo, e o seu grupo así o entende, en que é un ben irrecuperable polo estado de deterioración no que se atopa, así o teñen manifestado e así o seguen manifestando, polo que apostan porque se faga unha reprodución coas mesmas medidas para colocala nesa zona, como un punto de referencia dos máis importantes de Cambre.

2ª Ten previsto o goberno algún proxecto de actuación, co fin de corrixir o problema pola carencia de iluminación pública no acceso á rúa Freixo na parroquia de Cela?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que van tratar de resolvelo neste ano, dentro do proxecto de mellora de eficiencia enerxética do que faláron antes. Di que na liquidación tentará meter ese treito de rúa.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que lle parece ben, porque ademais está seguro de que o Sr. Marante coñece ben ese treito. É un dos tramos máis escuros que ten o Concello de Cambre, na vía principal de acceso a unha urbanización onde moitísima xente, sobre todo rapaces e persoas maiores, teñen que

dar unha volta terrible para acceder ás súas vivendas. Di que cre que é un dos sitios máis penosos que ten o Concello de Cambre, polo que, tanto el como os veciños, agradecerían que decidan dotar de iluminación a ese pequeno espazo.

3ª Transcorridos dous meses do lamentable accidente dun neno na praza Manuel Lugrís, na actualidade non se teñen tomado medidas para corraxir a situación de perigo pola deficiente protección da varanda situada na dita praza.

Que determinación pensa tomar o goberno respecto da seguridade na dita praza?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, di que cre que no mes de marzo vai quedar resolto, como moito quedará resolto en dous meses.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que para rematar quere dicir que se alegra moito de que o compañeiro Santiago xa estea recuperado, e tamén desculpar á súa compañeira Olga, que nunca o alcalde se lembra de desculpala, e que non pode asistir aos plenos por motivo de estar de baixa.

O Sr. alcalde dille que ten razón, e que tampouco se lembrou de darlle a benvida de novo ao seu compañeiro Santiago. Dille ao voceiro de EU que agarda que a súa compañeira Olga se encontre ben.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 885 o día 28 de xaneiro de 2013, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1ª Coas recentes chuvias vén de producirse a conseguinte enchente do río Mero (ningún dos feitos achacable á xestión do goberno municipal). Veciños das zonas próximas ao leito do río e ás súas ribeiras sinalaron nos medios de comunicación falta de previsión na apertura das comportas do encoro de Cecebre á hora de tentar minimizar os efectos do aumento da auga en depósito como consecuencia das chuvias.

Tense recabado información ou realizado algunha xestión diante do organismo competente para tentar determinar a existencia real do problema e buscarlle solución?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que loxicamente esa é unha competencia de Augas de Galicia e Emalcsa. Explica que cando chove, en condicións normais, o que adoita soltar o encoro son 10 metros cúbicos por segundo, nestes días das inundacións, a pesares de que entraban 50 metros cúbicos por segundo, soltábanse 40. Di que o encoro está ao redor do 60% da súa capacidade, e que os técnicos saberán ata que punto poden xogar con ese tema, porque se o teñen moi baleiro pode pasar que dentro dun mes ou dos non chova e despois haxa problemas no verán, ou ao contrario, se está moi cheo e vén un temporal moi forte, pois pasa o que pasa, que hai inundacións.

Segue dicindo que eses organismos son os responsables, son os que fan os estudos metereolóxicos para que iso funcione facendo o menos dano posible, pero sempre hai

altercados cando hai un temporal forte de choiva. Explica que cando hai unhas previsións metereolóxicas moi, moi adversas, si que se poñen en contacto co concello, pero en condicións normais non, e, efectivamente, sobre todo os veciños que están metidos na zona da Ponte en Cela ou os do Caneiro, teñen problemas dende sempre, porque son zonas inundables. Antes fixeron referencia aos meandros, pois ben, dos meandros que hai alí tense falado, para ver se as augas descorren con máis velocidade e todas estas cousas, para ver se poderían varialos, pero Augas de Galicia non está polo labor, e polo momento iso é o que hai.

Conclúe dicindo que os que están en zonas inundables, cando ven que se achega un temporal destes, terán que estar, loxicamente, atentos. Di que esta vez inundouse a casa esa que saíu na prensa, o problema foi que o río ao subir entroulle á casa polos desaugadoiros que tiñan no muro para botar fóra a auga do que chovía. Ese é o problema de estar pegado ao río.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, di que están falando dun tema moi sensible, como é a inundación dun lugar onde vive determinada xente. El entende que é lóxico que esas persoas, na súa situación, pensen que se podían facer as cousas mellor. Tamén ve que é lóxica, un pouco, a resposta de Emalcsa, porque ten as oficinas na Coruña e el cre, por moitas cousas, que Cambre realmente non é que lle importe demasiado.

Di que Emalcsa é quen ten a potestade para este tipo de cuestións, para determinar cando se abren ou deixan de abrir as comportas da présa, e, loxicamente, eles teñen uns técnicos e toman as decisións con base en determinados parámetros. A pregunta que dende o Bloque están a facer é se é posible, ben falar con Augas de Galicia, ben coa Confederación Hidrográfica, o que sexa, para ver se realmente se está facendo todo o posible. Fálabase das mareas, da previsión que poida haber, pero do que se trata é de afinar na medida do posible un pouco máis, para ver que danos se poden evitar, porque moitas veces xa non é tanto a cuestión monetaria, senón a molestia que ten supor para eses veciños, polo tanto, se eles ven, que sen gastar cartos, é posible recorrer a outros organismos públicos para cercionarse de que se está facendo todo o humana e tecnicamente posible para minimizar os danos, pois que se faga. Explica que di isto porque un pouco a imaxe que eles mesmos teñen como grupo político é que Emalcsa se limita un pouco a ir sobre o papel, e evidentemente eles terán todo perfectamente calibrado e xustificado, pero se fose posible ter un pouco máis de previsión, pois que se intente, que se intente dende o concello defendendo aos veciños.

2ª Cales foron os incidentes ocorridos na tramitación do último obradoiro de emprego?

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, di que a segunda pregunta decae posto que xa foi formulada polos compañeiros de UxC e respondida polo goberno municipal, polo que pasa á terceira.

3ª Vén de anunciar o goberno municipal que a partires de agora en calquera proceso de selección de persoal no que interveña o concello pagaranse anuncios na prensa, entendemos que escrita. Sendo este un procedemento reglado para determinadas actuacións:

Non considera o goberno municipal que quizais un esforzo nas redes sociais, páxina web, base de correos electrónicos, paneis informativos, notas en instalacións municipais, e o envío de notas de prensa aos propios medios de comunicación, poderían aforrar o dito gasto?

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, contesta que os medios alternativos que se propoñen polo BNG xa se veñen utilizando en todas as convocatorias, pero eles detectaron que a pesar de facer eses esforzos cada vez que hai algún tipo de convocatoria, e que se fan tanto nas redes sociais, como na páxina web, nos paneis informativos ou mandando notas de prensa, o medio máis eficaz que teñen ao seu alcance, son os diarios de maior difusión que hai na provincia. O certo é que non sempre as noticias que eles envían dende o concello se cubren da mellor forma nos medios de comunicación, por iso buscaron unha forma de garantir que haxa a posibilidade de que todos os veciños e, sobre todo, todos os parados, teñan información sobre as convocatorias que fai o Concello de Cambre e as posibilidades que teñen de acceder a un posto de traballo, ou a un curso de formación dos ofertados polo concello. Creron que era conveniente facer un anuncio en prensa, para darlle a maior difusión posible.

Conclúe dicindo que eles asumen que iso vai ter un custo, pero o certo é que, polo menos este ano, e seguramente o vindeiro ano, van ser poucas as posibilidades que terán de ofertar emprego público, así que supón que será un gasto asumible para as arcas municipais. En todo caso, é unha cuestión de favorecer e permitir que todos os cidadáns, todos os veciños, coñezan os procedementos de selección.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M^a Luisa de la Red Ampudia